

# CENTRO PÚBLICO INTEGRADO PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO



## PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Elaborado por: Javier Pla Tolós

Data: Abril 2024

Firma:



Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais.

Aprobado por:

Data:

Firma:

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

## ÍNDICE

|   |    |
|---|----|
| ÍNDICE.....   | I  |
| 0. INTRODUCCIÓN.....  | 1  |
| 0.1. OBXECTO E OBXECTIVOS .....   | 1  |
| 0.2. ALCANCE .....  | 2  |
| 0.3. DEFINICIÓNS.....   | 3  |
| 0.4. ESTRUTURA DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....   | 7  |
| 0.5. NORMATIVA DE APLICACIÓN.....   | 8  |
| 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E EMPLAZAMENTO DA ACTIVIDADE .....  | 9  |
| 1.1. DIRECCIÓN POSTAL DO EMPLAZAMENTO DA ACTIVIDADE. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE, NOME E/OU MARCA, TELEFONO E FAX .....  | 9  |
| 1.2. IDENTIFICACIÓN DO TITULAR DA ACTIVIDADE .....  | 9  |
| 1.3. IDENTIFICACIÓN DO DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DO DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACION EN EMERXENCIA.....   | 9  |
| 2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE.....  | 10 |
| 2.1. DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS OBXECTO DO PLAN .....  | 10 |
| 2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO OU ESTABLECEMENTO, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS ÓNDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES OBXECTO DO PLAN.....   | 10 |
| 2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS .....   | 31 |
| 2.4. DESCRICIÓN DO ENTORNO URBANO, INDUSTRIAL OU NATURAL NO QUE FIGURAN OS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE.....                                     | 32 |
| 2.5. DESCRICIÓN DOS ACCESOS. CONDICIÓNS DE ACCESIBILIDADE PARA A AXUDA EXTERNA .....  | 33 |
| 2.5.1 DESCRICIÓN VIAS DE ACCESO .....   | 33 |
| 2.5.2 DESCRICIÓN VIAS DE ACCESO AO RECINTO .....  | 34 |
| 2.5.3 DESCRICIÓN ACCESIBILIDADE DE FACHADAS .....   | 35 |
| 2.5.4 DESCRICIÓN DE ACCESOS Ó EDIFICIO .....  | 37 |
| 3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS .....   | 41 |
| 3.1. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DOS ELEMENTOS, INSTALACIÓNS QUE POIDAN DAR ORIXE A UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU INCIDIR DE MANEIRA DESFAVORABLE NO DESENVOLVEMENTO DA MESMA ..... | 41 |
| 3.1.1. INSTALACIÓNS DE RISCO E SERVIZOS PROPIOS DA ACTIVIDADE.....  | 41 |
| 3.1.2. INSTALACIÓNS E/OU PROCESOS ALLEOS A ACTIVIDADE .....   | 43 |
| 3.2. IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE E DOS RISCOS EXTERNOS QUE POIDAN AFECTARLLE .....   | 44 |
| 3.2.1. IDENTIFICACIÓN E INVENTARIO DE FACTORES DE RISCO, INTERNOS E EXTERNOS .....  | 44 |

|            |   |           |
|------------|---|-----------|
| 3.2.2.     | ANÁLISE E AVALIACIÓN DE FACTORES DE RISCO EXTERNOS .....  | 47        |
| 3.2.3.     | RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE .....  | 51        |
| 3.2.4.     | ANÁLISE E AVALIACIÓN DAS CONDICIÓN S DE EVACUACIÓN .....  | 57        |
| 3.2.5.     | IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS TANTO AFECTADAS POLA ACTIVIDADE COMO ALLEAS .....  | 69        |
| 4.         | <b>INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN .....</b>   | <b>70</b> |
| 4.1.       | INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS QUE DISPÓN A ENTIDADE PARA CONTROLAR OS RISCOS DETECTADOS, ENFRONTAR AS SITUACIÓN S DE EMERXENCIA E FACILITAR A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIA ..... | 70        |
| 4.1.1.     | MEDIOS HUMANOS .....  | 70        |
| 4.1.2.     | MEDIOS MATERIAIS .....  | 71        |
| 4.1.2.1.   | DETECCIÓN E ALARMA .....  | 71        |
| 4.1.2.1.1. | SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE ALARMA .....   | 71        |
| 4.1.2.2.   | SISTEMAS CONTRA INCENDIOS .....   | 72        |
| 4.1.2.2.1. | EXTINTORES PORTATILES .....   | 72        |
| 4.1.2.2.2. | BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS .....   | 74        |
| 4.1.3.     | ALUMEADO DE EMERXENCIA .....  | 75        |
| 4.1.4.     | SINALIZACIÓN .....  | 76        |
| 4.2.       | MEDIDAS E MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS DISPOÑIBLES EN APLICACIÓN DAS DISPOSICIÓN S ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE .....   | 77        |
| 4.2.1.     | MEDIOS HUMANOS .....  | 77        |
| 4.2.2.     | MEDIOS MATERIAIS .....  | 78        |
| 5.         | <b>PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓN S .....</b>  | <b>79</b> |
| 5.1.       | MANTEMENTO PREVENTIVO DE INSTALACIÓN S DE RISCO QUE GARANTE O CONTROL DAS MESMAS .....  | 79        |
| 5.2.       | DESCRICIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN S DE PROTECCIÓN QUE GARANTE A OPERATIVIDADE DAS MESMAS .....  | 82        |
| 5.3.       | REALIZACIÓN DAS INSPECCIÓN S DE SEGURIDADE DE ACORDO CON NORMATIVA VIXENTE .....  | 87        |
| 6.         | <b>PLAN DE ACTUACIÓN S ANTE EMERXENCIAS .....</b>   | <b>89</b> |
| 6.1.       | IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS .....  | 90        |
| 6.1.1.     | EN FUNCIÓN DO TIPO DE RISCO .....   | 91        |
| 6.1.2.     | EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE .....   | 93        |
| 6.1.3.     | EN FUNCIÓN DA OCUPACIÓN E DISPOÑIBILIDADE DE MEDIOS HUMANOS .....   | 94        |
| 6.2.       | PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN S ANTE EMERXENCIAS .....   | 95        |
| a          | DETECCION E ALERTA .....  | 97        |
| b          | MECANISMOS DE ALARMA .....  | 98        |
| b.1.       | IDENTIFICACIÓN DA PERSO A QUE DARÁ OS AVISOS .....  | 99        |

|        |  |     |
|--------|--|-----|
| b.2    | IDENTIFICACIÓN DO CENTRO DE COORDINACIÓN DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS DE PROTECCIÓN CIVIL                                | 100 |
| c      | MECANISMOS DE RESPONSA ANTE EMERXENCIA.....  | 101 |
|        | EMERXENCIA DURANTE A XORNADA LABORAL DO CENTRO (horario de profesores) .....   | 101 |
|        | ACTUACIÓNS NO CASO DE INCENDIO .....   | 101 |
|        | ACTUACIÓNS NO CASO DE AMEAZA DE BOMBA .....  | 103 |
|        | Chamada telefónica / paquete sospeitoso .....  | 103 |
|        | Falsa alarma / Emerxencia real .....   | 104 |
|        | Diagrama de actuacións aviso de bomba .....  | 106 |
|        | Formulario de ameaza de bomba .....  | 106 |
|        | ACTUACIÓNS ANTE DERRUBAMENTO DO EDIFICIO OU EXPLOSIÓNS.....  | 108 |
|        | Derrubamento ou explosión.....   | 108 |
|        | Baixo os entullos.....   | 108 |
|        | ACTUACIÓNS NO CASO DE INUNDACIÓNS.....   | 109 |
|        | ACTUACIÓNS NO CASO DE TEMPORAL DE VENTO E CHOIVA.....  | 110 |
|        | ACTUACIÓNS NO CASO DE NEVADA .....   | 110 |
|        | ACTUACIÓNS ANTE UN SINISTRO PRODUCIDO NO EXTERIOR.....   | 111 |
|        | ACTUACIÓNS ANTE UN SEISMO .....  | 111 |
|        | ACTUACIÓNS ANTE UN DERRAMO DE PRODUTO.....   | 112 |
|        | ACTUACIÓNS ANTE UNHA EXPLOSIÓN. ....   | 113 |
|        | ACTUACIÓNS ANTE EMERXENCIA EN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.....  | 113 |
|        | EMERXENCIA DURANTE A HORA DA COMIDA (DE LUNS A VENRES DE 14:30 H ATA 15:30 H) .....                                    | 114 |
|        | EMERXENCIA DURANTE A XORNADA LABORAL DO PERSOAL DA LIMPEZA (DE LUNS A VENRES DE 15:00 H ATA 23:00 H) .....             | 114 |
|        | RESTABLECEMENTO DO SERVIZO .....   | 115 |
| d      | EVACUACIÓN E CONFINAMENTO .....  | 116 |
|        | EVACUACIÓN .....   | 116 |
|        | Instrucións orientativas para os alumnos. ....   | 118 |
|        | CONFINAMENTO.....  | 119 |
|        | PLAN DE EVACUACIÓN.....  | 120 |
| e      | PRIMEIRAS AXUDAS NO CASO DE FERIDOS .....  | 122 |
| f      | XEITOS DE RECEPCIÓN DAS AXUDAS EXTERNAS.....   | 125 |
| 6.3.   | IDENTIFICACION E FUNCIONS DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDIMENTOS DE ACTUACION ANTE EMERXENCIAS..... | 126 |
| 6.3.1. | XERALIDADES.....   | 126 |
| 6.3.2. | DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....   | 128 |
| 6.3.3. | DIRECTOR PLAN DE ACTUACIÓNS EN EMERXENCIAS (XEFE EMERXENCIA) .....   | 129 |

|          |   |            |
|----------|---|------------|
| 6.3.4.   | EQUIPO DE INTERVENCIÓN (EI) .....   | 131        |
| 6.3.5.   | EQUIPO DE EVACUACIÓN (EE).....  | 132        |
| 6.3.6.   | INSTRUCCIÓN ORIENTATIVAS PARA OS RESPONSABLES DE PLANTA: .....  | 134        |
| 6.3.7.   | INSTRUCCIÓN ORIENTATIVAS PARA OS RESPONSABLES DE ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS QUE NON POIDAN REALIZAR UNHA EVACUACIÓN POLA SÚAS PROPIOS MEDIOS: . | 134        |
| 6.3.8.   | EQUIPO DE APOIO .....   | 135        |
| 6.3.9.   | EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS .....  | 136        |
| 6.3.10.  | RESTO DO PERSOAL.....   | 137        |
| 6.4.     | IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....   | 138        |
| 7.       | <b>INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.....</b>  | <b>139</b> |
| 7.1.     | PROTOCOLO DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA .....   | 139        |
| 7.2.     | COORDINACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E A DIRECCIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL ONDE SE INTEGRO O PLAN DE AUTOPROTECCION .....                 | 141        |
|          | Integración dos plans de autoprotección .....   | 142        |
| 7.3.     | FORMAS DE COLABORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE AUTOPROTECCIÓN COS PLANS E ACTUACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL.....  | 143        |
| 8.       | <b>IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....</b>  | <b>144</b> |
| 8.1.     | IDENTIFICACION DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....   | 145        |
| 8.2.     | PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACION E CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA NO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....  | 146        |
| 8.3.     | PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL SOBRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....  | 149        |
| 8.4.     | PROGRAMA DE INFORMACIÓN XERAL PARA OS USUARIOS .....  | 151        |
| 8.4.1.   | EN SITUACIÓN NORMAL.....  | 151        |
| 8.4.2.   | INFORMACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA .....   | 151        |
| 8.4.2.1. | INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA O DIRECTOR:.....   | 153        |
| 8.4.2.2. | INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA PROFESORES:.....   | 154        |
| 8.4.2.3. | INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA ALUMNOS: .....   | 155        |
| 8.5.     | SINALIZACIÓN E FORMAS DE ACTUACIÓN DE VISITANTES .....  | 156        |
| 8.6.     | PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS.....   | 157        |
| 8.6.1.   | PROGRAMA DE DOTACIÓN DE MEDIOS HUMANOS .....  | 157        |
| 8.6.2.   | PROGRAMA DE DOTACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS .....  | 158        |
| 8.6.3.   | PROGRAMA DE DOTACIÓN DE RECURSOS.....   | 158        |
| 9.       | <b>MANTEMENTO DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....</b>   | <b>159</b> |
| 9.1.     | PROGRAMA DE RECICLAXE DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN .....  | 159        |
| 9.2.     | PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN DE MEDIOS E RECURSOS .....   | 160        |

|  |  |            |
|--|--|------------|
| 9.3.   | PROGRAMA DE EJERCICIOS E SIMULACROS .....  | 161        |
| 9.3.1.   | CARACTERÍSTICAS.....   | 161        |
| 9.3.2.   | ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS SIMULACROS.....   | 161        |
| 9.4.   | PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DE TODA A DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ..... | 166        |
| 9.4.1.   | REVISIÓNS PROGRAMADAS .....  | 166        |
| 9.4.2.   | REVISIÓNS NO PROGRAMADAS .....   | 167        |
| 9.4.3.   | ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....  | 167        |
| 9.5.   | PROGRAMA DE AUDITORÍAS E INSPECCIÓN.....   | 169        |
| 9.5.1.   | AUDITORÍA.....   | 169        |
| 9.5.2.   | INSPECCIÓN.....  | 169        |
| <b>ANEXO I: DIRECTORIO DE COMUNICACIÓN .....</b>                 |  | <b>170</b> |
|  | TELÉFONOS DO PERSOAL DE EMERXENCIAS .....  | 170        |
|  | TELÉFONOS DE AXUDA EXTERNA.....  | 171        |
| <b>ANEXO II: FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DE EMERXENCIAS .....</b> |  | <b>172</b> |
| <b>ANEXO III: PLANOS.....</b>                                    |  | <b>175</b> |
| <b>ANEXO IV: FICHAS DE INTERVENCIÓN.....</b>                     |  | <b>176</b> |
| <b>ANEXO IV: INCENDIOS .....</b>                                 |  | <b>191</b> |
|  | NORMAS PARA A PREVENCIÓN DE RISCO DE INCENDIO .....  | 191        |
|  | CLASIFICACIÓN DOS LUMES .....  | 193        |
|  | UTILIZACIÓN DE MEDIOS MANUAIS DE EXTINCIÓN.....  | 195        |

## **0. INTRODUCCIÓN**

### **0.1. OBJECTO E OBXECTIVOS**

O presente Plan de Autoprotección ten por **obxecto** previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar unha resposta axeitada as posibles situacións de emerxencia. CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO organiza os medios humanos e materiais dispoñibles no seu edificio para alcanzar unhas condicións de seguridade óptimas no centro de traballo coa finalidade de:

- Protexer as persoas.
- Minimizar as consecuencias no medio ambiente e os bens (equipos, instalacións, edificios).
- Alertar ós servizos públicos ou privados de socorro.
- Informar ás autoridades competentes.
- Adestrar ó persoal programando ensaios e simulacros de emerxencia; incrementar e mellorar os medios materiais dispoñibles.
- Restaurar a normalidade na instalación e manter a operatividade das instalacións.

Con este Plan de Autoprotección tratarase de dar contido ós seguintes **obxetivos**:

#### **I. COÑECER**

- O edificio e a súas instalacións (continente e contido).
- A perigosidade dos distintos sectores.
- Os medios de protección dispoñibles.
- A vixilancia das aplicacións da normativa vixente.

#### **II.GARANTIR**

- A fiabilidade de todos os medios de protección dispoñibles.
- A fiabilidade das instalacións xenerais.

#### **III.EVITAR**

- As causas orixe das emerxencias.

#### **IV.DISPOR**

- Persoas organizadas, formadas e adestradas que garanten presteza e eficacia nas accións a emprender para o control das emerxencias.

#### **V.INFORMAR**

- A todo o persoal do edificio de cómo deberán actuar ante unha emerxencia e de cómo deberán evacuar a instalación.

O Plan de Autoprotección contempla polo tanto, non só aqueles elementos ou aspectos materiais propios do edificio que nos ocupa se non, ademais e basicamente, as descrições funcionais e esquemas organizativos dos organismos e persoas especificamente afectados e que serán os encargados da súa posta en práctica, desenvolvemento e seguimento, articulando a toma de decisións antes, durante e despois dunha situación de emerxencia ou dunha evacuación.

O Plan de Autoprotección aborda a identificación e avaliación dos riscos, as accións e medidas necesarias para a prevención e control de riscos, así como as medidas de protección e outras actuacións a adoptar no caso de emerxencia.

### **0.2. ALCANCE**

O ámbito de aplicación do Plan de Autoprotección son as plantas do edificio e os seus lindeiros, paisaxe urbano e persoas físicas (traballadores, alumnos, visitantes....).

Este Plan de Autoprotección e de obrigado coñecemento e cumprimento polo persoal do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO, que tratará de interpretalo e aplicalo coa máxima eficacia, flexibilidade e colaboración, co fin de minimizar os efectos dos accidentes.

Tamén poderá verse afectado o persoal que, aínda que non sexa do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO, poida atoparse presente nas instalacións no momento de acontecer a emerxencia.

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO realizará as accións e actividades que estime axeitadas co fin de dar a coñecer este Plan.



### **0.3. DEFINICIÓNS**

Co obxecto dunha mellor comprensión do presente documento a continuación defínense algúns conceptos de interese:

- **Actividade:** Conxunto de operacións ou tarefas que poidan dar orixe a accidentes ou sucesos que xeren situacións de emerxencia.
- **Aforo:** Capacidade total de público nun recinto ou establecemento destinado a espectáculos públicos ou actividades recreativas.
- **Alarma:** Aviso ou sinal pola que se informa ás persoas para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia.
- **Alerta:** Situación declarada co fin de tomar precaucións específicas debido a probable e próxima posibilidade de que aconteza un suceso ou accidente.
- **Alumeado de emerxencia:** É un dispositivo de sinalización que posúe unha sinal luminosa para indicar as saídas de emerxencia.
- **Altura de evacuación:** A diferenza de cota entre o nivel dun orixe de evacuación e/ou do espazo exterior seguro.
- **Ascensores de emerxencia:** É un elemento construtivo empregado para salvar desniveis en situacións de emerxencia mediante unha alimentación autónoma independente.
- **Autoprotección:** Sistema de accións e medidas, adoptadas polos titulares das actividades, públicas ou privadas, cos seus propios medios e recursos, dentro do seu ámbito de competencias, encamiñadas a previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens, a dar resposta axeitada as posibles situacións de emerxencia e a garantir a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.
- **Bocas de Incendio equipadas (BIE):** É un equipo completo de protección e loita contra incendios, que se instala de xeito fixo sobre a parede e está conectado a rede xeral de abastecemento de auga.
- **Centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación:** A totalidade da zona, baixo control dun titular, onde se desenvolva unha actividade.
- **Columna seca:** É un equipo completo de protección e loita contra incendios que está formada por unha conducción normalmente valeira, que partindo da fachada do edificio discorre xeralmente pola caixa da escaleira e está provista de bocas de saída en pisos e de toma de alimentación na fachada para conexión dos equipos do servizo de extinción de incendios e salvamento.

- **Conato de emerxencia:** É aquela situación que pode ser controlada e solucionada de xeito sinxelo e rápido polo persoal e medios de protección do local, dependencias ou sector. O conato está ligado directamente ao risco de incendio en xeral.
- **Confinamento:** Medida de protección das persoas, tras un accidente, que consiste en permanecer dentro dun espazo interior protexido e illado no exterior.
- **Director do Plan de Actuacións ante emerxencias:** É a persoa da organización que ten a máxima autoridade e responsabilidade durante a situación de emerxencia e colaborará coas axudas externas.
- **Emerxencia xeral:** É aquela situación que para o seu control precisa de todos os equipos e medios de protección do establecemento e da axuda de medios de socorro e salvamento externos. Xeralmente comportará evacuacións totais fora do edificio ou parciais a outro sector.
- **Emerxencia parcial:** É aquela situación que para ser dominada require da actuacións de equipos especiais do sector. Non e previsible que afecte a sectores colindantes.
- **Equipo de Alarma e Evacuación (EAE):** É o equipo formado por persoas, encargado do orde da evacuación da instalación, verificando a completa evacuación da súa zona e realizando o recuento do persoal no punto de reunión exterior seguro.
- **Equipos de axuda a persoas con necesidades especiais (E.C.N.E):** É o equipo encargado de prestar axuda, no caso de necesidade, ó persoal que polas súas características físicas ou psíquicas, requiran da presenza, destes equipos.
- **Equipos de bombeo en lugares inundables:** É o equipo formado por unha serie de condutos e unha bomba para impulsar un líquido.
- **Equipo de Primeiros Auxilios (EPA):** É o equipo encargado de prestar os primeiros auxilios a os lesionados pola emerxencia.
- **Equipo de Primeira Intervención (EPI):** É o equipo de persoas que ten a misión de actuar ante unha emerxencia, nos primeiros momentos para intentar controlar e mitigar un risco.
- **Equipo de Segunda Intervención (ESI):** Son os compoñentes da unidade ou unidades de intervención que actuarán cando dada a súa gravidade a emerxencia non poida ser controlada polos Equipos de Primeira Intervención (EPI).
- **Evacuación:** Acción de traslado planificado das persoas, afectadas por unha emerxencia, dun lugar a outro provisional seguro.

- **Instalación:** Unha unidade técnica dentro dun establecemento onde se produzan, utilicen, manipulen, transformen ou almacenen, sustancias perigosas. Inclúe todos os equipos, canalizacións, maquinaria, instrumentos, ramais ferroviarios particulares, dársenas, peiraos de carga ou descarga para uso da instalación, espigóns, depósitos ou estruturas semellantes, estean a flote ou non, necesario para o funcionamento da instalación.
- **Interfase:** Interrelación do Plan de Autoprotección da Organización con outros Plans de Autoprotección de actividades próximas e outros Plans de Protección Civil, sexan estes especiais, estatais, autonómicos ou locais.
- **Intervención:** Consiste na resposta a emerxencia, para combater o seu orixe, protexer e socorrer as persoas, os bens e ao medio ambiente.
- **Xefe de Intervención (XI):** É a persoa que valorará a emerxencia e asumirá a coordinación e dirección dos equipos de emerxencia (EPI, ESI) e o resto de equipos.
- **Medidas de Autoprotección:** En xeral, o conxunto de actuacións que deberán tomar as persoas que se poidan ver afectadas por unha situación de risco ou por unha emerxencia, para garantir a súa seguridade.
- **Medios:** Conxunto de persoas, máquinas, equipos e sistemas que serven para reducir ou eliminar riscos e controlar as emerxencias que se poidan xerar.
- **Ocupación:** Máximo número de persoas que pode conter un edificio, espazo, establecemento, recinto, instalación ou dependencia, en función da actividade ou uso que nel se desenvolva.
- **Perigo:** Probabilidade de que se produza un efecto danoso específico nun período de tempo determinado ou en circunstancias definidas.
- **Plan de Autoprotección:** Marco orgánico e funcional previsto para unha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, co obxecto de prever e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencias, na zona baixo responsabilidade do titular, garantindo a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.
- **Plan de actuacións en emerxencias:** Documento pertencente ao Plan de Autoprotección no que se prevé a organización da resposta ante situacións de emerxencias clasificadas, as medidas de protección e intervención a adoptar, os procedementos e a secuencia de actuacións para dar resposta as posibles emerxencias.
- **Planificación:** É a preparación das liñas de actuación para facer fronte as situacións de emerxencia.

- **Prevención e control de riscos:** É o estudio e implantación das medidas necesarias e axeitadas para manter baixo observación, evitar ou reducir as situacións de risco potencial e os danos que puideran derivarse. As accións preventivas deberán establecerse antes de que se produza a incidencia, emerxencia, accidente ou como consecuencia da experiencia adquirida tras o análise das mesmas.
- **Preemerxencia:** Prodúcese cando os parámetros que definen o risco, evidencian que a materialización do mesmo é ou pode ser inminente.
- **Percorrido de evacuación:** Percorrido que conduce dende un orixe de evacuación cara a algunha saída na planta, situada na mesma planta considerada ou noutra, ou cara a algunha saída do edificio.
- **Recursos:** Elementos naturais ou técnicos que non teñen como función habitual aquelas asociadas as tarefas de autoprotección e que a súa dispoñibilidade fai posible ou mellora as actuacións de prevención e actuación ante emerxencias.
- **Rehabilitación:** É a volta a normalidade e recomezo da actividade.
- **Risco:** A probabilidade de que se desencadee un determinado fenómeno ou suceso que, como consecuencia da súa propia natureza ou intensidade e a vulnerabilidade dos elementos expostos pode producir efectos prexudiciais nas persoas ou perdas de bens.
- **Simulacro:** Actividade que serve para avaliar a capacidade de resposta, os procedementos e a coordinación da Organización de Autoprotección cos servizos Externos de emerxencia.
- **Sistemas de alarma:** Sistema que permite emitir sinais acústicas e/ou visuais aos ocupantes dun centro ou establecemento.
- **Sistemas de detección de incendio:** Sistema que permite detectar un incendio no tempo mais curto posible e emitir as sinais de alarma e de localización axeitadas para que poidan adoptarse as medidas correctas.
- **Sustancias perigosas:** As sustancias, mezclas ou preparados químicos, que presentan algún risco para a saúde, para a seguridade ou o medio ambiente e que estean presentes en forma de materia prima, produtos, subprodutos, residuos ou produtos intermedios, incluídos aqueles dos que se poida pensar xustificadamente que poderían xerarse no caso de accidente.
- **Titular da actividade:** A persoa física ou xurídica que explote ou posúa o centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación onde se desenvolvan actividades.
- **Vulnerabilidade:** Condicións definidas por factores ou procesos físicos, sociais, económicos e ambientais que aumentan a susceptibilidade dunha comunidade ó impacto de ameazas.

#### **0.4. ESTRUTURA DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

Para cumprir os obxectivos mencionados no apartado 0.1 e en cumprimento do R.D. 393/2007, de 23 de marzo, e do Decreto 171/2010 de 1 de outubro, sobre Plans de Autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, a estrutura do Plan de Autoprotección é a seguinte:

- **Capítulo 1** Identificación dos titulares e do emprazamento da actividade
- **Capítulo 2** Descrición detallada da actividade e medio físico no que se desenvolve: neste apartado ten lugar unha descrición de cada unha das actividades desenvolvidas, os usuarios e o entorno no que se desenvolve.
- **Capítulo 3** Inventario, análise e avaliación de riscos: refráctese a situación actual do centro en canto a elementos e instalacións que poden dar orixe a unha situación de emerxencia así como a avaliación dos factores que inflúen sobre o risco potencial segundo a normativa vixente.
- **Capítulo 4** Inventario e descrición das medidas e medios de protección: realízase un inventario de medios materiais e humanos dispoñibles no centro, para a actuación e control inicial da emerxencia.
- **Capítulo 5** Programa de mantemento de instalacións: neste apartado reflíctese cales son as medidas preventivas establecidas referidas ao mantemento de instalacións de risco e de protección.
- **Capítulo 6** Plan de actuación ante emerxencias: defínense os cometidos fundamentais das persoas, equipos e procedementos de actuación.
- **Capítulo 7** Integración do Plan de Autoprotección noutros de ámbito superior: neste apartado establécense os protocolos de notificación das emerxencias e a protección e colaboración cos Plans e actuacións de Protección Civil.
- **Capítulo 8** Implantación do Plan de Autoprotección: establécese o proceso de posta en marcha do Plan de Autoprotección e as persoas que integran o mesmo.
- **Capítulo 9** Mantemento da Eficacia e actualización do Plan de Autoprotección: establece as condicións de mantemento esixibles as instalacións, formación e ao propio Plan de Autoprotección.
- **Anexo I** Directorio de comunicación
- **Anexo II** Formularios para a xestión das emerxencias
- **Anexo III** Planos
- **Anexo IV** Fichas de intervención
- **Anexo V** Incendios

## **0.5. NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Para a elaboración deste plan de autoprotección tomaremos como referencia a seguinte normativa:

- Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, que contén referencias a autoprotección, publicada no BOE nº 22/1985 de 21 de xaneiro.
- R.D. 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia e a súa posterior modificación Real Decreto 1468/2008, de 5 de setembro.
- Decreto 171/2010 de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orden de 13 de novembro de 1984 sobre evacuación de centros docentes de educación xeral básica, bacharelato e formación profesional.
- R.D. 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de Edificación.
- LEI 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- R.D 485/1997 de 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de Sinalización de Seguridade e Saúde no Traballo
- R.D. 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as Disposicións Mínimas de Seguridade e Saúde nos lugares de traballo.
- R.D. 1942/1993 de 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de Protección contra Incendios.
- REBT, Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.

O CTE non ten aplicación con carácter retroactivo polo que os edificios con licenza de obras outorgada con anterioridade ao 29 de marzo de 2006 o CTE non lle será de aplicación. Non obstante dado que é a normativa vixente actualmente en protección contra incendios de edificios, utilízase como normativa de referencia para a elaboración do presente Plan de Autoprotección tal e como indica o RD 393/2007.

## 1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E EMPLAZAMENTO DA ACTIVIDADE

### 1.1. DIRECCIÓN POSTAL DO EMPLAZAMENTO DA ACTIVIDADE. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE, NOME E/OU MARCA, TELEFONO E FAX

|                          |  |                |       |
|--------------------------|--|----------------|-------|
| Denominación Actividade: | CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO         |                |       |
| Actividade realizada:    | Centro de ensino para nenos de 3 a 16 anos |                |       |
| Dirección Postal:        | O Forte                                    |                |       |
| Localidade:              | Boqueixón (San Vicente)                    | Código Postal: | 15881 |
| Teléfono/s:              | 881866781                                  |                |       |
| e-mail:                  | cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.gal       |                |       |

### 1.2. IDENTIFICACIÓN DO TITULAR DA ACTIVIDADE

|                   |                                      |                |       |
|-------------------|--------------------------------------|----------------|-------|
| Razón social:     | CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO   |                |       |
| Dirección Postal: | O Forte                              |                |       |
| Localidade:       | Boqueixón (San Vicente)              | Código Postal: | 15881 |
| Teléfono/s:       | 881866781                            |                |       |
| e-mail:           | cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.gal |                |       |

### 1.3. IDENTIFICACIÓN DO DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DO DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACION EN EMERXENCIA

|   |                                      |                |       |
|---|--------------------------------------|----------------|-------|
| Director/a do Plan de Autoprotección e Director/a do Plan de Actuacións de emerxencias: | Director do Centro                   |                |       |
| Dirección Postal:   | O Forte                              |                |       |
| Localidade:   | Boqueixón (San Vicente)              | Código Postal: | 15881 |
| Teléfono/s:   | 881866781                            |                |       |
| e-mail:   | cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.gal |                |       |

## 2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE

### 2.1. DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS OBJECTO DO PLAN

No centro de traballo do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO, localizado en O Forte (Boqueixón) (A Coruña) a actividade desenvolvida obxecto do plan e de Escola de ensino para nenos de 3 a 16 anos.

### 2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO OU ESTABLECEMENTO, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS ÓNDE SE DESENVOLVEN ACTIVIDADES OBJECTO DO PLAN

#### Descrición da parcela





**Superficie da parcela m<sup>2</sup>:**

10.160

**Nº de edificios do centro:**

3

A parcela linda do seguinte xeito:

**NORTE:** Vivendas Unifamiliares

**SUR:** Ximnasio e piscina Municipal

**ESTE:** Vivendas Unifamiliares e centro de saúde

**OESTE:** Campo de fútbol

**Descrición do inmovible/s e dependencias**

As instalacións están constituídas por tres edificios:

**INFANTIL****PRIMARIA****SECUNDARIA**

|                              |   |
|------------------------------|---|
| <b>Ano de construción</b>    | <b>Edificio de Primaria: 1973 Edificio Infantil: 1983 Edificio Secundaria: 1999</b> |
| <b>Uso</b>                   | Centro docente para nenos de 3 a 16 anos  |
| <b>Plantas sobre rasante</b> | 2   |
| <b>Plantas baixo rasante</b> | 0   |
| <b>Alturas de evacuación</b> | 1   |
| <b>Superficie total</b>      | 4273,68 m <sup>2</sup> construídos e patios de xogos                                |

No seguinte cadro distribúense as diversas dependencias que dan soporte a o CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO as cales poden verse nos planos do Anexo III:

**EDIFICIO INFANTIL**

| Planta | Altura de planta (m) | Dependencia                | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|--------|----------------------|----------------------------|------------------------------|
| BAIXA  | 3                    | Aula 1                     | 62,1                         |
|        |                      | Aula 2                     | 60                           |
|        |                      | Aseo Aula 2                | 4,2                          |
|        |                      | Aseo Aula 3                | 4,2                          |
|        |                      | Aula 3                     | 60                           |
|        |                      | Aseos                      | 8,6                          |
|        |                      | Aseos                      | 10                           |
|        |                      | Cuarto Maquinaria Ascensor | 2,3                          |
|        |                      | Pedagogía Terapéutica      | 30,7                         |
|        |                      | Corredores planta baixa    | 46                           |
|        |                      | <b>TOTAL PLANTA BAIXA:</b> |                              |

| Planta | Altura de planta (m) | Dependencia               | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|--------|----------------------|---------------------------|------------------------------|
| ALTA   | 3                    | Almacén                   | 12,3                         |
|        |                      | Aula 4                    | 61,5                         |
|        |                      | Almacén                   | 12,9                         |
|        |                      | Aula 5                    | 61,5                         |
|        |                      | Aseos                     | 7,6                          |
|        |                      | Aseos                     | 8                            |
|        |                      | Aseos Profesores          | 4,3                          |
|        |                      | Audición e Linguaxe       | 29,15                        |
|        |                      | Aula 6                    | 62,1                         |
|        |                      | Corredores planta alta    | 30                           |
|        |                      | <b>TOTAL PLANTA ALTA:</b> |                              |

**TOTAL EDIFICIO INFANTIL: 576,2 m<sup>2</sup>**

**EDIFICIO PRIMARIA**

| Planta     | Altura de planta (m) | Dependencia                | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|------------|----------------------|----------------------------|------------------------------|
| BAIXA      | 3                    | Conserxería                | 13,1                         |
|            |                      | Aseos homes                | 9,24                         |
|            |                      | Aseos mulleres             | 9,52                         |
|            |                      | Biblioteca                 | 130,84                       |
|            |                      | Informática                | 64                           |
|            |                      | Sala de Mestres            | 63                           |
|            |                      | Comedor                    | 357                          |
|            |                      | Despensa 2                 | 13,3                         |
|            |                      | Despensa 1                 | 15,6                         |
|            |                      | Cociña                     | 56,84                        |
|            |                      | Salón de Actos             | 366,5                        |
|            |                      | Escenario                  | 106                          |
|            |                      | Aula                       | 55,3                         |
|            |                      | Aseos patio                | 8,9                          |
|            |                      | Aseos patio                | 9,86                         |
|            |                      | Aula Inglés                | 63,2                         |
|            |                      | Aseos nenos                | 11,2                         |
|            |                      | Aseos Minusválidos         | 3,7                          |
|            |                      | Aseos nenas                | 11,7                         |
|            |                      | Maquinaria Ascensor        | 3,3                          |
| Corredores | 138,4                |                            |                              |
|            |                      | <b>TOTAL PLANTA BAIXA:</b> | <b>1510,5</b>                |

| Planta                    | Altura de planta (m) | Dependencia        | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|---------------------------|----------------------|--------------------|------------------------------|
| ALTA                      | 3                    | Aula de Música     | 67,9                         |
|                           |                      | Aula 3             | 37,72                        |
|                           |                      | Aula de Inglés     | 65,32                        |
|                           |                      | Aula 2             | 63,4                         |
|                           |                      | Almacén            | 16,5                         |
|                           |                      | Aula 7             | 55,5                         |
|                           |                      | Aula 4             | 63                           |
|                           |                      | Aseos              | 13,6                         |
|                           |                      | Aseos minusválidos | 3,9                          |
|                           |                      | Aseos              | 12,7                         |
|                           |                      | Aula 5             | 66,13                        |
|                           |                      | Corredores         | 104                          |
| <b>TOTAL PLANTA ALTA:</b> |                      |                    | <b>569,67</b>                |

**TOTAL EDIFICIO PRIMARIA: 2080,17 m<sup>2</sup>**

**EDIFICIO SECUNDARIA**

| Planta                     | Altura de planta (m) | Dependencia                      | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|----------------------------|----------------------|----------------------------------|------------------------------|
| BAIXA                      | 3                    | Aseos nenas                      | 25,9                         |
|                            |                      | ANPA                             | 14,6                         |
|                            |                      | Atención Educativa e Orientativa | 14                           |
|                            |                      | Sala Caldeira                    | 8,6                          |
|                            |                      | Chaves de Auga                   | 2,3                          |
|                            |                      | Cadros Eléctricos                | 2,3                          |
|                            |                      | Taller                           | 100,8                        |
|                            |                      | Conserxería                      | 13,9                         |
|                            |                      | Xefatura de Estudos              | 16,8                         |
|                            |                      | Orientación                      | 16,8                         |
|                            |                      | Administración                   | 33                           |
|                            |                      | Secretario                       | 15,5                         |
|                            |                      | Dirección                        | 19,8                         |
|                            |                      | Aseos Profesores                 | 7,1                          |
|                            |                      | Sala de Profesores               | 40,3                         |
|                            |                      | Aseos Profesores                 | 7,1                          |
|                            |                      | Biblioteca                       | 59,8                         |
|                            |                      | Almacén de Material Deportivo    | 5,34                         |
|                            |                      | Sala de lectura                  | 44,8                         |
|                            |                      | Aseos nenos                      | 25,9                         |
| Corredores                 | 160                  |                                  |                              |
| <b>TOTAL PLANTA BAIXA:</b> |                      |                                  | <b>634,64</b>                |

| Planta | Altura de planta (m) | Dependencia               | Superficie (m <sup>2</sup> ) |
|--------|----------------------|---------------------------|------------------------------|
| ALTA   | 3                    | Aula 1                    | 47,86                        |
|        |                      | Aula 2                    | 47,86                        |
|        |                      | Aula 3                    | 59,83                        |
|        |                      | Aula 4                    | 47                           |
|        |                      | Aula de Música            | 55,34                        |
|        |                      | Aula de plástica          | 70,76                        |
|        |                      | Seminario 2               | 16,26                        |
|        |                      | Seminario 3               | 16,26                        |
|        |                      | Seminario 4               | 16,26                        |
|        |                      | Seminario 5               | 16,26                        |
|        |                      | Aula Informática          | 54,7                         |
|        |                      | Laboratorio               | 55,34                        |
|        |                      | Aula 5                    | 47                           |
|        |                      | Aula 6                    | 47                           |
|        |                      | Aula 7                    | 47,86                        |
|        |                      | Aula 8                    | 59,83                        |
|        |                      | Almacén                   | 10,15                        |
|        |                      | Aseos nenos               | 16,7                         |
|        |                      | Aula Desdobre 2           | 27,15                        |
|        |                      | Aula Desdobre 1           | 27,15                        |
|        |                      | Aseos nenas               | 18,7                         |
|        |                      | Aseos Profesores          | 8,2                          |
|        |                      | Corredores                | 169,2                        |
|        |                      | <b>TOTAL PLANTA ALTA:</b> | <b>982,67</b>                |

**TOTAL EDIFICIO: 1617,31 m<sup>2</sup>**

**TOTAL EDIFICIOS: 4273,68 m<sup>2</sup>**

### Características construtivas

- Elementos estruturais e cerramento exterior

| ESTRUTURA   | FACHADAS                                     |  |  |  | CUBERTA                                  |  |
|---|--|--|--|--|--|--|
|   | Norte  | Sur  | Este   | Oeste  | <input type="checkbox"/> Plana           | <input checked="" type="checkbox"/> Inclínada              |
| <input checked="" type="checkbox"/> Formigón armado | <input checked="" type="checkbox"/> Ladrillo | <input checked="" type="checkbox"/> Ladrillo | <input checked="" type="checkbox"/> Ladrillo | <input checked="" type="checkbox"/> Ladrillo | <input type="checkbox"/> Transitábel     | <input type="checkbox"/> Tella                             |
| <input type="checkbox"/> Metálica                   | <input type="checkbox"/> Recebado            | <input type="checkbox"/> Recebado            | <input type="checkbox"/> Recebado            | <input type="checkbox"/> Recebado            | <input type="checkbox"/> Non transitábel | <input type="checkbox"/> Lousa                             |
| <input type="checkbox"/> Mixta                      | <input type="checkbox"/> Pedra               | <input type="checkbox"/> Pedra               | <input type="checkbox"/> Pedra               | <input type="checkbox"/> Pedra               |  | <input checked="" type="checkbox"/> Fibrocemento           |
| <input type="checkbox"/> Muros de carga             | <input type="checkbox"/> Outro: Lousa        | <input type="checkbox"/> Outro: Lousa        | <input type="checkbox"/> Outro: Lousa        | <input type="checkbox"/> Outro: Lousa        |  | <input checked="" type="checkbox"/> Metálico: (Secundaria) |
|   |  |  |  |  |  | <input type="checkbox"/> Outro:                            |

- Cerramento interior

| Paredes                                      | Chans   | Teitos   | Portas   |
|--|---|--|--|
| <input checked="" type="checkbox"/> Ladrillo | <input type="checkbox"/> Madeira              | <input type="checkbox"/> Escaiola  | <input checked="" type="checkbox"/> Madeira: portas interiores                     |
| <input type="checkbox"/> Madeira             | <input type="checkbox"/> Mármore              | <input type="checkbox"/> Madeira   | <input type="checkbox"/> Metal   |
| <input type="checkbox"/> Pladur              | <input type="checkbox"/> Moqueta              | <input type="checkbox"/> Formigón  | <input type="checkbox"/> Cristal   |
| <input type="checkbox"/> Cristal             | <input checked="" type="checkbox"/> Plaqueta: | <input checked="" type="checkbox"/> Outros: Falsos teitos en Secundaria e Infantil | <input checked="" type="checkbox"/> Metal e cristal: as portas que dan ao exterior |
| <input type="checkbox"/> Outros:             | <input type="checkbox"/> Tarima               |  | <input type="checkbox"/> Outros  |
|  | <input type="checkbox"/> Outros:              |  |  |



- Sectores de incendio

El centro dispón de catro sectores do incendio:

- Edificio de Infantil
- Edificio de Primaria
- Edificio de Secundaria
- Sala de caldeiras debaixo sala profesores do Edificio de Primaria






- Vías de evacuación horizontal (corredores)

| PLANTA                      | ANCHO MÍNIMO (m) | ANCHO MÁXIMO (m) | IMAXE   |
|-----------------------------|------------------|------------------|---|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b>    |                  |                  |   |
| BAIXA<br>Corredor principal | 1,5              | 4,2              |    |
| BAIXA<br>acceso a aseos     | 1                | 1                |   |
| ALTA<br>Corredor principal  | 1,5              | 1,5              |    |
| ALTA<br>acceso a aseos      | 1                | 1                |   |
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b>    |                  |                  |   |
| BAIXA<br>Corredor Principal | 3                | 4,6              |  |
| BAIXA<br>acceso a Comedor   | 2,3              | 5,6              |  |
| ALTA<br>Corredor Principal  | 2,3              | 2,85             |  |

| PLANTA                      | ANCHO MÍNIMO (m) | ANCHO MÁXIMO (m) | IMAXE  |
|-----------------------------|------------------|------------------|--|
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b>  |                  |                  |  |
| BAIXA<br>Corredor Principal | 1,7              | 5,7              |   |
| ALTA<br>Corredor Principal  | 1,9              | 5,7              |   |
| ALTA<br>Aulas 1, 2, 3 y 4   | 1,9              | 5,7              |  |
| ALTA<br>Aulas 5, 6, 7 y 8   | 1,9              | 5,7              |  |

- Vías de evacuación vertical (escaleiras):

| ESCALEIRA   | PERCORRIDO (m) | ANCHO (m) | HUELA (cm) | CONTRA HUELA (cm) | ANCHURA ACCESOS (m) | ALUMENADO EMERXENCIA | IMAXE   |
|---|----------------|-----------|------------|-------------------|---------------------|----------------------|---|
| Planta Baixa Edificio Infantil (Entre Aula 3 e Aseos)           | 8              | 1,9       | 30         | 17                | 4,2                 | SI                   |    |
| Planta Baixa Edificio Primaria (Entre Sala de Mestres e Aula 2) | 7              | 1,4       | 30         | 17                | 2,8                 | NO                   |    |
| Planta Baixa Edificio Primaria (Acceso ó Comedor)               | 4              | 2,3       | 30         | 16                | 2,3                 | SI                   |  |
| 350                                       | 1 | 2             | 1                     | 1          | 1          |
| Valor resultante da densidade de carga de |   |               | 700 MJ/m <sup>2</sup> |            |            |

En base a este valor, e facendo referencia a Táboa 1.3 do R.D 2267/2004

| Nivel de risco intrínseco |   | Densidade de carga de lume ponderada e corrixida |                         |
|---------------------------|---|--|-------------------------|
|                           |   | Mcal/m <sup>2</sup>                              | MJ/m <sup>2</sup>       |
| Baixo                     | 1 | $Q_s \leq 100$                                   | $Q_s \leq 425$          |
|                           | 2 | $100 < Q_s \leq 200$                             | $425 < Q_s \leq 850$    |
| Medio                     | 3 | $200 < Q_s \leq 300$                             | $850 < Q_s \leq 1275$   |
|                           | 4 | $300 < Q_s \leq 400$                             | $1275 < Q_s \leq 1700$  |
|                           | 5 | $400 < Q_s \leq 800$                             | $1700 < Q_s \leq 3400$  |
| Alto                      | 6 | $800 < Q_s \leq 1600$                            | $3400 < Q_s \leq 6800$  |
|                           | 7 | $1600 < Q_s \leq 3200$                           | $6800 < Q_s \leq 13600$ |
|                           | 8 | $3200 < Q_s$                                     | $13600 < Q_s$           |

Obtemos un nivel de **RISCO BAIXO**, nivel 2 (dito nivel podería aumentar segundo a densidade de carga de lume permanente do edificio).

**▪ Locais e zonas de risco especial**

O edificio dispón de locais e zonas de risco especial propias do uso xeral. Estas zonas clasifícanse conforme os graos de risco alto, medio e baixo segundo os criterios establecidos na Sección SI-1, Táboa 2.1 Clasificación dos locais e zonas de risco especial integrados nos Edificios, do CTE.

A súa clasificación móstrase na táboa seguinte:

| Uso previsto da zona                               | Risco Baixo                    | Risco Medio                    | Risco Alto            |
|--|--------------------------------|--------------------------------|-----------------------|
| Sala de maquinaria de ascensores                   | En todo caso                   | --                             | --                    |
| Cuarto de contadores e cadro xeral de distribución | En todo caso                   | --                             | --                    |
| Sala de caldeiras con potencia útil nominal        | $70 < P \leq 200 \text{ Kw}$   | $200 < P \leq 600\text{Kw}$    | $P > 600 \text{ Kw}$  |
| Cociñas segundo potencia instalada                 | $20 < P \leq 30\text{Kw}$      | $20 < P \leq 50 \text{ Kw}$    | $P > 50 \text{ Kw}$   |
| Almacén de limpeza                                 | $100 < V \leq 200 \text{ m}^3$ | $200 < V \leq 400 \text{ m}^3$ | $V > 400 \text{ m}^3$ |

### 3.2.3.2. EXPLOSIÓN OU DEFLAGRACIÓN

Contémplase dentro deste risco a materialización dunha explosión acaecida pola formación dunha atmosfera explosiva ou por un fallo nalgunha das instalacións.

O risco de explosión ou deflagración atópase nos seguintes equipos:

- ❖ Sala de caldeiras: gasóleo
- ❖ Cociñas: propano

### 3.2.3.3. RISCO ELÉCTRICO

Na instalación atópanse equipos e elementos en tensión que poderían dar lugar a materialización do mesmo. A aparición deste tipo de risco atópase asociada os diferentes equipos con elementos en tensión existentes na instalación: cadros de control, caldeira, etc., así como a rede de baixa tensión.

O risco eléctrico atópase orixinado pola enerxía eléctrica. Quedan especificamente incluídos os riscos de:

- ❖ Choque eléctrico por contacto con elementos en tensión (contacto eléctrico directo), ou con masas postas accidentalmente en tensión (contacto eléctrico indirecto).
- ❖ Queimaduras por choque eléctrico, ou por arco eléctrico.
- ❖ Caídas ou golpes como consecuencias de choque ou arco eléctrico.
- ❖ Incendios ou explosións orixinados pola electricidade.

A continuación indícanse os recintos de riscos identificados no centro atendendo a normativa exposta anteriormente:

| ZONA DE RISCO                                       | UBICACIÓN  | NIVEL DE RISCO |
|---|--|----------------|
| Cuarto de contadores e quadro xeral de distribución | <ul style="list-style-type: none"><li>• Planta Baixa no edificio de Primaria preto das escaleiras</li><li>• Planta Baixa no edificio Secundaria debaixo da escaleira preto do Taller</li></ul> | <b>BAIXO</b>   |

### 3.2.3.4. RISCO DE FUGA OU DERRAMO

Para a determinación do nivel de risco de derramo, usouse un modelo matemático cuantitativo (método de William T. Fine), clasificado posteriormente de xeito cualitativa, mediante o cal determinamos a magnitude do risco en base ao produto de tres variables:

- ➔ **P:** A probabilidade determínanos que unha vez presentada a situación de risco, os acontecementos da secuencia completa do accidente sucédanse no tempo, orixinando consecuencias.
- ➔ **E:** A exposición é a frecuencia coa que se atopa a situación de risco, sendo tal o primeiro acontecemento indesexado que iniciaría a secuencia do accidente.
- ➔ **C:** As consecuencias son o resultado mais probable dun accidente, debido ao risco que se considera, incluíndo desgrazas persoais e danos materiais.

segundo a fórmula:

$$R \text{ (risco)} = P \times E \times C$$

Para valorar cada unha das variables intervinientes na fórmula anterior aplícase a seguinte táboa de valores:

| VALORACIÓN DO RISCO R  |   |                 |
|--|---|-----------------|
| Factor   | Clasificación   | Código numérico |
| <b>PROBABILIDADE (P)</b><br>(Probabilidade de que a consecuencia do accidente se complete) | É o resultado mais probable e esperado  | 10              |
|  | É completamente posible   | 6               |
|  | Sería unha secuencia rara pero posible, aconteceu                               | 3               |
|  | Coincidencia moi rara, pero sábese que aconteceu                                | 1               |
|  | Coincidencia extremadamente remota pero concebible                              | 0,5             |
| <b>EXPOSICIÓN (E)</b><br>(Frecuencia coa que atópase a situación de risco)                 | CONTINUA: moitas veces ao día   | 10              |
|  | FRECUENTE: unha vez ao día  | 6               |
|  | OCASIONAL: dunha vez a semana a unha vez ao mes                                 | 3               |
|  | RARO: sábese que acontece   | 1               |
|  | REMOTAMENTE POSIBLE: non se sabe que acontecese pero non se descarta            | 0,5             |
| <b>CONSECUENCIAS ©</b><br>(Resultado mais probable dun accidente potencial)                | VARIAS MORTES ou danos superiores a 450.000 €                                   | 50              |
|  | MORTE ou danos superiores a 90.000 €  | 25              |
|  | LESIONS CON BAIXA GRAVES: Incapacidade permanente ou danos superiores a 9.000 € | 15              |
|  | LESIONS COM BAIXA NO GRAVES: Incapacidade temporal ou danos superiores a 900 €  | 5               |
|  | LESIONS LEVES sen BAIXA ou danos ata 900 €                                      | 1               |

Para a interpretación definitiva da magnitude do risco obtido mediante a aplicación da fórmula, convertemos o seu valor numérico no tipo de risco correspondente segundo a seguinte táboa:

| INTERPRETACIÓN DO RISCO |                                     |
|-------------------------|-------------------------------------|
| MAGNITUDE DO RISCO      | CLASIFICACIÓN DO RISCO              |
| $R \geq 400$            | Risco moi alto (grave ou inminente) |
| $200 \leq R < 400$      | Risco alto                          |
| $70 \leq R < 200$       | Risco notable                       |
| $20 \leq R < 70$        | Risco moderado                      |
| $R < 20$                | Risco aceptable                     |

No caso que nos ocupa, obtemos os seguintes resultados para o risco de fuga ou derramo:

| P            | E | C | R                |
|--------------|---|---|------------------|
| 1            | 1 | 5 | 5                |
| <b>RISCO</b> |   |   | <b>ACEPTABLE</b> |

O risco de fuga ou derrame atópase nos seguintes locais:

- ❖ Sala de caldeiras: gasóleo
- ❖ Durante a carga/descarga do depósito de gasóleo
- ❖ Produtos químicos almacenados en cuartos de limpeza.

### **3.2.4. ANÁLISE E AVALIACIÓN DAS CONDICIÓN DE EVACUACIÓN**

A axeitada evacuación do persoal das instalacións ante unha posible emerxencia virá condicionada por varios factores:

- ❖ Condicións de sinalización arquitectónicas: Unha insuficiente ou excesiva sinalización provoca confusión a hora de determinar o camiño de evacuación a un recinto seguro aumentando deste xeito o tempo estimado para que a evacuación se leve a cabo de xeito axeitada.
- ❖ Condicións Organizativas: A inexistencia dun plan de evacuación que garante unha organización óptima do persoal da empresa ante unha posible emerxencia, facilita o desorde e o pánico dos evacuados, aumentando de xeito importante o tempo no que se produce o desaloxo do edificio.
- ❖ Condicións Formativas: Para que teña lugar unha axeitada evacuación é imprescindible que o persoal coñeza cómo actuar ante unha emerxencia e as funcións designadas a cada persoa no plan de evacuación. Para elo será necesario coordinar os diferentes grupos involucrados no plan de emerxencia e comprobar o perfecto desenvolvemento no desaloxo, mediante a realización de simulacros periódicos.

Existen diversos factores que poden influír negativamente no correcto desenvolvemento da evacuación:

- ❖ Pode ocasionar cortes da subministración eléctrica que poden dificultar a evacuación no caso de confluír cunha emerxencia.
- ❖ Diminución dos corredores de evacuación pola presenza de obstáculos durante o percorrido.
- ❖ Obstaculización durante as aperturas das portas situadas nos percorridos de evacuación pola presenza de diverso material tras elas.
- ❖ Presenza de obstáculos nas saídas de emerxencia, o que impide unha maior celeridade na evacuación e posibles tropezos mentres esta está a levar cabo.
- ❖ Posible iluminación insuficiente nos percorridos de evacuación por un mal funcionamento das luces de emerxencia.
- ❖ Excesivo ruído no área o que dificultaría a comunicación da emerxencia entre o persoal presente na mesma.
- ❖ Ausencia de vía de comunicación para advertir o persoal dunha posible emerxencia.
- ❖ Ausencia de información das medidas de emerxencia e evacuación o persoal de contratas e/ou externo.

Para o análise das condicións de evacuación, adóptase como valor de ocupación o establecido no apartado 2.2. Ocupación Teórica do presente documento.

A efectos de cálculo, a asignación da ocupación definida anteriormente ás vías de evacuación lévase a cabo conforme a aplicación dos criterios seguintes:

- ❖ Establécese como orixe todo punto ocupable do edificio. En despachos e locais de baixa ocupación e superficie inferior a 50 m<sup>2</sup>, considérase a porta de saída do propio local.
- ❖ Nos percorridos asígnase a ocupación de cada punto a saída mais próxima, na hipótese de que calquera delas poida estar bloqueada.

#### 3.2.4.1. CORREDORES E SAÍDAS

Seguindo os criterios marcados no CTE DB SI, o dimensionamento de corredores e saídas establécese a razón de 1,00 m. por cada 200 persoas que vaian a circular por eles, debéndose respectar en todo caso unha anchura mínima de 1,00 m., salvo no caso de ocos de paso (portas) nas que se admite 0,80 m. o fluxo teórico corresponde á ocupación calculada anteriormente e a súa distribución atende a proximidade do acceso respectando distancias de percorrido máximas permitidas. No caso dos recintos de ocupación nula cuxa superficie total non exceda de 50 m<sup>2</sup> (almacenes), se admitirá un ancho de porta menor de 0,80 m.

Existen dúas posibilidades resultantes do cálculo feito:

- ➔ Ancho libre do acceso (m) x 200 ≥ Fluxo teórico: ACCESO AXEITADO
- ➔ Ancho libre do acceso (m) x 200 < Fluxo teórico: ACCESO NON AXEITADO



**Corredores**

| Planta                     | Corredor           | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración |
|----------------------------|--------------------|-----------|-------------|-------------------------|------------|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b>   |                    |           |             |                         |            |
| BAIXA                      | Corredor principal | 1,5       | 300         | 107                     | AXEITADO   |
|                            | acceso a aseos     | 1         | 200         | 6                       | AXEITADO   |
| ALTA                       | Corredor principal | 1,5       | 300         | 99                      | AXEITADO   |
|                            | acceso a aseos     | 1         | 200         | 7                       | AXEITADO   |
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b>   |                    |           |             |                         |            |
| BAIXA                      | Corredor Principal | 3         | 600         | 445                     | AXEITADO   |
|                            | acceso a Comedor   | 2,3       | 460         | 238                     | AXEITADO   |
| ALTA                       | Corredor Principal | 2,3       | 460         | 130                     | AXEITADO   |
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b> |                    |           |             |                         |            |
| BAIXA                      | Corredor Principal | 1,7       | 340         | 226                     | AXEITADO   |
| ALTA                       | Corredor Principal | 1,9       | 380         | 89                      | AXEITADO   |
|                            | Aulas 1, 2, 3 y 4  | 1,9       | 380         | 126                     | AXEITADO   |
|                            | Aulas 5, 6, 7 y 8  | 1,9       | 380         | 126                     | AXEITADO   |

**Saídas**

| Planta                   | Saídas                | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración |
|--------------------------|-----------------------|-----------|-------------|-------------------------|------------|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b> |                       |           |             |                         |            |
| BAIXA                    | Aula 1                | 1,12      | 224         | 28                      | AXEITADO   |
|                          | Aula 2                | 1,12      | 224         | 28                      | AXEITADO   |
|                          | Aula 3                | 1,12      | 224         | 28                      | AXEITADO   |
|                          | Aseos                 | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO   |
|                          | Aseos                 | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO   |
|                          | Pedagogía Terapéutica | 0,82      | 164         | 15                      | AXEITADO   |
| ALTA                     | Aula 4                | 1,12      | 224         | 28                      | AXEITADO   |
|                          | Almacén               | 0,82      | 164         | 0                       | AXEITADO   |
|                          | Aula 5                | 1,12      | 224         | 28                      | AXEITADO   |
|                          | Aseos                 | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO   |
|                          | Aseos                 | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO   |
|                          | Aseos Profesores      | 0,82      | 164         | 1                       | AXEITADO   |
|                          | Audiencia e Linguaxe  | 1,12      | 224         | 18                      | AXEITADO   |
|                          | Aula 6                | 1,12      | 224         | 28                      | AXEITADO   |

| Planta                   | Saídas             | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración                              |
|--------------------------|--------------------|-----------|-------------|-------------------------|---|
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b> |                    |           |             |                         |   |
| BAIXA                    | Conserxería        | 0,82      | 164         | 1                       | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO                                |
|                          | Biblioteca         | 1,24      | 248         | 65                      | AXEITADO                                |
|                          |                    | 0,82      | 164         |                         | AXEITADO                                |
|                          | Sala de Mestres    | 0,82      | 164         | 12                      | AXEITADO                                |
|                          | Comedor            | 1,57      | 314         | 238                     | AXEITADO                                |
|                          | Despensa 2         | 0,82      | 164         | 0                       | AXEITADO                                |
|                          | Despensa 1         | 0,82      | 164         | 0                       | AXEITADO                                |
|                          | Cociña             | 0,69      | 138         | 5                       | NON AXEITADO<br>Ancho da porta < 0,80 m |
|                          | Salón de Actos     | 1,44      | 288         | 366                     | NON AXEITADO<br>A x P < Fluxo teórico   |
|                          | Aula               | 0,82      | 164         | 27                      | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 3                       | AXEITADO                                |
|                          | Aula Inglés        | 0,95      | 190         | 28                      | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 4                       | AXEITADO                                |
|                          | Aseos Minusválidos | 0,92      | 184         | 1                       | AXEITADO                                |
|                          | Informática        | 0,95      | 190         | 32                      | AXEITADO                                |
| Aseos                    | 0,82               | 164       | 4           | AXEITADO                |   |
| ALTA                     | Aula 1             | 0,82      | 164         | 28                      | AXEITADO                                |
|                          | Aula 2             | 0,82      | 164         | 19                      | AXEITADO                                |
|                          | Aula de Música     | 0,82      | 164         | 28                      | AXEITADO                                |
|                          | Aula 3             | 0,82      | 164         | 28                      | AXEITADO                                |
|                          | Almacén            | 0,82      | 164         | 0                       | AXEITADO                                |
|                          | Aula 4             | 0,82      | 164         | 27                      | AXEITADO                                |
|                          | Aula 5             | 1,24      | 248         | 28                      | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 4                       | AXEITADO                                |
|                          | Aseos              | 0,82      | 164         | 4                       | AXEITADO                                |
|                          | Aseos minusválidos | 0,92      | 184         | 1                       | AXEITADO                                |

|  |        |      |     |    |          |
|--|--------|------|-----|----|----------|
|  | Aula 6 | 0,82 | 164 | 28 | AXEITADO |
|--|--------|------|-----|----|----------|

| Planta                     | Saídas                           | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración |
|----------------------------|----------------------------------|-----------|-------------|-------------------------|------------|
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b> |                                  |           |             |                         |            |
| BAIXA                      | Aseos nenos                      | 0,8       | 160         | 9                       | AXEITADO   |
|                            | Aseos nenas                      | 0,8       | 160         | 9                       | AXEITADO   |
|                            | ANPA                             | 0,8       | 160         | 2                       | AXEITADO   |
|                            | Atención Educativa e Orientativa | 0,8       | 160         | 10                      | AXEITADO   |
|                            | Chaves de Auga                   | 0,6       | 120         | 0                       | AXEITADO   |
|                            | Cadros Eléctricos                | 0,6       | 120         | 0                       | AXEITADO   |
|                            | Taller                           | 1,62      | 324         | 20                      | AXEITADO   |
|                            | Conserxería                      | 0,8       | 160         | 1                       | AXEITADO   |
|                            | Xefatura de Estudos              | 0,8       | 160         | 1                       | AXEITADO   |
|                            | Orientación                      | 0,8       | 160         | 1                       | AXEITADO   |
|                            | Secretaría                       | 0,8       | 160         | 3                       | AXEITADO   |
|                            | Secretario                       | 0,8       | 160         | 1                       | AXEITADO   |
|                            | Dirección                        | 0,8       | 160         | 1                       | AXEITADO   |
|                            | Aseos Profesores                 | 0,8       | 160         | 3                       | AXEITADO   |
|                            | Sala de Mestres                  | 0,8       | 160         | 8                       | AXEITADO   |
|                            | Aseos                            | 0,8       | 160         | 3                       | AXEITADO   |
|                            | Biblioteca                       | 1,62      | 324         | 30                      | AXEITADO   |
|                            | Almacén de Material Deportivo    | 0,8       | 160         | 0                       | AXEITADO   |
| Sala de Xogos              | 1,62                             | 324       | 22          | AXEITADO                |            |

| Planta          | Saídas           | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración |
|-----------------|------------------|-----------|-------------|-------------------------|------------|
| ALTA            | Aula 1           | 1,24      | 248         | 32                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 2           | 1,24      | 248         | 32                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 3           | 1,24      | 248         | 31                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 4           | 1,24      | 248         | 31                      | AXEITADO   |
|                 | Aula Plástica    | 1,24      | 248         | 33                      | AXEITADO   |
|                 | Aula de Música   | 1,24      | 248         | 33                      | AXEITADO   |
|                 | Seminario 1      | 0,8       | 160         | 2                       | AXEITADO   |
|                 | Seminario 2      | 0,8       | 160         | 2                       | AXEITADO   |
|                 | Seminario 3      | 0,8       | 160         | 2                       | AXEITADO   |
|                 | Seminario 4      | 0,8       | 160         | 2                       | AXEITADO   |
|                 | Seminario 5      | 0,8       | 160         | 2                       | AXEITADO   |
|                 | Aula Informática | 1,24      | 248         | 10                      | AXEITADO   |
|                 | Laboratorio      | 1,24      | 248         | 11                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 5           | 1,24      | 248         | 31                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 6           | 1,24      | 248         | 31                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 7           | 1,24      | 248         | 32                      | AXEITADO   |
|                 | Aula 8           | 1,24      | 248         | 32                      | AXEITADO   |
|                 | Almacén          | 0,8       | 160         | 0                       | AXEITADO   |
|                 | Aseos nenos      | 0,8       | 160         | 5                       | AXEITADO   |
|                 | Aula Desdobre 2  | 0,8       | 160         | 18                      | AXEITADO   |
| Aula Desdobre 1 | 0,8              | 160       | 18          | AXEITADO                |            |
| Aseos nenas     | 0,8              | 160       | 6           | AXEITADO                |            |
| Aseos           | 0,8              | 160       | 3           | AXEITADO                |            |

### 3.2.4.2. ESCALEIRAS

Para a determinación da idoneidade dos anchos de paso de escaleiras adóptase como criterio o contraste dos anchos de paso de cada unha das escaleiras cos valores da táboa 4.2 do CTE DB-SI3 “Capacidade de evacuación das escaleiras en función da súa anchura”.O fluxo teórico corresponde á ocupación teórica calculada anteriormente e a súa distribución atende a proximidade da escaleira respectando distancias de percorrido máximas permitidas.

Este criterio atende os seguintes criterios:

- ➔ Ancho da escaleira (m).
- ➔ Tipo de evacuación: Ascendente ou descendente
- ➔ Tipo de escaleira: Protexida ou Non protexida

Existen as seguintes posibilidades resultantes do cálculo feito:

|  |  |
|--|--|
| <b>Escaleiras non protexidas de evacuación descendente</b>           | <i>Ancho libre da escaleira (m) x 160 ≥ Fluxo teórico: ESCALEIRA AXEITADA</i>          |
|  | <i>Ancho libre da escaleira (m) x 160 &lt; Fluxo teórico: ESCALEIRA NON AXEITADA</i>   |
| <b>Escaleiras non protexidas de evacuación ascendente</b>            | <i>Ancho libre da escaleira (m) x 132 ≥ Fluxo teórico: ESCALEIRA AXEITADA</i>          |
|  | <i>Ancho libre da escaleira (m) x 132 &lt; Fluxo teórico: ESCALEIRA NON AXEITADA</i>   |
| <b>Escaleiras protexidas de evacuación ascendente ou descendente</b> | <i>Ancho libre da escaleira (m) x CP(*) ≥ Fluxo teórico: ESCALEIRA AXEITADA</i>        |
|  | <i>Ancho libre da escaleira (m) x CP(*) &lt; Fluxo teórico: ESCALEIRA NON AXEITADA</i> |

(\*) CP = Capacidade Preestablecida da escaleira na táboa 4.2 do CTE DB SI3 atendendo ao número de plantas que posúe a escaleira protexida.

| Elemento de Evacuación  | Tipo                         | Percorrido       | Ancho real (m) | Capacidade evacuación | Fluxo teórico (persoas) | Valoración |
|---|------------------------------|------------------|----------------|-----------------------|-------------------------|------------|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b>  |                              |                  |                |                       |                         |            |
| Planta Baixa Edificio Infantil<br>(Entre Aula 3 e Aseos)              | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,9            | 304                   | 107                     | AXEITADO   |
| Planta Alta Edificio Infantil<br>(Á dereita da Aula 6)                | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,5            | 240                   | 106                     | AXEITADO   |
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b>  |                              |                  |                |                       |                         |            |
| Planta Baixa Edificio Primaria<br>(Entre Sala de Mestres e Aula 1)    | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,4            | 224                   | 136                     | AXEITADO   |
| Planta Baixa Edificio Primaria<br>(Acceso ó Comedor)                  | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 2,3            | 368                   | 238                     | AXEITADO   |
| Planta Baixa Edificio Primaria<br>(Á esquerda da Aula de Informática) | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,3            | 208                   | 28                      | AXEITADO   |
| Planta Baixa Edificio Primaria<br>(Á dereita da Aula de Inglés)       | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,3            | 208                   | 28                      | AXEITADO   |
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b>  |                              |                  |                |                       |                         |            |
| Planta Baixa Edificio Secundaria<br>Ezquerda                          | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,45           | 232                   | 223                     | AXEITADO   |
| Planta Baixa Edificio Secundaria                                      | Descendente<br>Non protexida | Primeira a Baixa | 1,45           | 232                   | 177                     | AXEITADO   |

Dereita

A valoración do ancho das escaleiras considérase axeitado, posto que, estase a considerar para a realización dos cálculos a ocupación teórica simultánea de todos os locais, non sendo este o caso real xa que se os alumnos se encontran nas aulas non poden ocupar simultaneamente a biblioteca, comedor, laboratorio...etc.

No caso de producirse aglomeracións do persoal da terceira planta co persoal da segunda planta o co persoal da primeira planta, nas escaleiras de baixada, o ancho das escaleiras non sería axeitado.

No caso de que se vise afectada, pola situación de emerxencia, unha das escaleiras, o ancho da escaleira non afectada non sería axeitado.

### 3.2.4.3. SAÍDAS AO EXTERIOR

Existen dúas posibilidades resultantes do cálculo feito:

- ➔ Ancho libre do acceso (m) x 200 ≥ Fluxo teórico: ACCESO AXEITADO
- ➔ Ancho libre do acceso (m) x 200 < Fluxo teórico: ACCESO NON AXEITADO

| Saída                             | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración                     |
|-----------------------------------|-----------|-------------|-------------------------|--------------------------------|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b>          |           |             |                         |                                |
| BAIXA<br>Entrada principal        | 1,5       | 300         | 213                     | AXEITADO                       |
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b>          |           |             |                         |                                |
| PLANTA BAIXA<br>Entrada Principal | 2,00      | 400         | 207                     | AXEITADO                       |
| PLANTA BAIXA<br>Aula de Inglés    | 0,95      | 190         | 28                      | AXEITADO                       |
| PLANTA BAIXA<br>Cociña            | 0,69      | 138         | 5                       | NON AXEITADO<br>A < 0,8 metros |
| PLANTA BAIXA<br>Despensas         | 0,78      | 156         | 5                       | NON AXEITADO<br>A < 0,8 metros |



| Saída  | Ancho (m) | Ancho x 200 | Fluxo teórico (persoas) | Valoración                            |
|--|-----------|-------------|-------------------------|---------------------------------------|
| PLANTA BAIXA<br>Comedor                        | 1,57      | 314         | 238                     | AXEITADO                              |
| PLANTA BAIXA<br>Salón de Actos                 | 1,44      | 288         | 366                     | NON AXEITADO<br>A x P < Fluxo teórico |
| PLANTA BAIXA<br>Escenario do<br>Salón de Actos | 0,77      | 164         | 53                      | NON AXEITADO<br>A < 0,8 metros        |
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b>                     |           |             |                         |                                       |
| PLANTA BAIXA<br>Entrada Principal              | 4,86      | 976         | 481                     | AXEITADO                              |
| PLANTA BAIXA<br>Corredor Taller                | 0,76      | 152         | 20                      | NON AXEITADO<br>A < 0,8 metros        |
| PLANTA BAIXA<br>Taller                         | 1,8       | 360         | 20                      | AXEITADO                              |
| PLANTA BAIXA<br>Na Sala de<br>Lectura          | 1,62      | 324         | 22                      | AXEITADO                              |

A distribución de aulas e locais cara ás saídas ao exterior pode verse nos planos do anexo III.

#### 3.2.4.4. PERCORRIDOS MÁXIMOS, DISPOSICIÓN E NÚMERO DAS SAÍDAS/ESCALEIRAS

Só poderán dispor dunha única saída os recintos nos que se cumpran as seguintes condicións segundo indica a Táboa 3.1. do apartado 3 do DB SI3:

- ❖ A ocupación non exceda 100 persoas, **excepto** no seguinte caso:
  - ⊗ 50 persoas en zonas dende as que a evacuación cara a unha saída de planta deba salvar unha altura maior de 2 m en xeito ascendente.
  - ⊗ **50 alumnos en escolas de ensinanza primaria ou secundaria.**
- ❖ A lonxitude dos percorridos de evacuación cara a algunha saída de planta no exceden de 25 m, **excepto** no seguinte caso:
  - ⊗ 50 m se se trata dunha planta que ten unha saída directa ao espazo exterior seguro e a ocupación no excede de 25 persoas.

No resto dos casos, será preciso a disposición de varias saídas, de xeito tal, que os percorridos de evacuación cumpran ó mesmo tempo as seguintes condicións:

- ⊗ A lonxitude dos percorridos de evacuación ata algunha saída de planta non exceda de 50 m.
- ⊗ A lonxitude dos percorridos de evacuación dende o seu orixe ata chegar a algún punto dende o cal existan ao menos dous percorridos alternativos non excede de 25 m.
- ⊗ **A lonxitude dos percorridos de evacuación dende o seu orixe ata algunha saída de planta non excede de 35 metros en plantas de escola infantil ou de ensinanza primaria.**

**Valoración:** De acordo co CTE actual, o edificio de INTANTIL debería dispoñer de máis dunha saída de planta e de edificio debido a que a ocupación teórica é maior a 50 alumnos. NON AXEITADO.

En PRIMARIA e SECUNDARIA, os percorridos de evacuación son axeitados posto que a súa lonxitude non é superior ós 35 metros indicados no Documento Básico SI. Estes edificios dispoñen de máis dunha saída de planta e de recinto.

**3.2.5. IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS TANTO AFECTADAS  
POLA ACTIVIDADE COMO ALLEAS**

O persoal que traballa no centro de traballo especificase nas táboas seguintes:

| CLASIFICACIÓN DE USUARIOS     | DESCRIPCIÓN USUARIOS            | Nº DE USUARIOS | HORARIOS  |
|-------------------------------|---------------------------------|----------------|---|
| PERSONAL DE PLANTILLA         | Profesores                      | Aprox 30       | <b>Infantil y Primaria</b><br>De luns a venres de 9:00 h ata 14:00 h.<br>Comedor: de luns a venres de 14:00 h ata 14:30 h.<br>Recreo: de luns a venres de 14:30 h ata 15:30 h.<br><b>Secundaria</b><br>Luns de 9:00 h ata 14:30 h e de 15:45 h ata 17:25 h.<br>De martes a venres de 9:00 h ata 14:30 h.<br>Comedor: de luns a venres de 14:30 h ata 15:30 h. |
|                               | Cociñeiras                      | 4              | De luns a venres de 9:00 h ata 16:30 h  |
|                               | Auxiliar Administrativo         | 1              | Luns de 9:00 h ata 17:30 h<br>Martes a venres de 9:00 h ata 16:00 h   |
| PERSONAL DE EMPRESAS EXTERNAS | Conserxes do Concello           | 2              | De luns a venres de 8:00 h ata 16:00 h  |
|                               | Padres Colaboradores co Comedor | 7              | De luns a venres de 13.15 h ata 15:30 h e de 15:00 h ata 20:00 h  |
|                               | Persoal de Limpieza             | 2              | De luns a venres de 15:00 h ata 23:00 h   |
|                               | Monitores                       | 8              | De luns a venres de 7:30 ata 9:00 h<br>De luns a venres de 15:30 h ata 18:00 h<br>De luns a venres de 15:20 h ata 16:20 h<br>Venres de 16:00 h ata 18:00 h  |
| ALUMNOS                       | Nenos de 3 anos ata 18 anos     | Aprox 265      | Como profesores   |
| VISITANTES                    | Pais de alumnos                 | Variable       | Variables a entrada/saída dos alumnos   |

## 4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN

### 4.1. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS QUE DISPÓN A ENTIDADE PARA CONTROLAR OS RISCOS DETECTADOS, ENFRONTAR AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E FACILITAR A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIA

No presente apartado enuméranse e describen cales son os elementos e medios de protección humanos e materiais que dispón o centro para enfrontarse a unha situación de emerxencia.

#### 4.1.1. MEDIOS HUMANOS

Os medios humanos dispoñibles do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO para facer fronte a unha posible situación de emerxencia son:

| DESCRICIÓN USUARIOS             | Nº DE USUARIOS | HORARIOS   |
|---------------------------------|----------------|--|
| Profesores                      | 30             | <p><b>Infantil y Primaria</b><br/>De luns a venres de 9:00 h ata 14:00 h.<br/>Comedor: de luns a venres de 14:00 h ata 14:30 h.<br/>Recreo: de luns a venres de 14:30 h ata 15:30 h.</p> <p><b>Secundaria</b><br/>Luns de 9:00 h ata 14:30 h e de 15:45 h ata 17:25 h.<br/>De martes a venres de 9:00 h ata 14:30 h.<br/>Comedor: de luns a venres de 14:30 h ata 15:30 h.</p> |
| Cociñeiras                      | 4              | De luns a venres de 9:00 h ata 16:30 h   |
| Auxiliar Administrativo         | 1              | Luns de 9:00 h ata 17:30 h<br>Martes a venres de 9:00 h ata 16:00 h  |
| Conserxes do Concello           | 2              | De luns a venres de 8:00 h ata 16:00 h   |
| Padres Colaboradores co Comedor | 7              | De luns a venres de 13.15 h ata 15:30 h  |
| Persoal de Limpieza             | 2              | De luns a venres de 15:00 h ata 23:00 h  |
| Monitores                       | 8              | De luns a venres de 7:30 ata 9:00 h<br>De luns a venres de 15:30 h ata 18:00 h<br>De luns a venres de 15:20 h ata 16:20 h<br>Venres de 16:00 h ata 18:00 h   |
| <b>TOTAL</b>                    | <b>54</b>      |  |

#### 4.1.2. MEDIOS MATERIAIS

A distribución destes medios materiais de protección contra incendios, indícanse nos planos do anexo III do presente Plan de Autoprotección.

##### 4.1.2.1. DETECCIÓN E ALARMA

Débase dispor de sistemas que permitan unha rápida comunicación das emerxencias no interior do centro, por medio de sirenas, alarmas, megafonía u outros medios dispoñibles.

##### 4.1.2.1.1. SISTEMA DE COMUNICACIÓN DE ALARMA

Segundo o Regulamento de instalacións de protección contra incendios (R.D. 513/2017) o sistema manual de alarma de incendios está constituído por un conxunto de interruptores que permiten provocar voluntariamente e transmitir unha sinal a central de control e sinalización, de tal xeito que sexa doado identificar a zona no que foi activado o interruptor.

O interruptor é un dispositivo de cor vermello, que está protexido por un cristal doado de romper, que permite o disparo manual da alarma.

Forma de funcionamento: Romper o cristal e accionar o botón do interruptor, deste xeito actívase o circuíto de alarma.

Cando sexa requirida a instalación dun sistema manual de alarma de incendio, situarase, en todo caso, un interruptor xunto a cada saída de evacuación do sector de incendio, e a distancia máxima a recorrer dende calquera punto ata alcanzar un interruptor non debe superar os 25 m.

O establecemento consta desta instalación repartida do seguinte xeito:

| PLANTA     |       | NÚMERO | UBICACIÓN              |
|------------|-------|--------|------------------------|
| Infantil   | Baixa | 2      | Circulacións           |
|            | Alta  | 2      | Circulacións y Almacén |
| Primaria   | Baixa | 2      | Comedor y Circulacións |
|            | Alta  | 2      | Circulacións           |
| Secundaria | Baixa | 3      | Circulacións           |
|            | Alta  | 3      | Circulacións           |

#### **4.1.2.2. SISTEMAS CONTRAINCENDIOS**

##### **4.1.2.2.1. EXTINTORES PORTATILES**

Os extintores portátiles deberán cumprir co Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios.

Ademais, débese ter en conta que:

- emprazamento dos extintores portátiles de incendio permitirá que sexan visibles e accesibles dun xeito sinxelo.
- Estarán situados próximos ós puntos onde se estime maior probabilidade de iniciarse o incendio e a súa distribución será tal que o percorrido máximo horizontal, dende calquera punto do sector de incendio ata o extintor, non supere 15 m.
- Os extintores disporanse de xeito tal que poidan ser utilizados de maneira rápida e doada; sempre que sexa posible, situaranse nas paredes de xeito tal que o extremo superior do extintor atópese a unha altura sobre o chan entre 0,8 m e 1,2 m.

Para evitar que o extintor entorpeza a evacuación, en escaleiras e corredores é recomendable a súa colocación en ángulos mortos.

No centro atópanse extintores repartidos do seguinte xeito:

| PLANTA                     | TIPO                    | NÚMERO | UBICACIÓN  |
|----------------------------|-------------------------|--------|--|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b>   |                         |        |  |
| Baixa                      | Po ABC 6 kg 27A 183B    | 1      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Corredor principal</li> </ul>   |
| Alta                       | Po ABC 6 kg 27A 183B    | 2      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Corredor Principal</li> </ul>   |
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b>   |                         |        |  |
| Baixa                      | CO <sub>2</sub> 5kg 89B | 2      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Cociña</li> <li>Corredor Principal</li> </ul>   |
|                            | Po ABC 6 kg 27A 183B    | 7      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Corredor Principal</li> <li>No Salón de Actos</li> <li>Cociña</li> </ul>                              |
|                            | Tipo F                  | 1      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Campaña extractora en cociña</li> </ul>   |
| Alta                       | Po ABC 6 kg 27A 183B    | 2      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Corredor Principal</li> </ul>   |
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b> |                         |        |  |
| Baixa                      | CO <sub>2</sub> 5kg 89B | 3      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Taller</li> <li>Conserxería</li> <li>Cadro eléctrico</li> </ul>                                       |
|                            | CO <sub>2</sub> 2kg 34B | 1      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Almacén de Material Deportivo</li> </ul>  |
|                            | Po ABC 6 kg 27A 183B    | 3      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Fronte a Administración</li> <li>Corredor Biblioteca</li> <li>Corredor Taller</li> </ul>              |
| Alta                       | Po ABC 3 kg 8A 34B      | 1      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Laboratorio</li> </ul>  |
|                            | Po ABC 6 kg 27A 183B    | 3      | <ul style="list-style-type: none"> <li>Corredor Principal</li> <li>Corredor (Aula 1 – Aula 2)</li> <li>Corredor (Aula 5 – Aula 6)</li> </ul> |

#### 4.1.2.2.2. BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS

O sistema de Bocas de Incendio Equipadas componse dunha fonte de abastecemento de auga, unha rede de canalizacións para a alimentación de auga e as bocas de incendio equipadas. As BIE's están montadas sobre un soporte ríxido quedando a altura do seu su centro como máximo a 1,50 m sobre o nivel do chan.

Segundo o especificado no Regulamento de instalacións de protección contra incendios (R.D. 1942/1993, Apéndice 1, apartado 7), a rede de canalizacións deberá proporcionar, durante unha hora, como mínimo, na hipótese das dúas BIE's hidráulicamente mais desfavorables, unha presión dinámica mínima de 2 bar no burato de saída de calquera B.I.E

O centro atópase protexido por BIE's do seguinte xeito:

| PLANTA                     | TIPO  | Nº BOCAS | UBICACIÓN  |
|----------------------------|-------|----------|--|
| <b>EDIFICIO INFANTIL</b>   |       |          |  |
| Baixa                      | 25 mm | 1        | • Corredor principal   |
| Primeira                   | 25 mm | 1        | • Corredor principal   |
| <b>EDIFICIO PRIMARIA</b>   |       |          |  |
| Baixa                      | 25 mm | 4        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Vestíbulo</li> <li>• Salón de actos</li> <li>• Comedor</li> <li>• Despensas cociña</li> </ul> |
| Primeira                   | 25 mm | 1        | • Corredor prinpipal   |
| <b>EDIFICIO SECUNDARIA</b> |       |          |  |
| Baixa                      | 25 mm | 2        | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Corredor prinpipal (Fronte a Dirección)</li> <li>• Corredor Taller</li> </ul>                 |
| Primeira                   | 25 mm | 2        | • Acceso a escaleiras  |



#### 4.1.3. ALUMEADO DE EMERXENCIA

É a parte do alumeado de seguridade previsto para garantir o recoñecemento e a utilización dos medios ou rutas de evacuación cando os locais estean ou poidan estar ocupados.

O alumeado de evacuación deberá poder funcionar, cando se produza o fallo da alimentación normal, como mínimo durante unha hora, proporcionando o alumeado previsto.

O establecemento dispón dunha instalación de alumeado de emerxencia composta por aparatos autónomos de batería que entran en funcionamento ao producirse un fallo no sistema de alumeado normal ou ao producirse unha baixada da intensidade da luz por debaixo do 70 % da súa intensidade normal.

| EDIFICIO   | PLANTA | NÚMERO | UBICACIÓN  |
|------------|--------|--------|--|
| INFANTIL   | Baixa  | 7      | En corredores, aulas e escaleiras                              |
|            | Alta   | 7      | En aulas, corredores e sala de mestres                         |
| PRIMARIA   | Baixa  | 31     | En aulas, aseos, comedor, salón de actos                       |
|            | Alta   | 15     | En aulas, corredor, aseos                                      |
| SECUNDARIA | Baixa  | 26     | En aulas, taller, aseos, corredores, secretaría, sala de xogos |
|            | Alta   | 33     | En escaleiras, aulas, corredores, seminarios, aseos            |

A instalación dos sistemas de alumeado de emerxencia cumprirá as seguintes condicións:

- Instalaranse ao menos a 2 m enriba do nivel do chan.
- Será fixa, estará provista de fonte propia de enerxía e entrará automaticamente en funcionamento ao producirse un fallo do 70 por cento da súa tensión nominal de servizo.
- Proporcionará unha iluminancia dun lux, como mínimo, no nivel do chan nos percorridos de evacuación.
- A iluminancia será, como mínimo, de cinco lux nos espazos con equipos de seguridade, instalacións de protección contra incendios de utilización manual e cadros de distribución
- A uniformidade da iluminación proporcionada nos distintos puntos de cada zona será tal que o cociente entre a iluminancia máxima e a mínima sexa menor que 40:1.
- Os niveis de iluminación establecidos deberán obterse sendo nulo o factor de reflexión de parede e teitos e contemplando un factor de mantemento que comprenda a redución do rendemento luminoso debido ao envellecemento das lámpadas e a sucidade das luminarias.

#### **4.1.4. SINALIZACIÓN**

A súa misión é a de sinalizar os equipos de extinción manual, as saídas normais ou de emerxencia e a dirección cara a estas no caso de fallo da rede do alumado xeral e do alumado de emerxencia.

Procederase a sinalización das saídas de uso habitual ou de emerxencia, así como as dos medios de protección contra incendios de utilización manual, cando non sexan doado localizalas dende algún punto da zona protexida, tendo en conta o disposto no Regulamento de sinalización dos centros de traballo, aprobado polo Real Decreto 485/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

O edificio dispón de algunha sinalización fotoluminiscente, tanto de percorridos de evacuación como de medios de protección contra incendios:

A localización das vías, saídas de evacuación e alumado de emerxencia do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO pode verse nos planos de Anexo III.


## 4.2. MEDIDAS E MEDIOS HUMANOS E MATERIAIS DISPOÑIBLES EN APLICACIÓN DAS DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE

### 4.2.1. MEDIOS HUMANOS

Todo o persoal da actividade está obrigado a participar no Plan de Autoprotección. Especificamente quedan reflectidas as persoas que compón os equipos de emerxencia e os procedementos de actuacións no capítulo 6 do presente documento.

O resto do persoal, que non se atope dentro de ditos equipos, estará informado das directrices do Plan de Autoprotección e seguirá, no caso de emerxencia, as indicacións que os equipos de emerxencia en conxunto establezan ao efecto:

Móstrase a continuación o Organigrama da emerxencia, especificado no apartado 6.3 do presente documento, o persoal que compón os distintos equipos deste organigrama así como as funcións dos mesmos e os procedementos de actuacións ante as Emerxencias:



#### **4.2.2. MEDIOS MATERIAIS**

##### **Centro de Control da emerxencia (C.C.E.).**

Estará situado na Dirección, sendo o lugar dende onde dirixiranse todas as accións relacionadas coa emerxencia. É o lugar onde estará situado o Xefe da emerxencia.

No caso de verse afectada a Dirección pola emerxencia, o Xefe da emerxencia decidirá a nova situación do C.C.E.

O Centro de Control da emerxencia debe dispor, como mínimo, dos seguintes elementos:

- Liñas de teléfono exterior.
- Liñas de teléfono interior.
- Teléfonos móbiles para comunicacións entre o Xefe da emerxencia cos Responsables dos diferentes grupos.
- Planos das Plantas e mapas da zona.
- Lista do persoal clave cas súas direccións e teléfonos.
- Plan de emerxencia.
- Lista dos servizos externos de emerxencia e dos organismos oficiais cas súas direccións e teléfonos.

##### **Centro de Control Avanzado da emerxencia (C.C.A.).**

É o lugar onde estará situado o Equipo de Intervención e a súa situación será no límite da zona de alerta mais próximo ao lugar onde aconteceu a emerxencia.

## **5. PROGRAMA DE MANTENIMENTO DE INSTALACIÓNS**

### **5.1. MANTENIMENTO PREVENTIVO DE INSTALACIÓNS DE RISCO QUE GARANTE O CONTROL DAS MESMAS**

Segundo o estipulado na regulamentación específica para cada unha das instalacións.

- a) Os aparatos, equipos, sistemas e compoñentes ós que se refire o presente apartado, someteranse a operacións de revisión despois dun incendio e, coa frecuencia que estableza a lexislación vixente para os diversos tipos de instalacións, ou fabricante, subministrador ou instalador, ou no seu defecto con frecuencia mínima anual.
- b) As actas das revisións que deban ser realizadas por empresas autorizadas e rexistradas polo órgano competente da Comunidade Autónoma, nas que debe figurar o nome, selo e número de rexistro correspondente, así como a firma do técnico que procedeu as mesmas, deberán estar a disposición dos servizos competentes de inspección en materia de prevención de incendios, ó menos durante cinco anos a partir da data de su expedición.
- c) En cada tipo de instalación, débense substituír ou reparar os compoñentes avariados cada vez que se detecten.

Os rexistros de mantemento estarán sempre dispoñibles para ser consultados ou revisados a petición dunha inspección.

Inclúese a continuación unha relación daquelas instalacións de risco, coas operacións mínimas de mantemento a realizar.

A continuación descríbense as operacións de mantemento preventivo das instalacións de risco existentes na instalación, axustadas á normativa específica, que garante o control das mesmas.

| APARATOS A PRESIÓN                      |                   |                           |  |                        |  |                                       |
|---|-------------------|---------------------------|--|------------------------|--|---------------------------------------|
| REGULAMENTO                             | APARATO           | LEXISLACIÓN QUE O SOPORTA | ITC QUE APLICA                           | PERIODOS DE INSPECCIÓN | TIPO DE INSPECCION                               |                                       |
| REGULAMENTO DE APARATOS A PRESIÓN (RAP) | CALDEIRAS         | R.D. 809/2021             | ITC EP-1<br>O.M 17-03-82<br>O.M 28-03-85 | 1 ano                  | Empresa Instaladora de Equipos a Presión (EIP-2) |                                       |
|   |                   |                           |  | 3 anos                 | Empresa Instaladora de Equipos a Presión (EIP-2) |                                       |
|   |                   |                           |  | 6 anos                 | Organismo de Control Autorizado (OCA)            |                                       |
|   | TERMINALES DE GNL |                           | ITC EP-7                                 | Recipientes            | 4 anos<br>6 anos                                 | Inspector/a propio                    |
|   |                   |                           |  |                        | 6 anos<br>12 anos                                | Organismo de Control Autorizado (OCA) |
|   |                   |                           |  | 12 anos<br>18 anos     | Organismo de Control Autorizado (OCA)            |                                       |
|   |                   |                           |  | Tuberías               | 6 anos<br>12 anos                                | Inspector/a propio                    |

A fabricación de equipos a presión, requiren marcado CE segundo a directiva 97/23/CE a partir do 30 de maio de 2002, para o que se refire a intervención dun Organismo Notificado.

**INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS (PCI)**

| REGULAMENTO                                | TIPO DE INSTALACIÓN    | LEXISLACIÓN QUE O SOPORTA | TIPO DE INSPECCIÓN | PERIODOS DE INSPECCIÓN | ALCANCE DE INSPECCION         |
|--|------------------------|---------------------------|--------------------|------------------------|-------------------------------|
| REGULAMENTO DE SEGURIDADE CONTRA INCENDIOS | Risco intrínseco baixo | R.D. 2267/2004            | PERIÓDICAS         | 5 anos                 | Valoración do risco táboa 1.2 |
|  | Risco intrínseco medio |                           |                    | 3 anos                 |                               |
|  | Risco intrínseco alto  |                           |                    | 2 anos                 |                               |

**INSTALACIÓNS ELECTRICA DE BAIXA TENSIÓN (REBT)**

| REGULAMENTO                                 | TIPO DE INSTALACIÓN  | LEXISLACIÓN QUE O SOPORTA | TIPO DE INSPECCIÓN | PERIODOS DE INSPECCIÓN            | ALCANCE DE INSPECCION                     |
|---|--|---------------------------|--------------------|-----------------------------------|---|
| REGULAMENTO ELECTROTÉCNICO DE BAIXA TENSIÓN | Pública concorrencia ITC BT 28   | R.D. 842/2002             | INICIAL            | Á posta en servizo da instalación | Revisión do proxecto e inspección inicial |
|   | Risco de incendio ou explosión clase I. Exceptúanse os garaxes con menos de 25 prazas. Ap. 4.2 |                           |                    |                                   |   |
|   | Mollados P>25Kw Ap. 2 da ITC BT30  |                           |                    |                                   |   |
|   | Alumeado exterior con P> 5 Kw (BT-09)  |                           |                    |                                   |   |
|   | As que requiren inspección inicial   |                           | PERIÓDICAS         | 5 anos                            | Segundo regulamento                       |

## **5.2. DESCRICIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN QUE GARANTE A OPERATIVIDAD DAS MESMAS**

O mantemento das instalacións de protección contra incendios está establecido no R.D. 1942/93 “Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios”. No Apéndice 2 do citado regulamento se establece o mantemento mínimo das instalacións de protección contra incendios.

Conforme ao Real Decreto 1.942/1.993, de 5 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de Protección Contra Incendios, publicado no BOE nº 298 do martes 14 de decembro de 1.993; e a Orde de 16 de abril de 1998 sobre Normas de Procedemento e Desenvolvemento do Real Decreto (BOE nº 101 de 28 de abril de 1998); os medios materiais de protección contra incendios someteranse ao programa mínimo de mantemento:

- ➔ As operacións de mantemento para o nivel 1 poderán ser efectuadas por persoal dun instalador ou un mantedor autorizado, ou polo persoal do usuario ou titular da instalación.
- ➔ As operacións de mantemento para o nivel 2 serán efectuadas por persoal do fabricante, instalador ou mantedor autorizado para os tipos de aparatos, equipos ou sistemas de que se trate, ou ben por persoal do usuario, se adquiriu a condición de mantedor por dispor de medios técnicos axeitados, a xuízo dos servizos competentes en materia de industria da Comunidade Autónoma de Galicia.

En todos os casos, tanto o mantedor como o usuario ou titular da instalación, conservarán constancia documental do cumprimento do programa de mantemento preventivo, indicando como mínimo: as operacións efectuadas, o resultado das verificacións e probas e a substitución de elementos que se houberan feito. As anotacións deberán levarse ao día e estarán a disposición dos servizos de inspección da Comunidade Autónoma.

Independentemente do establecido no programa de mantemento, as persoas designadas revisarán periodicamente de xeito visual, o bo estado de conservación de ditos medios, comunicando calquera deficiencia observada. o mantemento preventivo de dichas instalacións debe ser feito por unha empresa autorizada.



**OPERACIÓNS A REALIZAR POR PERSOAL DUNHA EMPRESA MANTEDORA AUTORIZADA, OU BEN, POLO PERSOAL DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN**

| Equipo ou sistema  | Cada tres meses  | Cada seis meses  |
|--|--|--|
| Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios. | Comprobación de funcionamento das instalacións (con cada fonte de subministro).<br>Substitución de pilotos, fusibles, etc., defectuosos.<br>Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición de auga destilada, etc.).  |  |
| Sistema manual de alarma de incendios.                   | Comprobación de funcionamento da instalación (con cada fonte de subministro).<br>Mantemento de acumuladores (limpeza de bornas, reposición de auga destilada, etc.).   |  |
| Extintores de incendio                                   | Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de conservación.<br>Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc.<br>Comprobación do peso e presión no seu caso.<br>Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas (boquilla, válvula, manguera, etc.).  |  |
| Sistemas de abastecemento de auga contra incendios       | Verificación por inspección de tódolos elementos, depósitos, válvulas, mandos, alarmas motobombas, accesorios, sinais, etc.<br>Comprobación de funcionamento automático e manual da instalación de acordo coas instrucións do fabricante ou instalador.<br>Mantemento de acumuladores, limpeza de bornas (reposición de auga destilada, etc.).<br>Verificación de niveis (combustible, auga, aceite, etcétera).<br>Verificación de accesibilidade a elementos, limpeza xeral, ventilación de salas de bombas, etc. | Accionamento e engraxe de válvulas.<br>Verificación e axuste de prensaestopas.<br>Verificación de velocidade de motores con diferentes cargas.<br>Comprobación de alimentación eléctrica, liñas e proteccións. |
| Bocas de incendio equipadas (BIE).                       | Comprobación da boa accesibilidade e sinalización dos equipos.<br>Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da boquilla caso de ser de varias posicións.<br>Comprobación, por lectura do manómetro, da presión de servizo.<br>Limpeza do conxunto e engraxe de peches e bisagras en portas do armario.  |  |
| Hidrantes.   | Comprobar a accesibilidade a o seu entorno e a sinalización nos hidrantes soterrados.<br>Inspección visual comprobando a estanquidade do conxunto.<br>Quitar as tapas das saídas, engraxar as roscas e comprobar o estado das xuntas dos racores.  | Engraxar a rosca de accionamento ou encher a cámara de aceite do mesmo.<br>Abrir e pechar o hidrante, comprobando o funcionamento correcto da válvula principal e do sistema de drenaxe.                       |

**OPERACIÓNS A REALIZAR POR PERSOAL DUNHA EMPRESA MANTEDORA AUTORIZADA, OU BEN, POLO PERSOAL DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN**

| Equipo ou sistema  | Cada tres meses   | Cada seis meses   |
|--|---|---|
| Columnas secas.  |   | <p>Comprobación da accesibilidade da entrada da rúa e tomas de piso.<br/>Comprobación da sinalización.<br/>Comprobación das tapas e correcto funcionamento dos peches (engraxa se é necesario).<br/>Comprobar que as chaves das conexións siamesas están pechadas.<br/>Comprobar que as chaves de seccionamento están abertas.<br/>Comprobar que todas as tapas de racores están ben colocadas e axustadas.</p> |
| <p>Sistemas fixos de extinción:<br/>Rociadores de auga. Auga pulverizada. Po. Escuma.<br/>Axentes extintores gaseosos.</p> | <p>Comprobación de que as boquillas do axente extintor ou rociadores están en bo estado e libres de obstáculos para o seu funcionamento correcto.<br/>Comprobación do bo estado dos compoñentes do sistema, especialmente da válvula de proba nos sistemas de rociadores, os mandos manuais da instalación dos sistemas de po, ou axentes extintores gasosos.<br/>Comprobación do estado de carga da instalación dos sistemas de po, anhídrido carbónico, ou hidrocarburos haloxenados e das botellas de gas impulsor cando existan.<br/>Comprobación dos circuitos de sinalización, pilotos, etc., nos sistemas con indicacións de control.<br/>Limpeza xeral de todos os compoñentes.</p> |   |

**OPERACIÓNS A REALIZAR POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DO FABRICANTE OU INSTALADOR DO EQUIPO OU SISTEMA OU POLO PERSOAL DA EMPRESA MANTEDORA AUTORIZADA.**

| Equipo ou sistema  | Cada ano   | Cada cinco anos   |
|--|--|---|
| Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios.   | <p>Verificación integral da instalación.</p> <p>Limpeza do equipo de centrais e accesorios.</p> <p>Verificación de unións roscadas ou soldadas.</p> <p>Limpeza e reglaxe de relés.</p> <p>Regulación de tensións e intensidades.</p> <p>Verificación dos equipos de transmisión de alarma.</p> <p>Proba remate da instalación con cada fonte de subministro eléctrico.</p>   |   |
| Sistema manual de alarma de incendios.   | <p>Verificación integral da instalación.</p> <p>Limpeza dos seus compoñentes.</p> <p>Verificación de unións roscadas ou soldadas.</p> <p>Proba remate da instalación con cada fonte de subministro eléctrico.</p>  |   |
| Sistema de abastecemento de auga contra incendios  | <p>Gama de mantemento anual de motores e bombas de acordo coas instrucións do fabricante.</p> <p>Limpeza de filtros e elementos de retención de sucidade en alimentación de auga.</p> <p>Proba do estado de carga de baterías e electrolito de acordo coas instrucións do fabricante.</p> <p>Proba, nas condicións da súa recepción, con realización de curvas do abastecemento con cada fonte de auga e de enerxía.</p>                         |   |
| Sistemas fixos de extinción:<br>Rociadores de auga. Auga pulverizada. Po. Escuma.<br>Axentes extintores gasosos. | <p>Comprobación integral, de acordo coas instrucións do fabricante ou instalador, incluíndo en todo caso:</p> <p>Verificación dos compoñentes do sistema, especialmente os dispositivos de disparo e alarma.</p> <p>Comprobación da carga de axente extintor e do indicador da mesma (medida alternativa do peso ou presión).</p> <p>Comprobación do estado do axente extintor.</p> <p>Proba da instalación nas condicións da súa recepción.</p> |   |
| Bocas de incendio equipadas (BIE).   | <p>Desmontaxe da manguera e ensaio desta en lugar axeitado.</p> <p>Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche.</p> <p>Comprobación da estanquidade dos racores e manguera e estado das xuntas.</p> <p>Comprobación da indicación do manómetro con outro de referencia (patrón) acoplado no racor de conexión da manguera.</p>   | A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 kg/cm <sup>2</sup> . |

**OPERACIÓNS A REALIZAR POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DO FABRICANTE OU INSTALADOR DO EQUIPO OU SISTEMA OU POLO PERSOAL DA EMPRESA MANTEDORA AUTORIZADA.**

| <b>Equipo ou sistema</b>      | <b>Cada ano</b>  | <b>Cada cinco anos</b>  |
|-------------------------------|--|---|
| <b>Extintores de incendio</b> | <p>Comprobación do peso e presión no seu caso.</p> <p>No caso de extintores de po con botello de gas de impulsión comprobarase o bo estado do axente extintor e o peso e aspecto externo do botello.</p> <p>Inspección ocular do estado da manguera, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas.</p> <p>Nota: Nesta revisión anual non será necesaria a apertura dos extintores portátiles de po con presión permanente, salvo que nas comprobacións que se citan se observaranse anomalías que o xustifique.</p> <p>No caso de apertura do extintor, a empresa mantedora situará no exterior do mesmo un sistema indicativo que acredite que se fixo revisión interior do aparato. Como exemplo de sistema indicativo de que se fixo a apertura e revisión interior do extintor, pódese utilizar unha etiqueta indeleble, en forma de anel, que se coloca no pescozo da botella antes do peche do extintor e que no poida ser retirada sen que se produza a destrución ou deterioro da mesma.</p> | <p>A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo de acordo coa ITC-MIE-AP5 do Regulamento de aparatos a presión sobre extintores de incendios.</p> <p>Rexeitamento:</p> <p>Rexeitaranse aqueles extintores que, a xuízo da empresa mantedora presenten defectos que poñan en dúbida o correcto funcionamento e a seguridade do extintor ou ben aqueles para os que no existan pezas orixinais que garanten o mantemento das condicións de fabricación.</p> |

### **5.3. REALIZACIÓN DAS INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO CON NORMATIVA VIXENTE**

As inspeccións e/ou revisións están indicadas nos distintos Regulamentos de Seguridade e Regulamentación anexa á actividade. Na descrición dos anteriores apartados inclúese a periodicidade de inspección/revisión para non dispersar a información, de alí a súa inclusión nas anteriores táboas.

Tanto o mantedor como o usuario ou titular da instalación, conservarán constancia documental do cumprimento do programa de mantemento preventivo, indicando, como mínimo: as operacións efectuadas, o resultado das verificacións e probas e a substitución de elementos defectuosos que se houberan feito. As anotacións deberán levarse ao día e estarán a disposición dos servizos de inspección da Comunidade Autónoma.

Todas as instalacións técnicas susceptibles de orixinar ou propagar un incendio no Edificio (especialmente subministro e distribución eléctrica e climatización) serán sometidas as condicións de mantemento e uso establecidas na lexislación vixente.

As revisións periódicas e inspeccións a efectuar nas distintas instalacións quedarán rexistradas conforme a normativa dos regulamentos de instalacións vixentes.

CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO proporcionará a través do Director do Plan de Autoprotección toda a información referente a este punto que lle sexa solicitada pola Administración.

A xeito de resumen, a continuación inclúense revisións realizadas no centro en función da normativa vixente.



## 6. PLAN DE ACTUACIÓNS ANTE EMERXENCIAS

O Plan de Actuacións en Emerxencias pretende definir a organización e coordinación dos medios humanos e materiais, co fin de facer mais doada a comunicación, evacuación e a intervención inmediata ante unha situación de emerxencia, orixinada pola declaración dun incendio ou calquera outro accidente, fronte ao que resulte necesario levar a cabo, de xeito decontado, coordinado e eficaz, unha toma de decisións e unha serie de actuacións dirixidas a contrarrestar dito risco.

Para ser operativo, o plan de actuacións en emerxencia debe ter resposta clara, concreta e concisa as preguntas:

**¿Qué se fará?**

**¿Quen o fará?**

**¿Cando se fará?**

**¿Cómo o fará?**

**¿Onde se fará?**

Para elo debemos designar ó persoal encargado de poñer en práctica as medidas citadas. A especificidade das actuacións esixe que sexan traballadores coa formación necesaria, ser suficientes en número e dispor do material axeitado.

Ademais, o desenvolvemento do plan de actuacións en emerxencia debe ter en conta todas as situacións posibles e escenarios de actuacións para lograr unha axeitada implantación e funcionamento.

Dada a gran diversidade de accidentes que poden acontecer (accidente persoal, explosión, incendio, inundacións...), planearanse as actuacións a realizar no caso de calquera emerxencia, realizando unha clasificación previa dos tipos de emerxencias que se puideran producir.

**A organización interna de a emerxencia non pretende substituír os Servizos Exteriores, se non realizar as actuacións mais inmediatas ata que estes cheguen facéndose cargo da emerxencia**

### **6.1. IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS**

Os accidentes ou o risco de que estes se produzan valorarase en función da súa gravidade ou posibles consecuencias. Estas dependen normalmente dos seguintes parámetros:

- Medios necesarios para o seu control
  - Cos medios da zona afectada
  - Coa totalidade dos medios propios
  - Necesidade de medios de Axuda Externa
  
- Posible evolución
  - O accidente vai a menos
  - A situación está estabilizada
  - O accidente vai a mais
  
- Lugar de orixe e alcance da mesma
  - Riscos de orixe interno: o orixe ten lugar no interior do centro.
  - Risco de orixe externo: o orixe ten lugar no exterior das instalacións, pero as súas consecuencias poden afectar ao propio centro.

Neste apartado inclúese aqueles accidentes potencialmente mais importantes que poidan ter o seu orixe ou afectar o persoal e/ou as instalacións, os cales poden desembocar nunha situación de emerxencia e requirir da aplicación de diferentes accións para o seu control.

As emerxencias que se contemplan no presente Plan de Autoprotección pódense clasificar segundo varios criterios:



### **6.1.1. EN FUNCIÓN DO TIPO DE RISCO**

A Dirección Xeral de Protección Civil da Xunta de Galicia establece que as emerxencias “*son situacións de perigo que se producen cando un risco se materializa*”. Nunha situación deste tipo a información é un aspecto indispensable e é especialmente importante coñecer cómo actuar para evitar a improvisación. A clasificación das emerxencias, utilizada para a realización do Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA), adoptada no presente plan, é en función do tipo de risco e é a seguinte:

#### **DESASTRES NATURAIS**

Un desastre é unha alteración ecolóxica de inmensa magnitude. Requiren da participación conxunta de todas as organizacións dispoñibles ou asistencia externa (incluíndo estranxeira) para controlar e conter os seus efectos. o orixe é a propia Natureza e os seus efectos sobre os seres humanos poden ser inmediatos ou manifestarse no transcurso do tempo. o grao de control sobre os desastres é escaso ou nulo no seu orixe e desenvolvemento.

En Galicia determínanse os seguintes desastres naturais:

- Inundacións.
- Temporais (neve, vento, choiva.).
- Sismos.
- Derrubamentos, avalanchas, desprendementos de terras.

#### **CATÁSTROFES INDUCIDAS**

Son o resultado directo de accións intencionadas de individuos ou grupos aínda que a veces son a consecuencia da perda de control sobre unha situación. Sempre ten o seu orixe na decisión consciente dalgúns persoas que poden no prever as consecuencias da mesma. A capacidade de control é moi variable, pero pode ser suficiente para minimizar os seus efectos.

En función do PLATERGA, en Galicia determínanse as seguintes catástrofes inducidas:

- Incendios urbanos/forestais
- Incidentes en concentracións multitudinarias
- Actos terroristas.

## ACCIDENTES

Os accidentes son situacións de emerxencia provocadas polo home, xeralmente por omisión ou desleixo no cumprimento de normas, exceso de confianza, negligencia ou conduta imprudente (erros humanos) ou tamén por fallos tecnolóxicos que acontecen de xeito inadvertido ou casual. A capacidade de control limitase ao inicio e a recuperación. Son de tipoloxía e efectos moi variados sendo algúns extremadamente graves como os relacionados cos produtos químicos ou perigosos.

En Galicia, a Dirección Xeral de Protección Civil establece como exemplos de accidentes:

**Explosións:** Liberación brusca e violenta de certa cantidade de enerxía debido a unha transformación física ou química moi rápida. Pódense ceibar fragmentos a gran velocidade co risco de producir danos.

**Fugas:** Son escapes dun gas ou dun líquido contido nun recipiente. A sustancia ceiba pode ser perigosa (inflamable, corrosiva ou tóxica) e, segundo a súa concentración, podería comportar un risco para a saúde.

**Incendios:** Un incendio é unha reacción química con forte liberación de calor de xeito incontrolado. Poden producir queimaduras por radiación térmica ou molestias e intoxicacións a causa dos fumes (algúns incluso poden ser tóxicos).

Non obstante, a efectos do presente plan de emerxencia, considéranse emerxencias activadoras aquelas definidas no apartado 3.2. do mesmo.

### **6.1.2. EN FUNCIÓN DA GRAVIDADE**

#### **❖ Conato de emerxencia.**

É aquela situación de anormalidade ou accidente que pode ser controlada e domeada de xeito sinxelo e rápido, polo persoal e medios de protección do local, dependencia ou sector.

Os criterios ou condicións que se consideran suficientes para a declaración dun Conato de emerxencia son:

- Previsión ou inicio de inundacións.
- Pequenos lumes susceptibles de ser extinguidos axiña coa axuda dun extintor portátil (papeleira, equipo informático, cadro eléctrico secundario.)
- Intento de intrusión ou sabotaxe.
- Accidente persoal de baixa gravidade.
- Explosións ou circunstancias perigosas externas que non afecten potencialmente á seguridade da instalación.
- Calquera outro suceso que, a xuízo do Xefe da Emerxencia sexa merecedor de tal categoría.

#### **❖ Emerxencia Xeral**

É o accidente que precisa da actuación de tódolos equipos e medios de protección do centro e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores.

A Emerxencia Xeral comportará a parada de todas as actividades e operacións que se estean a realizar nas instalacións, e a concentración de todo o persoal no punto de reunión exterior (P.R.E.).

Os criterios ou condicións que se consideran dabondo para a declaración dunha Emerxencia Xeral son:

- Inundacións que comprometan a seguridade das instalacións.
- Calquera outro fenómeno natural que se produza e poña en perigo grave a instalación.
- Incendios dentro das instalacións que afecten ou poidan afectar a zonas perigosas e/ou non sexan susceptibles de ser controlados cos medios de extinción dispoñibles e que poidan afectar a gran parte do edificio, a edificios colindantes, sendo necesaria a axuda dos bombeiros.
- Incendio que comprometa a sistemas relacionados coa protección.
- Grandes avenidas de auga con tendencia a seguir subindo a curto prazo.
- Calquera outro fenómeno natural previsto que poña en perigo grave a instalación.
- Incendio en Salas de equipos auxiliares: torres de distribución de redes, voz e datos (RACK), caldeiras, aparatos elevadores, etc.

- Explosións ou previsión de explosións dentro da instalación que obriguen a Evacuación Xeral.
- A existencia doutras condicións que, a xuízo do Xefe da Emerxencia, faga necesaria a declaración desta categoría de emerxencia.

### **6.1.3. EN FUNCIÓN DA OCUPACIÓN E DISPOÑIBILIDADE DE MEDIOS HUMANOS**

#### **❖ Emerxencia durante a xornada laboral do centro (horario de profesores)**

Atópanse dispoñibles os medios humanos para afrontar a situación de emerxencia.

#### **❖ Emerxencia durante a hora da comida (de luns a venres de 14:30 h ata 15:30 h)**

Atópanse dispoñibles os pais colaboradores, o persoal de cociña e algúns dos profesores.

#### **❖ Emerxencia durante a xornada laboral do persoal da limpeza (de luns a venres de 15:00 h a 23:00 h)**

Atópanse dispoñibles os medios del persoal da limpeza para afrontar a situación de emerxencia.

#### **❖ Emerxencia durante as actividades extraescolares (de luns a venres de 7:30 h ata 9:00h e de 15:30h ata 18:30h)**

Atópanse dispoñibles os monitores.

#### **❖ Emerxencia fora da xornada laboral (de luns a venres de 24:00 h a 9:00 h, fins de semana e festivos)**

As instalacións atópanse valeiras.

## **6.2. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS**

Habitualmente, as consecuencias que se derivan dunha emerxencia son inversamente proporcionais a presteza e a eficacia na resposta. Canto antes sexa descuberta a situación de emerxencia mais posibilidades de éxito teremos en controlala. Con obxecto de limitar no posible os danos sobre persoas, medio ambiente e instalacións, o Plan de Actuacións estruturarase segundo a seguinte secuencia básica de intervención:

### **1. Detectar axiña o suceso e transmitir a alarma**

- Por percepción directa das persoas que estean na zona.
- Establecendo un Centro de Control da Emerxencia (Dirección planta baixa) que reciba todos os avisos e mobilice os Equipos de resposta organizados no Plan.

### **2. Dende o Centro de Control da Emerxencia mobilizar inmediatamente o persoal de intervención**

- Ao Xefe da Emerxencia.
- Ao Equipo de Intervención.
- Ao Equipo de Evacuación.
- Activación da alarma para mobilizar os Equipos.
- Os Medios de Axuda Exterior se a situación o require.

### **3. Realizar unha intervención eficaz sabendo en todo momento o que hai que facer**

- Na extinción do incendio: coñecer a ubicación e o uso axeitado dos medios de protección dispostos ao efecto.
- No control das instalacións que poden influír no seu desenvolvemento: ventilación, electricidade, líquidos e gases combustibles.
- No confinamento da zona: impedir no posible a propagación do fume e as lapas a outras zonas non afectadas inicialmente pechando portas e fiestras e retirando posibles materiais que puideran avivar a combustión. Illar a zona supón evitar a entrada de osíxeno que favorece o proceso de combustión e evitar a extensión do fume que facilita a propagación do lume e dificulta a evacuación dos ocupantes.
- Na recepción e información os Medios de Axuda Exterior mobilizados, para proceder ao rescate de persoas atrapadas se é precisa a intervención inmediata contra a situación de risco.
- Para o caso de ameaza de bomba inclúese procedemento específico.

**4. Evacuar preventivamente ós ocupantes para asegurar a súa integridade física**

- Na zona afectada, inmediatamente dirixida polo Equipo de Evacuación.
- Noutras zonas que puideran estar en perigo, organizada e dirixida polo Xefe da Emerxencia.

**5. Restablecer os servizos de xeito seguro**

- Finalización da situación de emerxencia.
- Información ao exterior.
- Valoración de danos e reposición de equipos utilizados.
- Retirada de residuos

**a DETECCION E ALERTA**

Da forma mais rápida posible, a detección e alerta poñerá en acción ao organigrama de actuacións ante emerxencias.

Todo o persoal existente nas instalacións do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO pode potencialmente detectar unha situación de emerxencia, e polo tanto, deberá transmitir a alerta ao resto do organigrama, para elo poderá facelo polos seguintes medios:

- Alertar os compañeiros próximos a través de viva voz
- Avisar a dirección

Calquera das seguintes condicións pode ser considerada como unha posible situación de emerxencia e polo tanto, detectada e notificada ao Centro de Control de Emerxencias (CCE):

- Dano, real ou potencial as persoas, bens, instalacións ou medio ambiente.
- Diminución das condicións de seguridade nas instalacións.
- Calquera outro suceso susceptible de producir unha situación de emerxencia.

En resumen, o Plan de Autoprotección activarase en calquera das circunstancias seguintes:

- Cando se reciba unha alarma procedente de calquera parte da instalación.
- Cando se reciba notificación procedente dalgún organismo exterior.

Cando o alumnado non poida ou deba decatarse, utilizaranse mensaxes cifrados ou códigos sonoros que só sexan coñecidos polos mestres/as, para que estean preparados para o seguinte tipo de emerxencia.

No caso de que sexa un alumno quen detecte a situación de emerxencia, deberá alertar inmediatamente o persoal mais próximo pertencente ao CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO.

**b MECANISMOS DE ALARMA**

Neste apartado defínense os canais de comunicación entre os Grupos de Acción intervinientes na emerxencia, a tipoloxía dos posibles mensaxes entre eles (convocatoria, información, solicitude, ordes, etc, así como os medios de transmisión dos mesmos para cada un dos niveis de emerxencia.

Por último, en canto a terminoloxía proposta nas comunicacións do presente plan, cabe destacar as diferenzas existentes entre os seguintes comunicados:

**Alarma:** Primeiro aviso enviado ao CCE pola persoa que detecta a emerxencia.

**Aviso:** Notificación dunha situación de emerxencia dirixida á persoas ou entidades con actividade nas instalacións.

**Notificación:** Comunicación dunha situación de emerxencia a entidades ou organismos alleos o CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO

O persoal existente nas instalacións do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO que detecte unha situación de emerxencia, debe dar a alarma ao resto do organigrama, para elo, a información a transmitir mediante viva voz ou teléfonos interiores, debe comprender:

**QUEN** ..... **informa**

**QUÉ** ..... **acontece**


**ÓNDE** ..... **acontece**

*ANTE TODO MANTERÁ A CALMA, NON CORRENDO, NIN BERRANDO, E EVITARÁ PROVOCAR O  
PÁNICO PROPIO NOS DEMAIS.*

**¡¡ NON ASUMIRÁ RISCOS INNECESARIOS!!**



**ALARMA DE EMERXENCIA**



**b.1. IDENTIFICACIÓN DA PERSOA QUE DARÁ OS AVISOS**

|                    |                               |
|--------------------|-------------------------------|
| <b>Responsable</b> | DIRECTOR DO PLAN DE ACTUACIÓN |
| <b>Teléfono/s:</b> | 881866781                     |

**b.2 IDENTIFICACIÓN DO CENTRO DE COORDINACIÓN DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS DE PROTECCIÓN CIVIL**

|  |                |            |              |
|--|----------------|------------|--------------|
| <b>CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS GALICIA</b> |                | <b>112</b> |              |
| <b>Dirección:</b>                                | San Marcos s/n |            |              |
| <b>Poboación:</b>                                | A Coruña       | <b>FAX</b> | 981 54 14 14 |

**Ubicación do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia**

**Ubicación dentro da estrutura orgánica da XUNTA DE GALICIA**



**endereço postal**

Edificio de Usos Múltiples  
San Marcos - 15890  
Santiago de Compostela

Tif: 881-958000  
Fax: 981-541414


**endereço web**

mail: [webmaster112@xunta.es](mailto:webmaster112@xunta.es)  
web: [www.axega112.org](http://www.axega112.org)

c MECANISMOS DE RESPONSA ANTE EMERXENCIA

EMERXENCIA DURANTE A XORNADA LABORAL DO CENTRO (horario de profesores)

ACTUACIÓN NO CASO DE INCENDIO



Trala detección da emerxencia e a alerta, o equipo de primeira intervención co Xefe da Emerxencia, valorará intentar apagar o incendio (no caso de tratarse dun conato) mediante o emprego dos medios de extinción dispoñibles (sen expoñerse).

No caso de que o lume supere a fase de conato, avisarase de inmediato as axudas externas e evacuarase a zona (Plan de Actuacións ante emerxencias) tendo en conta estas indicacións:

1. Se o incendio é detectado por un traballador, este deberao comunicar ao Xefe da Emerxencia e aos compañeiros mais próximos.
2. Procure manter a calma.
3. Intentar controlar o conato, sempre que sexa posible, cos medios dispoñibles.
4. Se non fora posible o control do sinistro evacuar inmediatamente e informar.
5. Non se entretaña recollendo obxectos persoais pois iso pode supoñer unha perda de tempo importante.
6. Proceda a pechar portas e fiestras para evitar o avivamento do lume e a propagación do fume a outras dependencias, cerciorándose antes de que no quedan mais persoas na zona.
7. O Xefe da Emerxencia comunicará a situación ao resto de Grupos.
8. Dende o Centro de Control da Emerxencia activarase a sinal de Evacuación do edificio (tres toques prolongados do timbre interior, en caso de que este non funcione comunicarase polas aulas).
9. Avisarán ós Servizos Públicos de Emerxencias 112 informándolles de toda información relativa a emerxencia.
10. Coordinar a evacuación dos posibles ocupantes do edificio cara o punto de Reunión Exterior.
11. Impedir a entrada de persoas non autorizadas.
12. Recibir os Servizos Públicos de Emerxencias informándolles da situación, e facilitándolles o Plan de Autoprotección do edificio, así como as chaves mestras de todo o edificio.
13. Se atópase cunha nube de fume salga rente do chan.
14. Se atópase atrapado, intente avisar da súa situación e envólvese con roupa mollada procurando permanecer nas zonas mais ventiladas.

## **ACTUACIÓNS NO CASO DE AMEAZA DE BOMBA**

Existe pouca información fiable que nos permita diferenciar entre o que é en realidade unha ameaza de bomba verdadeira ou unha ameaza falsa. Por experiencias acumuladas, unha verdadeira ameaza tende a ser mais detallada que unha chamada de engano, pero esta información é puramente especulativa.

En todo caso, unha vez que a ameaza de bomba foi recibida, debe ser avaliada inmediatamente, para iso recolleranse os datos que se relacionan no Plan de Autoprotección. Estes datos deberán poñerse a disposición de todo o persoal encargado da recepción de chamadas, debendo ser instruídos especificamente na súa utilización.

A persoa que reciba a notificación, deberá estar advertida de cómo proceder a obtención do máximo número de datos, seguindo as instrucións que a continuación se describen:

- Conserve a calma, sexa cortés e escoite con atención.
- Se o teléfono que recibe a chamada dispón de identificación de chamadas, anotar o número de teléfono.
- Fíxese no seu acento, entoación e frases que usa e anote literalmente todo o que lle diga.
- Manteña na liña telefónica a persoa que chama, o maior tempo posible.

No caso de recibir unha ameaza de bomba, tanto por correo como telefonicamente, procederase da maneira seguinte:

### **Chamada telefónica / paquete sospeitoso**

1. No caso de recibir unha ameaza de bomba telefonicamente avisarase inmediatamente ao Xefe da Emerxencia, dando unha breve descrición da situación.
2. O Xefe da Emerxencia acudirá ao CCE, avaliará a situación e se fora preciso chamará a Policía Nacional a través do teléfono 091.
3. A persoa que recibirá a chamada debe cumprimentar o formato establecido ao efecto para ser entregado a Policía Nacional. Es preciso transcribir literalmente a mensaxe e recompilar o maior número de detalles posible.
4. Detectado un paquete u obxecto sospeitoso, illar o paquete, non movelo, tocalo ou perforalo; indagar sobre a posible existencia doutros obxectos sospeitosos, non pasar obxectos metálicos preto del, non usar teléfonos móbiles ou equipos electrónicos nas súas proximidades, prohibir fumar nas inmediacións, acordar un radio amplo da zona afectada.


5. O Xefe da Emerxencia avisará ós membros do Equipo de Evacuación para ordenar a todo o persoal presente na zona asignada que, deben deixar os traballos que estiveran facendo en condicións seguras, e que se dirixan ordenadamente cos alumnos, usuarios e visitas que houbera no centro ao exterior do edificio, ao punto de reunión exterior. Unha vez alí, tras realizar o recuento, comunicará o resultado do mesmo ao Xefe da Emerxencia, permanecendo todo o seu persoal concentrado no PRE, ata que a Policía Nacional de por rematada a emerxencia.
6. En calquera caso, débese informar inmediatamente ao Xefe da Emerxencia e tratar a información de xeito confidencial. o Xefe da Emerxencia informará a Policía no caso de dúbida tras comprobar a situación.
7. Non se deben mover obxectos, mobles nin intentar evacuar os vehículos. A busca dunha posible bomba non é responsabilidade do persoal presente no edificio.
8. Confirmado o risco ou ante a dúbida sobre a veracidade da ameaza débese aplicar o Plan de Evacuación. hai que valorar se a situación da ameaza inflúe nos percorridos de evacuación ou no punto de encontro. Neste caso, canalizar o fluxo de saída intentando evitar a exposición ao risco. Esperar a chegada da Policía Nacional.
9. Durante a evacuación deixaranse abertas portas e fiestras para reducir os posibles efectos da onda expansiva orixinada a raíz dunha explosión.
10. O Xefe da Emerxencia proporcionaralles os datos existentes e informará das accións realizadas ata o momento. As Forzas de Seguridade do Estado asumirán o mando e control das operacións. Todos os equipos poñeranse a súa disposición se estes o requiren.
11. O Xefe da Emerxencia quedará a súa disposición para o que se lle requira.

### **Falsa alarma / Emerxencia real**

1. Unha vez que a Policía comprobou a inexistencia do risco e previo informe favorable, determinarase o remate da emerxencia.
2. No caso de risco real ou dúbida, unicamente intervirá a policía no control da situación. Non obstante, como pauta xeral preventiva:
  - a. Atención a existencia doutros posibles artefactos explosivos
  - b. Impedir o acceso a zona
  - c. Alertar ós edificios do entorno próximo

- d. Considerar a ubicación das persoas evacuadas (manter a distancia de seguridade no exterior)
  - e. No caso de materialización do risco (explosión), avisar inmediatamente a Bombeiros e Ambulancias.
3. Declarar o remate da emerxencia unicamente cando as Autoridades determinen a existencia de garantías de seguridade dabondo.

Diagrama de actuacións aviso de bomba





**Formulario de ameaza de bomba**

| FORMULARIO DE AMEAZA DE BOMBA                               |                       |              |
|---|-----------------------|--------------|
| Número de teléfono do interlocutor:                         |                       |              |
| Número de teléfono da chamada entrante:                     |                       |              |
| DATOS VITALES   |                       |              |
| ¿Ónde está a bomba?:  |                       |              |
| ¿A qué hora estoupará?:                                     |                       |              |
| DATOS IMPORTANTES   |                       |              |
| ¿Qué clase de bomba é?:                                     |                       |              |
| ¿Qué aparencia ten?:  |                       |              |
| Outros datos a consignar da chamada. (Marcar o que proceda) |                       |              |
| Hora da chamada:  |                       |              |
|   |                       |              |
| Características da voz:                                     |                       |              |
| Calmada   | Baixa                 | Excitante    |
| Anoxada   | Alta                  | Hilarante    |
| Pausada   | Apresurada            | Chorosa      |
| Clara   | Susurrante            | Nasal        |
| Con tateo   | Ceceosa               | Ronca        |
| Grave   | Estridente            | Carrasposa   |
| Penetrante  | Quebrantada           | Disfrazada   |
| Con acento  | Coñecida              |              |
|   |                       |              |
| Ruídos de fondo   |                       |              |
| Sistema de altavoces  | Maquinaria de oficina | Cabina       |
| Maquinaria de fábrica                                       | Motor                 | Inexistentes |
| Distantes   | Voces                 | Música       |
| Ruídos de animais   | Ruídos da rúa         | Caseiros     |
|   |                       |              |
| Linguaxe do aviso   |                       |              |
| Educado   | Obsceno               | Irrracional  |
| Bébedo  | Incoherente           | Gravado      |

## **ACTUACIÓNS ANTE DERRUBAMENTO DO EDIFICIO OU EXPLOSIÓNS**

### **Derrubamento ou explosión**

1. Manteña a calma. Os membros dos Equipos de emerxencia deberán procurar que o persoal non caia no pánico colectivo, que agravaría a emerxencia.
2. Intentar que o persoal se mova axiña e con calma para saír do área.
3. Manter os ocupantes lonxe de fiestras e outras zonas que poidan romperse e caer sobre eles.
4. Se estiveran caendo obxectos, facer que os ocupantes se metan debaixo das mesas ou próximos os roncóns da dependencia.
5. Se hai un incendio, endegarse para evitar o fume e gases tóxicos.
6. Abandonado o edificio, diríxase con eles ao P.R.E.

### **Baixo os entullos**

1. Evitar axitar o po.
2. Cubrir a boca cun trapo ou coa roupa.
3. Se dispón do mesmo, utilizar un teléfono móbil para facer mais doada a busca.
4. Se no se dispón del, golpear unha canalización ou unha parede para que os rescatadores poidan sentir.
5. Berrar só como último recurso (o berrar fai que se inhale unha perigosa cantidade de po).
6. Nunca tratar de rescatar a alguén que está dentro dun edificio derrubado. Iso require equipos especiais e habilidades que só teñen os equipos de emerxencia exteriores.

## **ACTUACIÓNS NO CASO DE INUNDACIÓNS**

Cando se detecte unha fuga que pode provocar a inundación dunha zona ou unha inundación declarada na ubicación que sexa procederese do seguinte xeito:

1. Avisarase ao Xefe da Emerxencia, o cal dará as primeiras instrucións e disporá do persoal que estime necesario.
2. Utilizar botas de auga, chuvasqueiros e o equipamento que sexa necesario. o primeiro cometido será sempre descubrir a orixe que está provocando o sinistro. No caso de sinistro de elevada magnitude, sen previsión inmediata de redución, activarase a evacuación do centro.
3. Cortar o subministro de auga ao depósito ou canalización defectuosa e illalo. Parar os equipos de bombeo que o enchan ou presuricen, e cortarlles o subministro enerxético que proceda (eléctrico, vapor, gasóleo, etc.). Darlle unha saída conducida a auga retida se é posible, mediante apertura e posta en servizo doutros equipos.
4. Se se trata de infiltracións de auga de choiva, de redes de sumidoiros ou doutros couces de augas, tapar no posible con barreiras (trapos, sacos, etc.), ou con calquera material que sexa adaptable, a entrada de auga ao recinto que perigue de inundación, e procurar desviar a avenida de auga cara as zonas con capacidade de absorbela. Se non resultasen efectivas as medidas anteriores, colocar bombas somerxibles portátiles (se o centro dispón delas) para evacuar a auga do recinto cara a unha rede de saneamento en bo estado.
5. Tapar con plásticos e selar o mellor posible os equipos eléctricos existentes con risco de inundación ou que estean sufrindo chorreo de auga, e deixalos sen tensión se non houbera parada despois dun bo illamento. Calquera outro equipo ou produto que a auga poida danar ou mermar de características, selalo o mellor que se poida.
6. Se fora posible subir a plantas superiores equipos electrónicos de valor.
7. Secar con trapos as zonas mais críticas.
8. O Xefe da Emerxencia efectuará unha primeira avaliación dos danos causados para seleccionar os puntos de ataque principais, co obxecto de iniciar os traballos de mantemento encamiñados a deixar operativos os equipos afectados e poder restaurar o servizo dos mesmos con garantía de seguridade e regularidade de funcionamento.

No caso de que a inundación proveña dende o exterior das instalacións:

9. O Xefe da Emerxencia, deberá manterse informado pola radio ou outros medios. En función do indicado por Protección Civil valorarase a necesidade de realizar un confinamento ou evacuación.
10. Retirar do exterior do Centro (patio ou recinto) aqueles obxectos que poidan ser arrastrados pola auga, e que puideran obstruír as portas.
11. Revisar cada certo tempo o estado do tellado, a baixada de auga e os desaugadoiros próximos e sumidoiros (procurando que estean sempre limpos).
12. Colocar a documentación importante e os produtos perigosos nas zonas de menor risco de inundación.
13. Ter preparadas as plantas superiores por se houbera que facer un confinamento.
14. Se chegara a inundarse o Centro: abandonar os sótanos e planta baixa, desconectar a enerxía eléctrica.

### **ACTUACIÓNS NO CASO DE TEMPORAL DE VENTO E CHOIVA**

1. O Xefe da Emerxencias e o Responsable do control das comunicacións, deberán manterse informados pola radio u outros medios. En función do indicado por Protección Civil valorarase a necesidade de realizar un confinamento ou evacuación.
2. Afastarse de alambradas, verxas, fiestras e outros obxectos metálicos que existan no Centro.
3. Evitar as correntes de aire: pechar portas e fiestras.
4. Protexer os aparatos eléctricos desenchufándoos da rede .
5. Ter preparadas as plantas superiores por si hai que facer un confinamento.
6. No exterior (patio ou recinto) retirarse de muros, canastas, porterías, cornisas e árbores.

### **ACTUACIÓNS NO CASO DE NEVADA**

1. O Xefe da Emerxencia e o Responsable do control das comunicacións, deberán manterse informados pola radio u outros medios. En función do indicado por Protección Civil valorarase a necesidade de realizar un confinamento ou evacuación.
2. No caso de que sorprenda a nevada no Centro educativo, permanecer no interior do mesmo.
3. Manter portas e fiestras pechadas.

### **ACTUACIÓNS ANTE UN SINISTRO PRODUCIDO NO EXTERIOR**

1. Confirmar a ameaza.
2. Poñerse en contacto con EMERXENCIAS 112 para recibir instrucións se non o fixeron presencialmente os Bombeiros ou a Policía.
3. Se as instrucións van encamiñadas a evacuar o centro de ensinanza prepare os alumnos, visitas e outro persoal do centro para unha evacuación inminente.
4. Se a evacuación es inmediata, traslade o persoal ao PRE e quede a espera de recibir instrucións da Axuda Exterior.
5. Se a evacuación non pode realizarse permanecerá dentro do edificio aplicando as normas de confinamento.

### **ACTUACIÓNS ANTE UN SEISMO**

► Se atópase no interior dun edificio:

1. Buscar refuxio debaixo dos dinteles das portas ou dalgún moble sólido, como mesas ou escritorios, ou ben, xunto a un pilar ou parede mestra.
2. Manterse afastado de fiestras, vidreiras, vitrinas, tabiques e obxectos que poidan caerse e chegar a golpearlle.
3. Utilizar lanternas para o alumeado e evitar o uso de velas, mistos ou calquera tipo de lapa durante o inmediatamente despois do tremor, que poidan provocar unha explosión ou incendio.

► Se atópase no exterior:

1. Buscar espazos abertos e afastarse das fachadas de edificios, redes eléctricas, postes ou árbores.
2. Se houbera algún ferido, contactar co Xefe da Emerxencia, será o encargado do seu traslado a un lugar seguro e de solicitar asistencia sanitaria.
3. No caso de desencadearse un incendio, explosión, accidente de vehículos ou maquinaria ou calquera outra situación de emerxencia, procederase segundo se detalla nos procedementos específicos desenvolvidos para estes casos, sempre seguindo as instrucións precisas indicadas polo Xefe da Emerxencia.

## **ACTUACIÓNS ANTE UN DERRAMO DE PRODUTO**

As accións básicas a desenvolver ante un derramo de produto son as seguintes:

1. Dar a alarma os compañeiros próximos e ao Xefe de Emerxencias.
2. Parar os traballos de zonas próximas que poidan verse afectadas, deixándoas en condicións seguras. Cortar a electricidade de equipos de traballo e instalacións que poidan verse afectados, sempre que no se incorra en perigo.
3. Colocarse os equipos de protección axeitados<sup>1</sup>.
4. Acordar a zona e restrinxir o acceso ao área afectada mantendo o persoal sen protección fora da zona afectada, e colocarse en dirección contraria a do vento.
5. Intentar conter o derramo por peche de válvulas, selado de fisuras, etc..., sempre que o acceso non implicase ningún perigo.
6. Confinar o líquido impedindo o movemento do mesmo cara a zonas indesexadas (equipos, sumidoiros, zonas pechadas, etc) mediante a creación de diques con materiais compatibles. Evitar o contacto prolongado co produto derramado.
7. Eliminar posibles focos de ignición.
8. Cubrir mediante espuma contra incendios a superficie do derramo para selar a emisión de vapores, tendo en conta o aumento de volume da poza.
9. No caso de usar espuma, os seus efectos poden ser a curto prazo. Continuar coa aplicación de espuma ata que o produto se elimine.
10. Succionar e traspasar, se é posible, o produto derramado mediante mangueriras axeitadas e bombas a un tanque baleiro.
11. Absorber o resto do produto derramado con absorbentes axeitados (area, arxila, vermiculita, etc...).
12. Tratar os absorbentes contaminados, se teñen medios para elo, ou xestionar o seu tratamento

1.-Os equipos de protección persoal constarán dos seguintes elementos:

*Roupa protectora requirida:* Debe prever o contacto repetido e prolongado da pel e calquera posibilidade de contacto cos ollos. Debe incluír botas de goma, luvas, visores, gafas de seguridade contra salpicaduras e outras roupas resistentes e impermeables.

*Protección respiratoria:* Para concentracións descoñecidas, loita contra incendios ou altas concentracións (por enriba de 2.000 p.p.m.), un aparato respiratorio independente (SCBA) con visor que cubra toda a cara (ou equivalente). Para concentracións menores, unha máscara de gas coa bombona de vapor orgánico acoplada á barbela ou montada ao fronte ou as costas (2.000 p.p.m. ou menos), ou un respirador de cartucho de vapor orgánico con visor que cubra toda a cara dentro das limitacións de uso destes dispositivos.

### **ACTUACIÓNS ANTE UNHA EXPLOSIÓN.**

Poden ter lugar explosións se inflaman os vapores nun área pechada. hai tamén unha posibilidade limitada de que os tanques se poidan romper violentamente co lume, se estiveran expostos un tempo excesivo sen refrixeración.

O Xefe da Emerxencia debe prever esta posibilidade, e no caso de producirse unha decoloración do tanque ou un son crecente na válvula de seguridade (P.S.V.), retiraranse inmediatamente, refuxiándose nun lugar seguro fora do alcance dos proxectís.

Decretarase a Emerxencia Xeral.

Unha vez que se produza a explosión, actuarase analogamente ao caso de incendio e/ou derramo de produto inflamable.

### **ACTUACIÓNS ANTE EMERXENCIA EN PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.**

No caso de que a emerxencia se produza no pavillón polideportivo, as medidas a adoptar son as seguintes:

1. Alertar os compañeiros.
2. Notificación da emerxencia ao Xefe de Emerxencias quen realizará unha primeira valoración e dará instrucións ao respecto.
3. O Xefe de Emerxencias comunicará a situación ao propietario do pavillón polideportivo e se o considera necesario aos medios de axuda exteriores.
4. O Xefe de Emerxencias avisase o persoal do equipo de apoio para que presten axuda ao persoal que se encontra dentro do pavillón.
5. O persoal que se encontra no interior do pavillón, realizará unha primeira intervención en caso de tratarse de pequenos lumes ou derramos.
6. Se procedera á evacuación total do pavillón dirixindo os alumnos cara ao punto de reunión exterior, asegurándose que non quede ninguén dentro.
7. En caso de encontrarse un profesor só no pavillón cos seus alumnos, notificase a situación ao Xefe de Emerxencias e inmediatamente procedera á evacuación cara ao punto de reunión dos alumnos, sendo o último en saír do centro, asegurándose que non quede ninguén dentro.

### **EMERXENCIA DURANTE A HORA DA COMIDA (DE LUNS A VENRES DE 14:30 H ATA 15:30 H)**

Neste horario se encontra presente no Centro os vixiantes do comedor e o persoal de cociña, polo que as actuacións a realizar serán:

1. Alertar os compañeiros.
2. Notificación da emerxencia ao Xefe de Emerxencias quen realizará unha primeira valoración e dara instrucións ao respecto.
3. Realizar unha primeira intervención básica en caso de tratarse de pequenos lumes ou derramos.
4. O Xefe de Emerxencias notificase aos medios de axuda exterior a situación de emerxencia, no caso de non poder contactar co director, sera o persoal que se encontra presente no centro o que realizara a notificación ao **112**
5. Se procedera á evacuación total do comedor dirixindo os alumnos cara ao punto de reunión exterior, asegurándose que non quede ninguén dentro.
6. En caso de encontrarse unha persoa soa no comedor cos alumnos, notificase a situación ao Xefe de Emerxencias e inmediatamente procedera á evacuación cara ao punto de reunión dos alumnos, sendo o ultimo en saír do comedor, asegurándose que non quede ninguén dentro.

### **EMERXENCIA DURANTE A XORNADA LABORAL DO PERSOAL DA LIMPEZA (DE LUNS A VENRES DE 15:00 H ATA 23:00 H)**

Neste horario soamente se encontra presente no Centro o persoal de limpeza, polo que as actuacións a realizar serán:

1. Alertar os compañeiros.
2. Notificación da emerxencia ao Xefe de Emerxencias quen realizará unha primeira valoración e dará instrucións ao respecto.
3. Realizar unha primeira intervención básica en caso de tratarse de pequenos lumes ou derramos.
4. O Xefe de Emerxencias notificase aos medios de axuda exterior a situación de emerxencia, no caso de non poder contactar co director, sera o persoal que se encontra presente no centro o que realizara a notificación ao **112**
5. Evacuación das instalacións.
6. Esperar no exterior das instalacións, e nun lugar seguro, a chegada do Xefe de Emerxencias e dos medios de axuda exteriores para poñelos ao corrente da situación e das accións levadas a cabo.



**RESTABLECEMENTO DO SERVIZO**

| <b>RESTABLECEMENTO DO SERVIZO</b>                            |  |
|--|--|
| <b>Fin da emerxencia</b>                                     | <ol style="list-style-type: none"><li>1. Cando non haxa a menor dúbida sobre a eliminación da situación de risco ou previo informe favorable dos Medios de Axuda Exterior mobilizados, o Xefe da Emerxencia solicitará o persoal o restablecemento de servizos e a recollida dos produtos verteduras ou residuos xerados como consecuencia do incidente.</li><li>2. O Equipo de emerxencia colaborará na volta a normalidade e na mais rápida reposición do servizo.</li></ol>   |
| <b>Información ao exterior</b>                               | <ol style="list-style-type: none"><li>1. O Xefe da Emerxencia elaborará o antes posible un listado de afectados, co fin de avisar a os seus familiares.</li><li>2. Salvo a información puramente operativa necesaria para os Servizos de Axuda Exterior, non está permitida a comunicación doutros datos. Se fora requirida información por calquera outro interlocutor alleo os propios Servizos de Intervención, remitiráselles os comunicados que por vía oficial transmita o Director do Plan de Autoprotección.</li></ol> |
| <b>Valoración de danos e reposición de medios utilizados</b> | <ol style="list-style-type: none"><li>1. Se fora necesario conservar os restos e vestixios do sinistro ata que estea rematada a taxación dos danos, o Xefe da Emerxencia coordinará coa Policía o acordoamento da zona afectada para evitar posibles manipulacións.</li><li>2. Independentemente do nivel de emerxencia deberase comprobar, e si procede, repoñer o antes posible os equipos utilizados.</li></ol>   |
| <b>Informe final</b>   | <ol style="list-style-type: none"><li>1. O Xefe da Emerxencia, coa axuda do persoal que interveu na emerxencia, redactará un informe co fin de adoptar as medidas correctoras necesarias que eviten a repetición do suceso.</li><li>2. Así mesmo, levarán un arquivo histórico de sucesos acontecidos, actuacións seguidas e medidas adoptadas.</li></ol>  |

## **d EVACUACIÓN E CONFINAMENTO**

O obxectivo prioritario do Plan de Autoprotección é salvagardar a integridade física das persoas que traballan nas instalacións, dos alumnos ou de calquera outra persoa que potencialmente puideran estar dentro polo que a evacuación do persoal debe estar contemplada dentro deste Plan.

### **EVACUACIÓN**

A sinal de alarma para a evacuación será de xeito manual, ben a través de viva voz, pulsadores o por medio **de tres toques prolongados do timbre interior** (en caso de que este non funcione comunicárase polas aulas).

1. A sinal de alarma será dada polo Xefe da Emerxencia.
2. O orde de evacuación estará preestablecido.
  - 1º. Planta baixa.
  - 2º. Planta primeira e así sucesivamente.
3. As vías de evacuación estarán en todo momento libres de obstáculos.
4. Cada zona ten asignado un orde de desaloxo que deberá ser dende as plantas inferiores cara as superiores, e dende as estancias mais próximas á escaleira ata as mais afastadas preferentemente, e atendendo ben ao fluxo de persoal, de xeito que sexa canalizado proporcionalmente entre o número de escaleiras e saídas de evacuación existentes.
5. Esperar sempre a orde de saída.
6. Verifícase que non queda ninguén en ningunha das aulas, servizos, laboratorios e todas as dependencias da planta. En ambos casos, comprobar que non queda ninguén no recinto; colocar algún obxecto (cadeira, papeleira, etc.) diante da porta. Non pechar con chave.
7. Atender sempre ás indicacións do profesor.
8. Todos os alumnos e alumnas deben estar preparados na aula para saír de xeito ordeado.
9. Cada titor ou titora debe nomear un xefe de grupo que abrirá a saída á zona que lle corresponda cerrando o mestre ou mestra o grupo.
10. Non rezagarse a recoller obxectos persoais.
11. Nunca deberá volver atrás.
12. Non se tomarán iniciativas persoais.
13. Baixarase en orde, ao lado da parede e, decontado pero sen correr nin atopelarse, e sen berrar. Permanecendo en todo momento xunto ao grupo.
14. Conservar a calma. Camiñar, sen correr, cara a saída de emerxencia mais próxima que se atope operativa.
15. Non empuxar os demais, xa que a situación de emerxencia acaba de iniciar e dispónse de tempo dabondo para o seu control.

16. Non utilizar o ascensor para evacuar.
17. Se na saída de emerxencia hai unha fía de persoas en espera, non se impaciente e agarde a súa quenda civicamente.
18. Dirixirse sempre ao punto de reunión, permanecer no mesmo xunto ao responsable do grupo.
19. Unha vez no exterior, no deterse, dirixirse os Puntos de Reunión Exterior establecidos.
20. No P.R.E. realizarase o recuento das persoas que teñen o seu cargo cada membro do EAE, dando conta inmediata ao Xefe da Emerxencia e, no seu caso as axudas exteriores, das posibles faltas que se detecten, para poder obrar en consecuencia.
21. En horario de actividade do centro, manteranse abertas todas as saídas de emerxencia (non pechadas con chave).
22. Apague todos os equipos eléctricos antes de iniciar a evacuación.
23. Peche válvulas de corte de combustibles si as houbera.
24. No caso de incendio, pechar portas e fiestras.
25. No caso de ameaza de bomba, abrir portas e fiestras.
26. Non retroceder en busca doutras persoas, xa que entorpecería a evacuación do resto.
27. Para evacuar a persoas que non poidan desprazarse por si mesmos (discapitados ou persoas en estado inconsciencia) realizarase de tres xeitos diferentes, en función da dispoñibilidade de tempo:
  - Cos seus propios medios (cadeira de rodas, muletas, etc.): Axudado por dúas persoas. É o método mais rápido e o de menos esforzo.
  - Erguéndoo: Transportar ao discapitado a cabalo ou mediante a “cadeira da raíña”.
  - Arrastrándoo polo chan: Trasladar ao discapitado mediante o emprego de prendas de roupa, cortinas, etc. Este método es o recomendado cando hai gran cantidade de fume. Require mais esforzo físico e un previo adestramento do persoal executante.
28. Con moito fume, camiñar endegado ou reptando e cubrirse o nariz e boca cun trapo húmido, se o tivese. nesta situación respirará aire fresco e osixenado.
29. Nas escaleiras ter especial tino. Baixar con presteza, pero sen correr, evacuando polo exterior da mesma. Collerse ao pasamáns e/ou varanda para no esvarar e facer caer os demais ou que estes o pisen.
30. No caso de estar accedendo os servizos exteriores polas escaleiras, circular polo exterior da mesma para non entorpecer o paso.
31. Se prende a roupa con lume, tirarse ao chan e rodar. No correr, activarase mais o lume.
32. O persoal evacuado non obstaculizará os accesos e viais destinados para os vehículos de axuda exterior.
33. Terase especial precaución durante a estancia no PRE.

### **Instrucións orientativas para os alumnos.**

1. Cada grupo de alumnos deberá actuar sempre de acordo coas indicacións do seu profesor e en ningún caso deberá seguir iniciativas propias.
2. Os alumnos ós que se lles encomendara por parte do seu profesor funcións concretas, responsabilizaranse de cumprilas e de colaborar co profesor en manter o orde do grupo.
3. Os alumnos non recollerán os seus obxectos persoais, co fin de evitar obstáculos e demoras.
4. Os alumnos que ao sonar a sinal de alarma se atopasen nos aseos ou noutros locais anexos, na mesma planta da súa aula, deberán incorporarse con toda presteza ao seu grupo.
5. No caso de que o alumno se atopase nunha planta distinta a da súa aula, incorporárase ao grupo máis próximo que se atope en movemento de saída.
6. Todos os movementos deberán realizarse axiña, pero sen correr, sen atropelar, nin empuxar os demais.
7. Ningún alumno deberá deterse xunto as portas de saída.
8. Todos os alumnos e alumnas deben estar preparados na aula para saír de xeito ordeado.
9. Os alumnos deberán realizar a evacuación en silencio e con xeito, con orde e axuda mutua, para evitar atropelos e lesións, axudando os que teñan dificultades ou sufran caídas.
10. Os alumnos deberán realizar a evacuación respectando o mobiliario e equipamento docente e utilizando as portas co xeito de xiro para o que están previstas.
11. No caso de que nas vías de evacuación exista algún obstáculo que durante o exercicio dificulte a saída, será apartado polos alumnos, se fora posible, de xeito que no provoque caídas sobre as persoas ou deterioro do obxecto.
12. En ningún caso o alumno deberá volver atrás co pretexto de buscar a irmáns menores, amigos u obxectos persoais, etc.
13. En todo caso os grupos permanecerán sempre xuntos sen disgregarse nin adiantar a outros, incluso cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, con obxecto de facer máis doada o profesor o control dos alumnos.
14. Unha vez que se atopen no punto de reunión exterior, deberán agrupar por clases e colocarse en fila, detrás do seu profesor, de modo que sexa máis doada o recuento de persoal

## CONFINAMENTO

As situacións de emerxencia son imprevisibles e os acontecementos que se suceden non poden obrigar a un confinamento forzoso ou ben voluntario. Existen ocasións nas que evacuar pode ser mais perigoso que permanecer confinado esperando que os Servizos Exteriores rescaten as persoas atrapadas ou esperando que conclúa unha emerxencia declarada no exterior. As accións a realizar en estas situacións son as seguintes:

1. A sinal de alarma será distinta da utilizada para a evacuación.
2. Entrar ao Centro se está fora.
3. Pechar ben portas e fiestras.
4. En incendio, se é necesario, colocar trapos húmidos nas fendas e baixo as portas.
5. Se o lume impídelle saír dunha dependencia, peche a porta, tapone as xuntas e procure chamar a atención para informar da súa situación.
6. Pechar chaves de combustible e apagar equipos de aire acondicionado.
7. Manter contacto cos Servizos Exteriores mediante telefonía, esperando as súas instrucións.
8. Se non é posible contactar por esta vía, enviar mensaxes curtos ("sms"), esperando instrucións.
9. Como último recurso, escoitar a radio e seguir as ordes e consellos que reciba.
10. Confinarse nas aulas o mais afastado das fiestras, ou nos espazos previamente establecidos (os mais resgardados do exterior e se pode ser que no teñan fiestras).
11. Se hai que trasladarse a outra zona do Centro, o alumnado poñerase en fía india e o profesorado fará de guía, tal e como faise na evacuación.
12. Non abandonar o centro de ensinanza.
13. Non acudir á zona afectada polo sinistro.
14. Non acender ningún aparato de gas, non fumar nin acender ningún tipo de lapa.
15. Non colapsar as liñas telefónicas realizando continuas chamadas.
16. Agardar que nos rescaten ou que remate a situación de emerxencia.


**PLAN DE EVACUACIÓN**

|   |  |  |
|---|--|--|
| <b>Alcance</b>  | <b>Evacuación Parcial</b>  | Ante unha situación de risco, o Equipo de Emerxencia desalojará directamente a zona afectada.  |
|   | <b>Evacuación Xeral</b>  | En función da evolución do suceso, o Xefe da Emerxencia decidirá as zonas que deberán ser desaloxadas preventivamente e a prioridade na transmisión da orde.   |
|   | No caso de incendio, normalmente a prioridade é: 1º a zona afectada, 2º as zonas colaterais na mesma planta, 3º resto da planta, 4º a planta na que non se iniciou a emerxencia  |  |
| <b>Preparativos previos si a situación lo permite</b> | <p>Abrir portas de evacuación que poidan estar pechadas.</p> <p>Cancelar os sistemas de control de accesos que dificultan evacuación: tornos, barreiras, portas con apertura eléctrica mediante códigos, tarxetas ou chave, etc.</p> <p>Avisar ós edificios ao redor.</p>  |  |
| <b>Transmisión da alarma</b>                          | <b>Sinal acústica</b>  | No caso de activación de alarma sonora o persoal quedará a espera de que se confirme a emerxencia. Se a sinal acústica volvérase a oír desalojar inmediatamente o edificio e diríxanse ao Punto de Reunión Exterior.                                       |
|   | <b>De Viva Voz (Equipo de Emerxencia)</b>  | Transmisión da orde por parte do Equipo de Evacuación o persoal, nos sectores asignados previamente ou segundo as prioridades establecidas polo Xefe da Emerxencia.  |
| <b>Durante o proceso</b>                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Informar a todas as persoas que se atopen na zona afectada.</li> <li>➤ Dirixídevos á saída practicable mais próxima, axudando a feridos ou discapacitados.</li> <li>➤ Comprobar que non quedan rezagados (atención os aseos, arquivos, almacéns e locais pequenos ou illados habitualmente non ocupados).</li> <li>➤ Actuar con decisión e firmeza para conseguir unha evacuación rápida e ordenada. Neste caso o liderazgo é fundamental. Non permitir demoras, evacuar con obxectos pesados ou voluminosos, uso de ascensores, sacar vehículos do interior do recinto nin calquera acción que dificulte o retrase o desaloxo inmediato do persoal.</li> <li>➤ Se existe fume: protexerse as vías respiratorias cun pano (húmido mellor) e camiñar endegado para evitar a inhalación de fume e alta temperatura. Se as saídas están bloqueadas, situarse próximo a unha fiestra e facerse ver dende o exterior, pechar portas e tapar rendixas para evitar a entrada de fume. Se é necesario e posible, facer acopio de auga e refrixerar estas portas.</li> </ul> |  |
| <b>No exterior</b>                                    | <b>Punto de Reunión Exterior:</b>  | <p><b>PRE: Pistas polideportivas (Edificio primaria y secundaria)</b></p> <p><b>Entrada edificio de infantil</b></p> <p>Se as circunstancias o determinaran, o Xefe da Emerxencia ou os Servizos de Axuda Exterior establecerán ubicación alternativa.</p> |
|   | <p>O Equipo de emerxencia informará no exterior ao Xefe da Emerxencia sobre o estado da evacuación nas súas zonas asignadas.</p> <p>O Xefe da Emerxencia recompilará a información e será o único interlocutor cos Medios de Axuda Exterior mobilizados.</p>   |  |



- Para conseguir que o Plan de Evacuación sexa operativo deberase:
  - Ter asignados os Puntos de Reunión Exterior (P.R.E.), sendo divulgado a todo o persoal.
  - Por outro lado divulgarse o P.R.E ó persoal alleo a instalación que se atope presente na mesma, a través dunha folla informativa con instrucións claras de evacuación ou, se fora necesario, un pequeno plano do Edificio no reverso, onde se sinala o P.R.E e as vías de evacuación e as saídas de emerxencia de acceso a elas.
  - Ter sinalizadas todas as saídas de emerxencia e vías de evacuación do Edificio e verificar, periodicamente o seu correcto mantemento (dispositivo de apertura de portas, alumeado de emerxencia....)
  - Realizar exercicios parciais de concentración do persoal no P.R.E

e **PRIMEIRAS AXUDAS NO CASO DE FERIDOS**



► **Atencións mínimas**

1. Lembrar que se persiste o risco (lume, rotura dunha canalización de auga, fuga de gas, desprendementos, condutores de tensión eléctrica, etc.) é necesario tomar as medidas oportunas para evitar mais vítimas. Ante un perigo inminente, situar o ferido en posición e lugar seguro seguir o procedemento PAS (Protexer, Avisar e Socorrer); as seguintes fases realizaranse de maneira simultánea ao aviso dos Servizos de Atención Sanitaria profesionais.
2. Examinar ben o accidentado, valorar estado de consciencia (responde), respiración (oír, ver e sentir), circulación (pulso), hemorragias (observar). Se esta avaliación primaria resulta positiva, valorar feridas, queimaduras ou fracturas.
3. Se está inconsciente e non respira espontaneamente, hai que afrouxar ou desabrochar calquera prenda u obxecto que poida oprimir, colocalo deitado boca arriba coa cabeza inclinada cara atrás (sempre con control da zona cervical). Asegurarnos de que non hai ningún obxecto obstruíndo as vías respiratorias (se fora así, sacalo co dedo en forma de gancho). Se a pesar de iso non respira, insuflar aire nos seus pulmóns soprando fortemente na súa boca, taponándolle o nariz, cando a respiración concluíra, realizar a seguinte insuflación.



4. Se esta inconsciente e estamos seguros de que non é traumático, colocalo en posición lateral de seguridade, vixiando as constantes vitais.
5. No caso de que este inconsciente e non se aprecie respiración nin pulso (na arteria carótide), será preciso realizar a reanimación cardiopulmonar básica. Localizado o punto de compresión (a dous anchos de dedo enriba da “boca do estómago”), colocar o talón da man, coa outra sobre ela, sen apoiar os dedos sobre o tórax da vítima e empuxar uns 4-5 cm o esternón cara abaixo de maneira progresiva, sen golpear. A compresión debe manterse  $\frac{1}{2}$  segundo e logo soltar axiña e esperar outro  $\frac{1}{2}$  segundo antes da seguinte compresión. Asegurarnos de que a vía aérea este despegada, colocar o pescozo en hiperextensión. Alternar 30 compresións con 2 insuflacións.
6. No caso de hemorraxia, co ferido tendido, faise compresión local no punto que sangra (cos dedos ou a man). Se a hemorraxia cesa, colocaremos unha vendaxe compresiva. Se non se detén, facer compresión a distancia nos seguintes puntos: no pescozo: carótida; no ombro: retroclavicular; no brazo: arteria umeral (cara interna do brazo); no muslo: arteria femoral (ingua); na perna: arteria poplítea. Esmagar sempre a arteria ou vea contra o óso o mais preto posible da ferida. Non afrouxar nunca o punto de compresión. Manter o ferido deitado horizontalmente. O torniquete só se utilizará: cando se atope só e deba atender a outros accidentados de extrema gravidade ou no caso de membros seccionados ou esmagados. Colocase enriba do cúbado ou enriba da xeonllo, entre o corazón e a ferida. Unha vez colocado non se debe afrouxar nunca. Debe permanecer a vista, colocándolle un rótulo indicando nome, hora e minuto de colocación.
7. En presenza dunha persoa coa roupa ardendo, se non se dispón de auga, cobertor ou extintores, esta debe deitarse e dar voltas sobre o seu eixo. Ante unha queimadura aplicar auga fría xenerosamente sobre a zona afectada, separar a roupa da ferida sempre que non estea pegada a pel, cubrir con gasa esterilizada. Se esta consciente e non vomita, pódesele dar de beber auga en pequenos sorbos.
8. Fracturas: raramente son un perigo inmediato para a vida. En xeral para valorar a deformidade dunha extremidade, debido a unha fractura ou luxación comparara sempre coa do outro lado e aplicar a inmovilización axeitada. Normalmente, intentar corrixir a deformidade causa maiores lesións. Especial atención a posibles fracturas de columna vertebral, un mal movemento pode seccionar a medula e causar parálise ou tetraplexía.

► Transporte dos feridos

1. Consigna xeral: un membro roto arranxase, unha vida non, non obstante para trasladar posibles feridos, calquera sistema é perigoso se non se toman as debidas precaucións. Especialmente no caso de fractura de columna vertebral; un mal movemento pode seccionar a medula e causar parálise ou tetraplexía. Sempre o traslado debe efectuarse sen esforzo para o accidentado. Ante dúbida ou dificultade, e se a zona onde esta o ferido ou a posible demora non implica maior risco para o accidentado, é mellor que o traslado o realice persoal experto.
2. Transporte por levantamento: o mellor en camilla. Precisa normalmente dous ou mais persoas. Método válido para evacuación horizontal e vertical.
3. Transporte por arrastre: último extremo, colocar o ferido sobre unha cobertor ou chaqueta, tirar deste elemento. Pódeo realizar unha única persoa. Non aplicable en evacuación por escaleiras.

**IMPORTANTE**

**Acompañar o ferido ata deixalo en máns do  
persoal sanitario**

**f XEITOS DE RECEPCIÓN DAS AXUDAS EXTERNAS.**

O Xefe da emerxencia, cuxa ubicación nas Emerxencias é no Centro de Control ou ao redor, será quen reciba as Axudas Exteriores, entregaralles un plano das instalacións, e informaralles de:

- ▶ A ubicación do sinistro e o percorrido dende o Centro de Control indicándoo no plano.
- ▶ As características coñecidas do mesmo.
- ▶ A perigosidade de zonas próximas ao lugar do sinistro.
- ▶ As incidencias producidas na evacuación, se fora necesario.
- ▶ A existencia de feridos e/ou atrapados.
- ▶ Permanecerá a disposición das Axudas Exteriores para informalos do que necesiten ou das informacións que lle vaian facendo chegar os compoñentes da Brigada.

### **6.3. IDENTIFICACION E FUNCIÓNS DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDEMENTOS DE ACTUACION ANTE EMERXENCIAS**

#### **6.3.1. XERALIDADES**


Todos os traballadores do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO teñen obrigación de participar nos plans de autoprotección do seu centro de traballo. Esta obrigación é inherente a todos os cidadáns residentes no territorio nacional (lei 2/85, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil). así mesmo deberán participar no cumprimento das medidas de prevención adoptadas pola súa propia seguridade e saúde no traballo (Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais).

A designación do persoal de emerxencia debe ser un proceso aberto e dinámico posto que o plan de autoprotección debe estar actualizado ante posibles variacións dentro da organización dos medios humanos do centro de traballo: cambios de persoal, reubicación dos postos de traballo, etc. Deste xeito garantimos en todo momento a correcta composición dos equipos de emerxencia para afrontar unha posible situación de emerxencia.

O persoal que integra os equipos de emerxencias, ademais das súas funcións específicas, deberán desempeñar unhas funcións xenerais dentro do plan de autoprotección:

- ▶ Informar a quen corresponda de anomalías descubertas e verificar que sexan subsanadas.
- ▶ Coñecer a existencia e funcionamento dos medios materiais existentes no seu centro ou zona de traballo.
- ▶ Eliminar as causas que poidan desencadear situacións de emerxencia.
- ▶ Prestar primeiros auxilios ás persoas afectadas e colaborar na evacuación cando elo sexa preciso.
- ▶ Tratar de que as súas actuacións dentro da situación de emerxencia sexa coordinada coas actuacións dos Servizos Externos para contrarrestar mais eficazmente os efectos do sinistro.

Polo tanto a identificación e funcións das persoas e equipos que levarán a cabo os procedementos de actuacións en emerxencias é a que figura a continuación:



### **6.3.2. DIRECTOR DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

**Titular:**

Director/a do Centro

O Director do Plan de Autoprotección é unha persoa designada como responsable única para a xestión das actuacións encamiñadas a prevención e o control de riscos.

#### **FUNCÍONS:**

1. Garantir a difusión do Plan de Actuacións en Emerxencias.
2. Velar polo cumprimento das operacións de mantemento das instalacións xenerais da actividade e o mantemento das instalacións de Protección Contra Incendios.
3. Garantir a formación dos medios humanos.
4. Comprobar que se manteñen as condicións de seguridade previstas, actualizando o Plan de Autoprotección cada vez que se produzan modificacións que o aconsellen (ver Capítulo 9).
5. Analizar a xestión de medios e recursos mediante os oportunos simulacros para optimizar a súa eficacia ante un sinistro.
6. Organizar as oportunas e periódicas prácticas e simulacros xenerais, para comprobar e mellorar o funcionamento humano e comprobar a comprensión xeral do mesmo, tanto do persoal directamente intervinente como do resto de persoas incluídas na actividade.
7. Atender e informar os medios de comunicación, nunha primeira fase.
8. Ordenar e coordinar a emisión das comunicacións exteriores que considere axeitadas.

**6.3.3. DIRECTOR PLAN DE ACTUACIÓNS EN EMERXENCIAS (XEFE EMERXENCIA)**

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Titular:</b>  | Director do Centro   |
| <b>Suplente:</b> | Xefe de Estudos  |
| <b>Ubicación</b> | Centro Control Emerxencia  |
| <b>Misión</b>    | Mando de todas las operacións para facer fronte a la situación de emerxencia |

O Director do Plan de Actuacións en Emerxencias (a partir de agora Xefe da Emerxencia dado que é a denominación operativa do cargo) será responsable de activar dito plan de acordo co establecido no mesmo, declarando a correspondente situación de emerxencia, notificando as autoridades competentes de Protección Civil, informando o persoal e adoptando as accións inmediatas para reducir as consecuencias do accidente ou suceso.

**FUNCIONES:**

1. O Xefe da Emerxencia para facer mais doadas as comunicacións no caso de emerxencia terá un teléfono móbil permanentemente.
2. No caso de ser avisado dunha posible situación de emerxencia por telefonía ou a viva voz, trasladarse ao CCE.
3. Recabará toda a información posible da emerxencia.
4. Valora a gravidade da emerxencia.
5. Localizar os membros do Equipo Intervención co fin de realizar organizadamente as primeiras actuacións para controlar o incendio.
6. O Xefe da Emerxencia sopesará a necesidade de realizar cortes de subministro enerxético (gas, electricidade, etc.)
7. O Xefe da Emerxencia manterá comunicación continua para que o Equipo de Intervención informe sobre a evolución do sinistro.
8. Coa información recibida do sinistro, Activará a alarma para iniciar a evacuación.
9. Dará as instrucións pertinentes para que o Equipo de Evacuación inicie a evacuación da zona afectada, ou sector ou todo o edificio.

10. Solicitará a presenza dos Servizos Exteriores (112). a chegada destes, informará ao responsable do Servizo acerca da situación (orixe do incendio, extensión, tipo de combustible, etc.) e cederá o mando das operacións, prestando a súa axuda en calquera asunto en que sexa solicitada a súa colaboración.
11. Requirirá o transporte e ordenará o traslado da e do ferido a un centro sanitario, se fose necesario, previo informe do equipo de primeiros auxilios.
12. Avisará e informará do suceso ós familiares directos da e do ferido
13. Ordena a fin da emerxencia.
14. Finalizada a emerxencia, redactará un informe que inclúa:
  - a. Local afectado e danos
  - b. Cronoloxía do suceso.
  - c. Causas iniciais.
  - d. Actuacións dos equipos de emerxencia.
  - e. Desenvolvemento do plan e fallos atopados.
  - f. Relación para repoñer e reparar o equipo utilizado.

No caso de que, no momento de producirse a situación de emerxencia, o titular ou o seu suplente non se encontren presentes no centro, deixarán nomeada a unha persoa para que desempeñe as funcións de Xefe de Emerxencia.



**6.3.4. EQUIPO DE INTERVENCIÓN (EI)**

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Titular:</b>  | Calquera das mestras e mestres que se atopen no lugar da emerxencia. |
| <b>Ubicación</b> | Lugar onde se produce la emerxencia (CCA)                            |
| <b>Misión</b>    | Realizar as primeiras actuacións fronte a emerxencia                 |

**FUNCIONES:**

1. O Equipo de Intervención para facer mais doadas as comunicacións no caso de emerxencia terá teléfono móbil.
2. Poñerese as ordes do Xefe da Emerxencia o cal informarlle da ubicación do CCA
3. No Equipo de Intervención nunca actuará un membro só.
4. Collerá os equipos de primeira intervención.
5. Intentará poñer fin a la situación de emerxencia.
6. Presentes os membros do Equipo de Intervención colaborará nas tarefas de extinción, con extintores axeitados a clase de lume e BIE's se fora necesario, seguindo as indicacións do Xefe da Emerxencia.
7. Se o Equipo de Intervención non controla o lume, e o Xefe da Emerxencia llo indicara abandonará a zona verificando que non quede ninguén na mesma e evite a propagación do incendio (retire produtos que aviven o lume).
8. Se o fume impidise valorar a importancia do incendio, non se enfrente a el. Protéxase su boca e o seu nariz cun pano. Camiñe endegado se é necesario.
9. Dirixirse a unha zona segura e poñerse a disposición dos Servizos Exteriores e colaborar no que soliciten, sempre co consentimento do Xefe da Emerxencia.

**6.3.5. EQUIPO DE EVACUACIÓN (EE)**

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Titular:</b>  | Profesores                                 |
| <b>Comedor</b>   | Profesores presentes e pais colaboradores  |
| <b>Ubicación</b> | Aulas e locais del centro                  |
| <b>Misión</b>    | Evacuar a los alumnos que teñan a su cargo |

**FUNCIÓN**

1. O Equipo de Evacuación para facer mais doadas as comunicacións no caso de emerxencia terá un teléfono móbil.
2. No caso de ser avisados dunha posible situación de emerxencia por telefonía interior, ou ao escoitar o timbre os membros do Equipo de Evacuación procederán a evacuar os alumnos a su cargo cara ao PRE os sectores que indique o Xefe da Emerxencia ou todo o edificio.
3. Se a evolución do sinistro así lo aconsellase, de a orde de evacuación da zona afectada indicando o camiño a seguir.
4. Indicaralles aos ocupantes que manteñan a orde.
5. Controlará que non recollan ningún obxecto persoal.
6. Formará dúas ringleiras nos laterais da sala ou habitación.
7. Esperará a orde saída do xefe de planta.
8. Pechará tódalas fiestras.
9. Comezará a evacuación na orde indicada e seguindo a vía fixada.
10. Cada membro do Equipo de Evacuación comprobará a accesibilidade dos camiños de evacuación da súa zona asignada, retirando calquera posible obstáculo e decidirá o camiño a seguir.
11. En caso de fume a evacuación realizarase a rentes do chan.
12. Pecharanse portas (sen chave) e fiestras (sempre que sexa posible) despois de verificar que non queda ninguén, tras o seu paso sinalándoas con algún obxecto para indicar que se atopa revisada.

13. No exterior, dirixir a todo o persoal ao PRE e cada membro do Equipo de Evacuación realizará o recento dos ocupantes da zona a o seu cargo, para detectar posibles ausencias e comunicalas ao Xefe da Planta detallando a situación orixinaria.
14. No caso de que os evacuados deban saír do recinto escolar e ocupar zonas alleas ao centro, tomaranse precaucións oportunas en canto ao tráfico, para lo cal, debe advertirse as autoridades ou particulares afectados.

### **6.3.6. INSTRUCCIÓN ORIENTATIVAS PARA OS RESPONSABLES DE PLANTA:**

**Titular**

Profesores de Garda e profesores libres

No momento de producirse a emerxencia, os profesores de garda e os que non se encontren dando clase, acudirán ao Dirección e recibirán instrucións sobre as actuacións a realizar.

Entre outras, serán as seguintes:

1. Comprobar que as vías de evacuación estean libres de obstáculos.
2. Dará as ordes para a quenda de saída.
3. Designará a vía ou vías de evacuación segundo a emerxencia e as ordes do xefe de intervención e emerxencia.
4. Dar as ordes para o turno de saída.
5. Verificar que non queda ninguén en ningunha das aulas, servizos, laboratorios e todas as dependencias da planta.
6. Verificar que as fiestras e portas de todas as dependencias están pechadas evitando correntes de aire.
7. Evacuará a planta no derradeiro lugar.
8. Unha vez acabada a evacuación da planta daralle parte ó xefe de intervención e emerxencia.

### **6.3.7. INSTRUCCIÓN ORIENTATIVAS PARA OS RESPONSABLES DE ALUMNOS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS QUE NON POIDAN REALIZAR UNHA EVACUACIÓN POLA SÚAS PROPIOS MEDIOS:**

**Titular**

A mestra ou mestre que nese momento encóntrense cos alumnos NEE

1. Deberán coñecer o lugar onde se atopan os alumnos con NEE en todo momento da xornada escolar.
2. Coordinar a actuacións co responsable de planta.
3. Evacuar os alumnos con NEE.
4. Tras a evacuación dar parte ao Xefe da Emerxencia.

### 6.3.8. EQUIPO DE APOIO

|                  |  |
|------------------|--|
| <b>Titular:</b>  | Conserxe, cociñeiras   |
| <b>Ubicación</b> | Acceso as instalacións e cociña  |
| <b>Misión</b>    | Desconexión das instalacións xenerais do edificio, control de accesos y apoio a resto dos grupos |

### FUNCIONES

1. Despois de recibir o aviso de alarma, desconectarán as instalacións xenerais do edificio polo orde seguinte:
  - Gas
  - Electricidade
  - Subministro de gasóleo
  - Auga, só no caso en que o subministro os hidrantes e BIE's sexan independentes da rede xeral
2. Facer mais doado o acceso ao lugar da emerxencia os grupos de intervención (Bombeiros, Ambulancia 061, etc.).
3. Afastar do área de intervención a toda persoa non esencial, así como as persoas sen protección axeitada.
4. Mantemento actualizado durante a emerxencia do inventario de medios.
5. Abastecemento de medios ós demais grupos de acción.
6. Control de accesos, manter despexado o acceso as instalacións.
7. Posta a salvo de mercancías e persoas que, sen estar directamente afectadas, puideran verse danadas.
8. Control do tráfico.

### **6.3.9. EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS**

|                 |   |
|-----------------|---|
| <b>Titular:</b> | Calquera das mestras e mestres que se atopen no lugar da emerxencia |
| <b>Misión</b>   | Prestar asistencia sanitaria de urxencia ós feridos                 |

#### **FUNCÍONS**

1. Prestar asistencia sanitaria de urxencia ós feridos que eventualmente puideran producirse na zona de intervención.
2. Informar ao Xefe da Emerxencia, do número de persoas afectadas, e prognóstico e destino dos feridos evacuados.
3. Informar ao Xefe da Emerxencia se require apoio técnico para o auxilio da vítima, para que se solicite a comparecencia do 061.
4. Recibir ós servizos de médicos exteriores.
5. Preparará o traslado da e do ferido, de ser necesario.
6. Acompañará a e/ou o ferido ao centro sanitario.
7. Realizar o control médico das persoas evacuadas e daquelas que participan na emerxencia.
8. Acompañar ós afectados na súa transferencia ata os centros hospitalarios.
9. Informar das baixas ocasionadas e ter localizados os hospitalizados
10. Redactará un informe das causas, proceso e consecuencias.

### **6.3.10. RESTO DO PERSOAL**

#### **FUNCIÓNS:**

1. Comunicar o feito inmediatamente a unha persoa do edificio que pertenza ó persoal do Centro ou utilizar os interruptores de alarma se fora necesario.
2. Agardar a recibir instrucións de algún membro do equipo de Emerxencias. Colaborar con eles no que lle soliciten.
3. Non adoptar actitudes heroicas, nunca actuar só nin correr riscos inútiles.
4. Se o fume lle impidise valorar a importancia do incendio, non se enfrente a el. Protexa a boca e o seu nariz cun pano. Camiñe endegado se é necesario.
5. Se escoita a voz de alarma ou a activación prolongada da mesma, proceda a abandonar o edificio.
6. Siga as consignas que lle faciliten os membros dos equipo de Emerxencias do centro.
7. Non utilice en ningún caso os ascensores.
8. Non se entreteña nin utilice a liña telefónica para evitar o bloqueo das comunicacións.
9. Actúe con calma e sen precipitación. Non corra. Non berre. Evite o pánico.
10. Nunca volva atrás no seu percorrido. Siga as sinais indicadoras das vías de evacuación e do Equipo de Evacuación. Evite o bloqueo das portas de saída e non salga con obxectos pesados nin voluminosos.
11. Diríxase ao Punto de Reunión Exterior (PRE) que lle indiquen os membros do Equipo de Evacuación e permaneza alí ata que lle comuniquen o fin da emerxencia.
12. Non obstaculice o vial de circulación de vehículos e teña especial tino ao dirixirse ao PRE.

**6.4. IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓNS ANTE EMERXENCIAS.**

|                          |                                      |                       |       |
|--------------------------|--------------------------------------|-----------------------|-------|
| <b>Cargo:</b>            | Director do Centro                   |                       |       |
| <b>Dirección Postal:</b> | O Forte                              |                       |       |
| <b>Localidade:</b>       | Boqueixón (San Vicente)              | <b>Código Postal:</b> | 15881 |
| <b>Teléfono/s:</b>       | 881866781                            |                       |       |
| <b>e-mail:</b>           | cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.gal |                       |       |



## 7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR

### 7.1. PROTOCOLO DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA

A notificación da emerxencia realízase normalmente en tres direccións:

**Do descubrimento do sinistro ao Centro de Control da Emerxencia** conforme o establecido no apartado 6.2.a) do presente documento.

**Do Centro de Control da Emerxencia o Director do Plan de Autoprotección**, Director do Plan de Actuacións, Equipos de Emerxencia, traballadores e usuarios conforme o establecido no apartado 6.2.a) do presente documento.

**Do Centro de Control da Emerxencia os servizos de axuda exterior**, concretamente o CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA.

Todos os accidentes que requiran a intervención de medios externos a instalación, precisan unha notificación inmediata por parte do Director da Emerxencia ao CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA.



Ademais da necesidade de comunicar os accidentes graves, débense notificar as incidencias que o ser perceptibles dende o exterior, poden xerar alarma social.

Notificarase o accidente empregando como medio de comunicación principal o teléfono fixo e/ou fax da instalación, empregando como vía alternativa o teléfono móbil.

O modelo a seguir para a realización da notificación é:

**PROTOCOLO DE COMUNICACIÓN A EMERXENCIAS 112**

No caso de que, debido a emerxencia que se estea producindo, se teña a necesidade de pedir axuda externa (**112**) a información a facilitar será a seguinte:

**1. IDENTIFICACIÓN**

- A. Son.....
- B. Cargo.....
- C. Ubicación.....

**2. TIPO DE SINISTRO**

- A. Produciuse un..... (incendio, derramo, explosión, etc.) en.....
- B. Consecuencias.....
- C. Produtos implicados.....

**3. VÍTIMAS:** (segundo información dispoñible no momento)

- A. Previsión de vítimas, persoas atrapadas ou feridas.....

**4. LOCALIZACIÓN:**

- A. A ubicación do sinistro é.....
- B. O mellor acceso para chegar ao punto do incidente é.....
- C. A distancia dende o acceso mais próximo ata o lugar do incidente é.....

**5. PERSOA DE CONTACTO. PUNTO DE REUNIÓN EXTERIOR**

- A. Espéralles D.....no.....
- B. O noso teléfono de contacto e información é.....

Observacións:

## **7.2. COORDINACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E A DIRECCIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL ONDE SE INTEGRE O PLAN DE AUTOPROTECCION**

A coordinación ante calquera emerxencia é sempre responsabilidade do organismo superior, sendo no caso que nos ocupa do CENTRO DE ATENCIÓN DE EMERXENCIAS 112 GALICIA, dende o cal, e ante o requirimento do CPI PLURILINGÜEANTONIO ORZA COUTO, activa o seu propio Plan de Autoprotección e ordena ós servizos necesarios (Bombeiros, Emerxencias Sanitarias e Policía) que acudan ao lugar para cooperar a superación da emerxencia.

O Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia ou PLATERGA, a partir da súa configuración como Plan Director, fixa o marco organizativo xeral en relación a su correspondente ámbito territorial, de xeito que permite a integración dos plans territoriais de ámbito inferior, ao definir os elementos esenciais e permanentes do proceso de planificación e establecer directrices para a planificación de ámbito local.

A estrutura organizativa do PLATERGA atópase como unha estrutura ascendente, é dicir, aumentando os efectivos designados para unha actuacións en función da magnitude da emerxencia.

O órgano de xestión do PLATERGA é a Consellería da Xunta de Galicia con competencias en materia de Protección Civil.

O Director do plan, segundo o ámbito territorial no que se produza a emerxencia, será:

- Cando é a nivel local, o director do plan é o alcalde (Xefe local de Protección Civil), ou persoa que o substitúa; poderá por instancia do director constituírse un comité de dirección no que estará presente un representante da Administración Autónoma de Galicia.
- Cando é a nivel provincial, a dirección do plan recae no Delegado Provincial da Consellería con competencias en materia de Protección Civil, ou persoa que o substitúa.
- Cando é a nivel autonómico, a dirección do plan recae no Director Xeral do Departamento con competencias en materia de Protección Civil ou persoa que o substitúa; poderá, por instancia do director, constituírse un comité de dirección no que estará presente un representante da Administración Xeral do Estado.
- Cando se declarase o interese nacional, crearase un comité de dirección formado por un representante da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeado polo Director do Plan a nivel autonómico e un representante da Administración Xeral do Estado, recaendo neste último a dirección.


O coñecemento dos bombeiros, principal grupo de intervención, a través do Servizo do Protección Civil, do Plan de Autoprotección, é a mellor forma de coordinación, constando no propio plan a recepción dos equipos de bombeiros e o seu guía ante o lugar concreto onde aconteceu a situación catastrófica.

Dous elementos claves, atópanse na coordinación ante Emerxencias:

- ➔ O coñecemento mutuo dos responsables de Emerxencias e dos interventores.
- ➔ O coñecemento do plan que ten que activarse.

Isto é o que se denomina “coordinación preventiva”, xa que a coordinación executiva, debe quedar expresada claramente no propio plan que se activa.

### Integración dos plans de autoprotección



### **7.3. FORMAS DE COLABORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE AUTOPROTECCIÓN COS PLANS E ACTUACIÓN DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL**

A colaboración cos plans e as actuacións do sistema público de Protección Civil trata de sentar as bases para que os responsables de emerxencias do establecemento manteñan unha relación fluída con todos os estamentos relacionados coa emerxencia na localidade, coa finalidade de garantir a plena efectividade das súas actuacións conxuntas no caso de que o establecemento se vira involucrado nunha situación de grave risco ou catástrofe.

Esta colaboración debe perseguir dispor dun programa de actuacións que asegure a interfaz entre os medios e elementos de autoprotección do establecemento, ante calquera catástrofe interna e os servizos de Protección Civil, de Extinción de Incendios e Salvamento e cantos outros organismos e institucións se atopasen implicados.

As actividades estarán dirixidas os seguintes colectivos:


- ➔ Directivos dos organismos relacionados no apartado anterior, que o efectuarán coa dirección de emerxencia do establecemento.
- ➔ Persoal executante de Bombeiros, Servizos Sanitarios, Policía, Protección Civil, Centro Coordinador 112, etc. que o efectuarán con membros dos distintos equipos de intervención do establecemento.

É desexable que estas actividades se desenvolvan de xeito cíclico e non puntualmente co fin de que a coordinación permaneza vixente ao marxe de posibles cambios organizativos e persoais. As actividades que poden favorecer unha correcta coordinación entre os plans de autoprotección e os plans do sistema público de protección civil son as seguintes:

- ➔ Inspeccións do establecemento para coñecelo.
- ➔ Coñecemento dos equipos instalados no mesmo.
- ➔ Participación nos simulacros para lograr unha coordinación efectiva.
- ➔ Posibilidade de aportación de medios propios do centro, establecementos ou dependencias, tanto humanos como materiais.

## 8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Unha vez se ten feito o Plan de Autoprotección, é necesario implantalo, é dicir, que todo o mundo o coñeza e saiba perfectamente cómo reaccionar no caso de emerxencia, tanto no referido a organización como nas funcións que deberán desempeñar, así como para detectar anomalías no Plan. Para isto faise necesario a implantación, que consta das seguintes fases:



### 8.1. IDENTIFICACION DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

A responsabilidade de supervisar, aprobar e implantar o Plan de Autoprotección recae sobre o titular da actividade. No caso de tratarse dunha persoa xurídica, dita responsabilidade será asumida por unha persoa física que se designará ao efecto, o Director do Plan de Autoprotección.

|                                      |                                      |                |       |
|--------------------------------------|--------------------------------------|----------------|-------|
| Datos do responsable da implantación | Director do Centro                   |                |       |
| Dirección Postal:                    | O Forte                              |                |       |
| Localidade:                          | Boqueixón (San Vicente)              | Código Postal: | 15881 |
| Teléfono/s:                          | 881866781                            |                |       |
| e-mail:                              | cpi.antonio.orza.couto@edu.xunta.gal |                |       |

Conforme a lexislación vixente, o persoal directivo, mandos, técnicos, traballadores e usuarios están obrigados a participar no Plan de Autoprotección.

As actividades necesarias para poñer en marcha o Plan son as seguintes:

1. Elaboración do Plan de Autoprotección conforme ós datos proporcionados polo persoal do centro.
2. Comprobación da adecuación do Plan á realidade das instalacións e aprobación dos seus procedementos de actuación por parte do titular da actividade
3. Designación das persoas que formarán a Organización Xeral da Emerxencia
4. Impartición dos cursos de formación e adestramento inicial e posteriormente de reciclaxe.
5. Organización e realización de exercicios prácticos de actuacións en emerxencia, co fin de comprobar a efectividade do plan e o progresivo adestramento dos compoñentes da organización da emerxencia.

## **8.2. PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACION E CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA NO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

Para levar a cabo a implantación do Plan de Autoprotección é necesario, ao menos, a formación e capacitación do persoal, o establecemento de mecanismos de información ó público e a provisión dos medios e recursos precisa para a aplicación do plan.

Segundo a Lei 2/85, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil, todos os cidadáns están suxeitos a obrigação de colaborar persoal e materialmente nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública (art. 4.4)

O persoal do centro de traballo deberá recibir unha formación especializada en materia de seguridade contra os riscos potenciais e ameazas, tanto internas como externas, derivados das actividades fundamentais que teñen lugar na instalación.

Esta formación realizarase en diferentes niveis:

- ➔ Nivel Básico para todos os traballadores do Centro
- ➔ Nivel de Equipos de intervención para todos os traballadores que forman parte dos Equipos de Emerxencia.

Os cursos do presente apartado son exclusivos para o persoal que constitúe os Equipos de Emerxencia do centro e permitirán dar a coñecer aos seus membros:

- ➔ Misións e normas de activación dos equipos que o integran
- ➔ Técnicas para a prevención de incendios e do pánico
- ➔ Técnicas para a extinción de incendios
- ➔ Condicións para a evacuación das instalacións cando se dean situacións de emerxencia.

A formación mínima debe ser a seguinte:

### **INTRODUCCIÓN**

- Obxectivos e metodoloxía do curso
- Marco xurídico e normativo



**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

- Obxectivos dos Plans de Autoprotección
- Clases de emerxencias
- Tipos de emerxencias. Evolución das mesmas
- Membros e funcións dos equipos de emerxencia

**ESQUEMAS OPERATIVOS DE ACTUACION E EVACUACION**

- Medios de aviso e alarma nas instalacións
- Medios de autoprotección. Manexo de equipos de extinción. Considéranse axeitados, para cada unha das clases de lume, os axentes extintores, utilizados en extintores que figuran na seguinte táboa:

| <b>AXENTES EXTINTORES IDÓNEOS PARA CADA CLASE DE LUME</b> |                         |                       |                      |                               |                               |
|---|-------------------------|-----------------------|----------------------|-------------------------------|-------------------------------|
| <b>AXENTE EXTINTOR</b>                                    | <b>CLASE DE LUME</b>    |                       |                      |                               |                               |
|   | <b>A<br/>SÓLIDOS</b>    | <b>B<br/>LÍQUIDOS</b> | <b>C<br/>GASES</b>   | <b>D<br/>METÁIS ESPECIAIS</b> | <b>F<br/>ACEITES E GRASAS</b> |
| Auga pulverizada  | 3                       | 1                     |                      |                               |                               |
| Auga a chorro   | 2                       |                       |                      |                               |                               |
| Po BC (convencional)                                      |                         | 3                     | 2                    |                               |                               |
| Po ABC (polivalente)                                      | 2                       | 2                     | 2                    |                               |                               |
| Po específico metais                                      |                         |                       |                      | 3                             |                               |
| Escuma física   | 2                       | 2                     |                      |                               |                               |
| Anhídrido carbónico (CO <sub>2</sub> )                    | 1                       | 1                     |                      |                               |                               |
| Hidrocarburos haloxenados                                 | 1                       | 2                     |                      |                               |                               |
| Acetato de Potasio  |                         |                       |                      |                               | 3                             |
| <b>LENDAS</b>   | <b>3 = MOI AXEITADO</b> | <b>2 = AXEITADO</b>   | <b>1 = ACEPTABLE</b> | <b>NO ACEPTABLE</b>           |                               |

En presenza de tensión eléctrica non son aceptables como axentes extintores a auga a chorro nin a espuma; o resto dos axentes extintores poderán utilizarse en aqueles extintores que superen o ensaio eléctrico normalizado.

- Vías e saídas da instalación
- Punto de reunión da instalación
- Procedemento de actuacións en emerxencia

Observacións: recoméndase o desenvolvemento e a aprendizaxe da parte práctica deste curso.

### **8.3. PROGRAMA DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL SOBRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

Todo o persoal do centro de traballo recibirá información e instrucións básicas de protección contra incendios e evacuación.

Recibirán as Normas básicas de Prevención de Incendios:

**→ Xenerais:**

- a) Manter orde e limpeza
- b) Non situar material combustible próximo a fontes de calor
- c) Non realizar actividades que impliquen lapas abertas ou charamuscas en lugares non autorizados expresamente
- d) Manter despexadas as saídas
- e) Non depositar obxectos nin almacenar materiais en corredores ou escaleiras
- f) Non bloquear o acceso os extintores e bocas de incendio
- g) Conforme a lexislación vixente, está prohibido fumar nos centros de traballo
- h) Detectada algunha anomalía nos sistemas de protección, informar a dirección

**→ Risco eléctrico:**

- a) Non sobrecargar liñas eléctricas
- b) Non manipular indebidamente instalacións eléctricas
- c) Non realizar conexións ou adaptacións non axeitadas
- d) Evitar a utilización de enchufes múltiples
- e) Desconectar aparatos eléctricos despois do seu uso

**→ Procesos laborais:**

- a) Ter tino cos traballos que orixinen lapas , charamuscas....estudar previamente o momento e lugar onde estes se vaian a realizar.
- b) Precaución na manipulación de produtos inflamables. Almacenalos nun recinto illado e separado das zonas de traballo, mantendo nestas soamente a cantidade precisa para a actividade. Non manipualos nin almacenalos próximos a unha fonte de calor.
- c) Atención a posible existencia de gases na zona. Ante calquera incidente, pechar inmediatamente válvulas e non activar interruptores eléctricos. Utilizar sistemas de ventilación natural.
- d) Realizar un correcto mantemento das instalacións

Todo o persoal do centro de traballo recibirá unha ficha de intervención, en función do grupo de actuación ao que pertenza, conforme ao modelo establecido no Anexo IV do presente documento.

Todas as persoas que interveñen nas diversas actividades das instalacións que forman parte do centro de traballo, poden verse involucradas nunha situación de emerxencia, e polo tanto deberán ser informadas con anterioridade de:

- ✓ Qué deberán facer
- ✓ Qué non deberán facer
- ✓ Cómo deberán facelo

Todo elo co fin de lograr a maior presteza posible na evacuación do establecemento.

Por esta razón, é conveniente celebrar reunións informativas sobre o Plan de Autoprotección, ás que debería asistir o persoal empregado que está afectado polo Plan, cando este se revise por:

- ✓ Detección de novos riscos.
- ✓ Implantación de novas instrucións ou consignas de seguridade.
- ✓ Introducción ou instalación de novas instalacións ou sistemas de seguridade.

As reunións informativas ademais teñen outra misión, como é fomentar a integración dos empregados no Plan de Autoprotección, ao sentirse partícipes da súa implantación, motivo que fará mais doado o seu posterior cumprimento.

| ALCANCE                                   | DURACIÓN (h) | PERIODICIDADE | PERSONAL AFECTADO |
|---|--------------|---------------|-------------------|
| Prevención e Protección contra incendios  | 0,5          | BIANUAL       | Todo o persoal    |
| Plan de Emerxencia Interior e Evacuación  | 1            | BIANUAL       | Todo o persoal    |
| Charlas de Concienciación                 | 0,5          | ANUAL         | Todo o persoal    |
| Reunións Informativas                     | 0,5          | ANUAL         | Todo o persoal    |
| Normas Básicas de Prevención de incendios | 0,5          | BIANUAL       | Todo o persoal    |

#### **8.4. PROGRAMA DE INFORMACIÓN XERAL PARA OS USUARIOS**

A información ó persoal alleo, contratas externas e usuarios, atópase e difunde en función da situación, xa sexa en condicións de normalidade ou no caso de emerxencia. Proponse un programa que, no seu caso, terá que ser posto en marcha e desenvolvido pola dirección do CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO.

##### **8.4.1. EN SITUACIÓN NORMAL**

**Responsable da Información:** Máxima autoridade do centro de traballo, e na súa ausencia, o seu substituto ou a persoa de maior cargo presente no momento.

**Tipoloxía da información:**

- ▶ Sinais de seguridade: indicadores da situación dos medios de intervención e alarma contra incendios, así como as de indicación das saídas de emerxencia e medios para a evacuación.
- ▶ Carteis e fichas con consignas sobre actuacións de prevención de riscos e comportamento a seguir, no caso de emerxencia de incendio.
- ▶ Planos de ubicación de medios de autoprotección.

##### **8.4.2. INFORMACIÓN NO CASO DE EMERXENCIA**

**Responsable da Información:** O Director do Plan de Actuacións (Xefe da Emerxencia).

**Tipo de información:** A comunicación da emerxencia pódese realizar de diferentes xeitos:

- ▶ Aviso en fervenza, de maneira que cada responsable chame a varios membros do seu equipo e estes o fagan a súa vez cos outros previamente definidos, ata chegar os chanzos inferiores nos que o aviso ou consigna de actuacións se realice de persoa a persoa.
- ▶ Aviso persoa a persoa (viva voz).
- ▶ A persoa que detecta o incidente (cunha función definida no Plan de Autoprotección ou sen función asignada), contacta co Grupo de Comunicacións e estes disporán dos medios necesarios para localizar ao Xefe da Emerxencia e os Equipos de Emerxencia.
- ▶ A comunicación realízase a través do teléfono (fixo e/ou móbil) e/ou por viva voz (para localizar o persoal). Recordando que en todo momento non se debe causar ou propiciar alarma o pánico os demais.

**As formas de actuación quedan reflectidas no cadro seguinte:**

| <b>PAUTAS DE ACTUACIÓN</b>     |  |
|--------------------------------|--|
| <b>Prevención de incendios</b> | <ol style="list-style-type: none"><li>Risco eléctrico:<ul style="list-style-type: none"><li>Non sobrecargar as liñas eléctricas.</li><li>Non manipular indebidamente as instalacións eléctricas.</li><li>Non realizar conexións ou adaptacións pouco axeitadas.</li><li>Evitar a utilización de enchufes múltiples.</li><li>Desconectar aparatos eléctricos despois do seu uso.</li></ul></li><li>Procesos laborais:<ul style="list-style-type: none"><li>Ter tino cos traballos que orixinen lapas, charamuscas, etc.: estudar previamente o momento e lugar en onde estes se vaian a realizar.</li><li>Precaución na manipulación de produtos inflamables: almacenalos nun recinto illado e separado das zonas de traballo, mantendo nestas soamente a cantidade precisa para a actividade. Non manipúlalos nin almacenalos próximos a unha fonte de calor.</li><li>Atención a posible existencia de gases na zona. Ante calquera incidente, pechar inmediatamente válvulas e no activar interruptores eléctricos. Utilizar sistemas de ventilación natural.</li><li>Realizar mantemento correcto das instalacións.</li></ul></li><li>Prohibición de fumar:<ul style="list-style-type: none"><li>Conforme a lexislación vixente, está prohibido fumar nos centros de traballo.</li></ul></li></ol> |
| <b>No caso de incendio</b>     | <ol style="list-style-type: none"><li>Avisar ao empregado mais próximo ou activar un interruptor de alarma. Existe un procedemento de actuacións e persoal con formación axeitada.</li><li>Ata a chegada dos Equipos de Emerxencia e se coñece o manexo dos extintores, utilízalos dirixindo o chorro a base das lapas. Ter a precaución de non usar auga en presenza de tensión eléctrica.</li><li>En todo caso colaborar no posible coa Organización Interna de Emerxencia.</li><li>Finalizada a situación de risco, colaborar no posible no restablecemento dos servizos.</li></ol>   |
| <b>No caso de evacuación</b>   | <ol style="list-style-type: none"><li>Seguir as instrucións do persoal pertencente a Organización Interna de Emerxencia:<ul style="list-style-type: none"><li>Saír sen demora polas vías de evacuación sinalizadas evitando utilizar os ascensores e dirixirse ao Punto de Reunión Exterior. É moi importante a presteza.</li><li>Non saír con obxectos pesados ou voluminosos.</li><li>Non sacar vehículos do interior do recinto.</li><li>Non retroceder a buscar "obxectos esquecidos".</li></ul></li><li>No Punto de Encontro esperar a finalización da situación de emerxencia e no volver ó edificio ata que llo indiquen.<br/><b>Se existe fume:</b> protexerse as vías respiratorias cun pano (húmido mellor) e camiñar endegado para evitar a inhalación de fume e alta temperatura. Se as saídas están bloqueadas, facerse ver dende unha zona accesible dende o exterior e refuxiarse pechando portas e tapando rendixas para evitar a entrada de fume. Se es necesario e posible facer acopio de auga e refrixerar estas portas.</li></ol>   |

#### **8.4.2.1. INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA O DIRECTOR:**

##### **No caso de accidente ou emerxencia:**

- Atender o ferido.
- Avisar unha ambulancia, cando sexa necesario.
- Informar do suceso os familiares do ferido.

##### **Se detecta un incendio**

- Recibir a información e valorar o risco.
- Ordenar que se emita a sinal de alarma.
- Recibir e informar as axudas externas.
- Informar do lugar, tempo transcorrido.
- Ordenar a evacuación.
- Colaborar na dirección do control da emerxencia.
- Recibir información dos profesores implicados na emerxencia.
- Redactar un informe das causas, do proceso e das consecuencias da emerxencia.

#### **8.4.2.2. INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA PROFESORES:**

Os profesores serán responsable da evacuación do grupo que se atope ó seu cargo no momento da emerxencia.

##### **No caso de accidente ou emerxencia:**

- Preste asistencia o ferido.
- Avalíe a lesión e informe a dirección.
- Prepare o traslado do ferido se fora necesario.
- Acompañe ó ferido ao centro sanitario.
- Redactar un informe das causas, proceso e consecuencias.

##### **Se detecta un incendio:**

- Intentar extinguir o incendio, cos medios dispoñibles e sen correr riscos innecesarios.
- Informar a Dirección e esperar as súas ordes.

##### **Se soa a alarma:**

Estableza as instrucións que deba adoptar o seu grupo:

- Non recoller os obxectos persoais.
- Manterse xuntos e non adiantar a outros.
- Evacuar axiña, pero sen correr, sen atropelar, nin empuxar os demais.
- Non deterse xunto as portas de saída.
- Gardar orde e silencio, axudar os que teñan dificultades ou sufran caídas.
- Respetar o mobiliario, equipamento escolar e utilizar as portas co xeito de xiro para o que están previstas.
- No caso de obstáculos que dificulten a saída, apartaranse de xeito que no provoquen caídas.
- No volver atrás baixo ningún pretexto.
- Observar que os alumnos sigan as instrucións establecidas.
- Comprobe que a porta e as fiestras do aula se quedan pechadas.
- Sigue as instrucións do responsable de planta.
- Realice o recuento dos alumnos ó seu cargo no punto de reunión e permaneza nel ata recibir instrucións.



#### **8.4.2.3. INFORMACIÓN ORIENTATIVA PARA ALUMNOS:**

**No caso de accidente ou emerxencia:**

- Comunícao ao profesor mais próximo.
- Volta axiña a túa clase.

**Se soa a alarma:**

- Actúa sempre de acordo coas indicacións do teu profesor e en ningún caso sigas iniciativas propias.
- Se o teu profesor che encomendou funcións concretas, cúmpreas e colabora co profesor en manter o orde do grupo.
- No recoller os obxectos persoais, así evítase demoras e obstáculos innecesarios.
- Se ao sonar a alarma atópate nos aseos ou noutro local anexo, na mesma planta da túa aula, incorpórate con toda presteza ao teu grupo.
- Se te atopas en planta distinta a da túa aula, incorpórate ao grupo mais próximo que se atope en movemento de saída.
- Realiza os movementos axiña, pero sen correr, sen atropelar, nin empuxar os demais.
- Non te deteñas xunto as portas de saída.
- Evacúa en silencio e con xeito do orde e axuda mutua, para evitar atropelos e lesións, axudando os que teñan dificultades ou sufran caídas.
- Respecta o mobiliario e equipamento escolar e utilízase portas co xeito de xiro para o que están previstas.
- Si na vía de evacuación existe algún obstáculo que dificulte a saída, apártao, se es posible, de xeito que non provoque caídas das persoas ou deterioro do obxecto.
- En ningún caso volvas atrás co pretexto de buscar a irmáns menores, amigos u obxectos persoais, etc.
- Permanecer no punto de reunión xunto ao responsable do grupo.
- Unha vez que se atopen no punto de reunión exterior, deberanse agrupar por clases e colocarse en fila, detrás do seu profesor, de modo que sexa mais doado o reconto de persoal
- En todo caso, os grupos permanecerán sempre xuntos sen disgregarse nin adiantar a outros, incluso cando se atopen nos lugares exteriores de concentración previamente establecidos, con obxecto de facer mais doado ao profesor o control dos alumnos.

### 8.5. SINALIZACIÓN E FORMAS DE ACTUACIÓN DE VISITANTES

Segundo o CTE-SI, procederase a sinalización das saídas de uso habitual ou de emerxencia, así como a dos medios de protección contra incendios de utilización manual cando non sexa doado localizalos dende algún punto da zona protexida, tendo en conta o disposto no Regulamento de sinalización dos centros de traballo, aprobado polo Real Decreto 485/1997, de 14 de abril, sobre disposicións mínimas en materia de sinalización de seguridade e saúde no traballo.

Nas instalacións contase con:

- Sinais co rótulo “SAÍDA” sobre as portas que comunican coa saída o exterior
- Sinais indicativas de dirección dos percorridos
- Atópase sinalizada a ubicación dos medios contraincendios e sistemas de alarma (extintores, bocas de incendio, interruptores...)
- Planos de “vostede está aquí”

A sinalización existente xa quedou establecida no capítulo 4 do presente documento. Non obstante axúntase unha mostra de dita sinalización:



## **8.6. PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS**

Segundo a Dirección Xeral de Protección Civil aos efectos de catalogación e de clasificación considéranse tres grandes grupos dentro do catálogo de medios e recursos:

- **Medios humanos:** Persoal humano que desempeña unha función dentro dunha situación de emerxencia. Existen os distintos tipos segundo a misión que teñan asignada no plan de emerxencia:
  - ✘ Xefe da Emerxencia
  - ✘ Equipo de Intervención
  - ✘ Equipo de Evacuación
  - ✘ Equipo de Apoio
- **Medios materiais:** todos os elementos materiais, de carácter esencialmente móbil, que se incorporan aos Equipos de Emerxencia e Grupos de Acción fronte a unha emerxencia. Estes medios permiten afrontar cunha maior eficacia as operacións consideradas nos Plans de Protección Civil previstos en cada caso.
- **Recursos:** Son recursos todos os elementos naturais e artificiais, de carácter esencialmente estático, cuxa dispoñibilidade fai posible mellorar as labores desenvolvidas polos Servizos de Protección Civil ante situacións de emerxencia.

### **8.6.1. PROGRAMA DE DOTACIÓN DE MEDIOS HUMANOS**

Con obxecto de verificar a adecuación da idoneidade dos medios existentes realizaranse as seguintes revisións:

| CONCEPTO  | FRECUENCIA /PERIODO                 |
|---|-------------------------------------|
| Organigrama no caso de emerxencia                                   | Cando varíe o organigrama do centro |
| Listado dos membros e números telefónicos dos equipos de emerxencia | Cando varíe o persoal               |

**8.6.2. PROGRAMA DE DOTACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS**

| Elementos que debe dispor o edificio  |
|---|
| Un exemplar do Plan de Autoprotección, a situar nun armario controlado do CCE.                      |
| Un xogo completo de chaves de acceso a todos os locais do centro, nun lugar controlado.             |
| Directorio de teléfonos de axudas exteriores e modelo de mensaxe, no despacho de dirección e no CCE |
| Libro de incidencias para rexistrar todas as incidencias que ocorran no despacho de dirección.      |
| Relación de medios materiais dispoñibles e a súa ubicación.   |

**8.6.3. PROGRAMA DE DOTACIÓN DE RECURSOS**

As prioridades de execución expostas non están suxeitas a ningún imperativo legal se non que se desenvolverán tomando de referencia criterios tales como:

- ✓ Vulnerabilidade do centro.
- ✓ Medios de protección que participan directamente na autoprotección e nas axudas a evacuación.
- ✓ Dificultade técnica da posta en marcha da instalación ou as súas melloras.
- ✓ Alcance económico da instalación.

Segundo dito criterio establécense as seguintes prioridades:

1. Medidas correctoras a realizar no prazo dun ano.
2. Medidas correctoras a realizar no prazo de tres anos.

Estas prioridades poden modificarse en función das necesidades e/ou situación económica do centro:

| INSTALACIÓN   | PRIORIDADE |
|---|------------|
| REVISIÓN EXTINTORES DE INCENDIO                               | 1          |
| REVISIÓN BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS                          | 1          |
| REVISIÓN SINALIZACIÓN DE EVACUACIÓN E MEDIOS CONTRA INCENDIOS | 1          |
| REVISIÓN ALUMEADO DE EMERXENCIA                               | 1          |
| REVISIÓN SAÍDAS DE EDIFICIO                                   | 1          |
| REVISIÓN SISTEMA MANUAL DE ALARMA DE INCENDIO                 | 2          |
| REVISIÓN SISTEMA AUTOMÁTICO DE DETECCIÓN                      | 2          |
| REVISIÓN PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN                            | 2          |

## 9. MANTEMENTO DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

### 9.1. PROGRAMA DE RECICLAXE DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN

A acción formativa de reciclaxe terá unha renovación constante. o procedemento será o seguinte:

- ✓ O persoal pertencente os equipos de emerxencia, debe actualizar os seus coñecementos e exercitar as súas prácticas, ao menos unha vez ao ano.
- ✓ O persoal de novo ingreso que se integre dentro dos equipos de emerxencia, e aqueles que no seu momento non houberan podido asistir a formación inicial, incluíranse e incorporaranse nos Cursos de formación.
- ✓ O persoal que cambie as súas funcións dentro do organigrama establecido para facer fronte a unha situación de emerxencia, incluíranse e incorporaranse nos Cursos de formación do grupo ao que pasan a formar parte.

O persoal dos diversos equipos de emerxencia debería asistir ós cursos que se celebren para intercambiar coñecementos, sobre outras materias distintas as requiridas para o equipo ao que pertencen.

Para a impartición dos cursos poderán establecerse varias posibilidades sobre quen ten que facerse cargo de organizar o reciclaxe da formación:

- ✓ Empresa externa especializada: neste caso a empresa contratada encargárase de todo o que lle atane, tanto impartir a formación como organizar e dirixir o simulacro de emerxencia.
- ✓ Internamente o centro de traballo: o Director do Plan de Actuacións pode asumir a formación dos traballadores do centro de traballo, sempre e cando posúa a información requirida.

Para a programación do reciclaxe da información a todo o persoal débense establecer dous niveis:

- ✓ Cada tres anos cando se realice a revisión obrigatoria do Plan de Autoprotección.
- ✓ Cando o centro sufra variacións substanciais nos elementos arquitectónicos, usos, dotación de medios (técnicos ou humanos) ou a aparición de elementos de risco (externos ou internos) distintos os considerados para a elaboración do mesmo.

## 9.2. PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN DE MEDIOS E RECURSOS

No referente a recursos humanos, CPI PLURILINGÜE ANTONIO ORZA COUTO deberá manter unha base de datos actualizada na que se relacione a substitución dos membros de cada equipo, empregando para elo o modelo incluído no presente manual, segundo se detalla no Anexo I.

No relativo os medios técnicos do presente Plan de Autoprotección, manterase ao día unha base de datos actualizada dos mesmos e someteráselles ao programa de revisión e substitución de medios atendendo as indicacións establecidas nos capítulos 5 e 8 do presente manual.

Co obxectivo de dispor dos medios axeitados para prevención e actuación ante Emerxencias, cada ano, na fase de elaboración do presuposto do próximo exercicio, programaranse aquelas inversións relacionadas directamente coas actuacións de emerxencia.

Finalmente, a adquisición de equipos de autoprotección para usar no caso de emerxencia, intentarase planificar cunha antelación mínima de 1 ano.

| Actividade   | Periodicidade                          | Obxectivo   |
|--|--|---|
| Mantemento da base de datos de recursos humanos en equipos de emerxencia | Continua. Verificación ANUAL           | Coñecer os medios realmente dispoñibles.  |
| Mantemento da base de datos de medios técnicos de autoprotección         | Continua. Verificación ANUAL           | Coñecer os medios realmente dispoñibles.  |
| Mantemento dos medios técnicos de autoprotección                         | Segundo programa mantemento capítulo 5 | Manter, substituír ou reparar aqueles medios danados ou cuxa vida útil rematara.  |
| Previsión de inversión   | ANUAL                                  | Priorizar e prever as inversións e gastos do ano seguinte para manter o bo desenvolvemento das actuacións no caso de emerxencia |

### **9.3. PROGRAMA DE EJERCICIOS E SIMULACROS**

#### **9.3.1. CARACTERÍSTICAS**

Os simulacros de emerxencia a realizar no edificio terán as seguintes características:

- ✓ Partir dunha situación de emerxencia predeterminada.
- ✓ Comprobar a funcionalidade do Plan de Autoprotección completo ou parte do mesmo.
- ✓ Comprobar o grao de formación e capacitación do persoal do edificio.
- ✓ Comprobar o grao de mantemento das instalacións.
- ✓ Comprobar tempos de resposta.
- ✓ Concienciar ós profesores e alumnos en temas relacionados con emerxencias e evacuacións.

A efectos de verificar que a implantación do Plan de Autoprotección quedou finalmente garantida elaborárase un informe onde se incluírán as deficiencias detectadas e a proposta de melloras.

Levarase a cabo unha vez ao ano, como mínimo, planificándose axeitadamente (momento idóneo para realizarse).

#### **9.3.2. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS SIMULACROS**

Deberase establecer a periodicidade dos exercicios, co obxecto de que se obteñan vivencias e experiencias en toda clase de horario, presenza de persoal e circunstancias especiais que poidan rodear unha emerxencia.

En función dos resultados obtidos, aumentar ou diminuír o grao de información que se aporta ó persoal afectado, ata chegar a un punto no cal sexa posible realizar os simulacros sen previo aviso, de xeito que as actuacións a levar a cabo para o control da emerxencia se desenvolvan case de maneira automática. (Por exemplo, o primeiro ano informarase do día e a hora do exercicio, o segundo ano só se informa do mes, o terceiro ano o semestre e finalmente o cuarto ano e sucesivos débese asimilar que haberá un simulacro no transcurso do ano).

Os simulacros partirán dunha suposta situación de emerxencia predeterminada e se desenvolverán de tal xeito que permitan:

- ✓ Comprobar a mecánica interna e funcional do plan ou dunha parte concreta do mesmo.
- ✓ Comprobar o grao de capacitación e formación do persoal.

- ✓ Comprobar o grao de mantemento das instalacións técnica e a súa resposta.
- ✓ Comprobar os tempos de resposta dos equipos de emerxencia e medios de protección.

Os simulacros levaranse a cabo con ocasión de adestramentos do persoal baixo supostos de varios tipos, entre os que pódense destacar:

- ✓ Emerxencia nun área concreta.
- ✓ Evacuación de áreas definidas.
- ✓ Confinamento.

É recomendable que o simulacro sexa sometido e aprobado polas autoridades de Protección Civil (112), das cales solicitarase a súa colaboración e incluso a súa presenza seo estimasen oportuno, ao igual que a doutras axudas exteriores de apoio (ambulancias, Policía, Bombeiros, etc.).

Para a organización e desenvolvemento do simulacro, nomearase un director e un número de supervisores do simulacro axeitado ás dimensións do establecemento e do propio simulacro. o nomeamento da dirección do simulacro recaerá no Director do Plan de Actuacións. A misión do director do simulacro será a de formular o exercicio, vixiar a súa execución, dirixir o seu desenvolvemento, presidir o xuízo crítico, e resumir as conclusións que se desprendan do mesmo. Para o desempeño destas funcións contará con supervisores, os cales terán como misión principal a de seguir o desenvolvemento do simulacro, tomando nota de cantas deficiencias ou acertos se observaran, subliñándose no xuízo crítico posterior e interpelando os executantes acerca dos motivos das súas sucesivas decisións.

A organización e desenvolvemento dun simulacro, comprenderá as fases seguintes.

- a) Preparación.
- b) Execución.
- c) Valoración.



**a) FASE DE PREPARACIÓN**

Determinarase o día e a hora, designaranse os supervisores e o persoal que debe intervir no exercicio, previndo que en dito día e hora se de un nivel de ocupación elevado. O equipo de supervisión pode estar conformado por persoas alleas ao edificio ou persoal pertencente ao mesmo, sempre e cando non teñan función asignada no Plan de Actuacións en Emerxencias.

Levarase acabo unha reunión previa das persoas anteriores, nun lugar previamente elixido, para darlles a coñecer a natureza do exercicio, as condicións de comezo do mesmo, o seu lugar de observación do desenvolvemento do exercicio e as consignas e instrucións a ter en conta no desenvolvemento do simulacro.

O director do simulacro, en colaboración co equipo de supervisión terá elaborado o programa do simulacro. Adoptarase a decisión mais axeitada en función da situación que se plantexe, con obxecto de aproximar o mais posible a realidade e prever a cooperación das axudas exteriores de apoio que foran chamadas.

O proceso do simulacro será o seguinte:

- Procédese a unha reunión previa: Director do Plan de Autoprotección ou Director do Plan de Actuacións en Emerxencias e Director do simulacro (caso de ser distintos). Segundo o alcance do simulacro planificado, se conta coa colaboración dos Servizos Exteriores deberán acudir a dita reunión Centro Coordinador 112, Bombeiros, sanitarios, Policía, etc., con obxecto de preparar o simulacro.
- Detectase (simulada) unha emerxencia na instalación.
- O Xefe da Emerxencia é avisado e desprázase ao Posto de Dirección da Emerxencia.
- Chámase por teléfono ao 112, mediante o formulario fixado no capítulo 7 e cos datos que tamén se detallan, sinalando ao 112 a persoa que recibirá os bombeiros e os guiará ata a zona onde aconteceu a emerxencia.
- Dende o 112 avísase a bombeiros, sanitarios, policía..etc.
- A Policía Local procede a axilizar os accesos as instalacións afectadas aos equipos de bombeiros e a proporcionar seguridade na zona de reunión de evacuados.
- A Garda Civil proporciona seguridade ao conxunto.
- Un equipo trasládase a zona de reunión con obxecto de coordinar a evacuación.

- Na reunión previa establécese un sistema de supervisión de simulacro para medir tempos e anotar posibles incidencias, de tal xeito que dito sistema distribúa ós supervisores do seguinte xeito:
  - Unha persoa situaríase no CCE (Posto de Dirección da Emerxencia), para observar a actuacións e o enlace entre o xefe do equipo de bombeiros e a persoa que os guiará ata a zona da emerxencia.
  - Unha ou dúas persoas situaranse con membros do EE e posteriormente na zona de reunión de evacuados, rematando cando se estableza o contacto co responsable destacado polos servizos sanitarios.
  - Unha comprobará a velocidade de resposta, así como coñecementos e comunicacións entre os equipos, rematando cando chega a dotación do equipo de bombeiros que se fará cargo da situación.
  - Unha persoa nos arredores do establecemento, con obxecto de comprobar a chegada dos efectivos policiais, ver como se fixo o acceso dos medios de emerxencia, comprobar a seguridade prestada, etc.

Este sistema de supervisión terá ao fronte a unha persoa, dispoñendo todos os integrantes do mesmo dun enlace mediante telefonía móbil ou similar. Cando reciba a comunicación de que todos os equipos intervinetes cumpriron os seus cometidos, dará por rematado o simulacro.

- Tralo simulacro, celebrarase unha reunión de todos os responsables dos equipos intervinetes, con obxecto de expor cada un os problemas acontecidos, os cales serán recollidos polo persoal de supervisión, servindo de pautas de referencia para o seguinte simulacro. Os simulacros poden dar lugar a modificacións en procedementos do Plan de Autoprotección.

#### b) FASE DE EXECUCIÓN

Aplicación práctica de todas as ensinanzas recibidas e comprende das partes seguintes:

- A alerta do persoal.
- A reunión e despregue do mesmo.
- A intervención coordinada.
- A resolución oportuna e correcta das incidencias que o director do exercicio e os supervisores plantexen.
- A conclusión do simulacro e a volta a normalidade.

c) FASE DE VALORACIÓN

Celebrarase unha reunión inmediatamente despois de rematado o exercicio, con asistencia do director, supervisores e membros dos equipos de emerxencia. No curso da reunión analizaranse detidamente todos os detalles e en especial os aspectos seguintes:

- Tempo empregado no simulacro. Tempo de resposta dos distintos equipos de emerxencia.
- Factores negativos que foran dilatando o simulacro respecto a duración estimada.
- Recoñecementos practicados nos locais para asegurarse da ausencia total de persoas.
- Comportamento do persoal ocupante en xeral e do persoal do centro, en particular os membros dos equipos de emerxencia.

Emitirase o informe correspondente co fin de realizar os cambios pertinentes para a mellora do Plan de Autoprotección. O informe farano as persoas que formaran parte do Sistema de Supervisión dado que son tomaron os datos e tempos do exercicio e son os que teñen unha visión global do mesmo que les permite un xuízo o mais semellante a realidade.

## **9.4. PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DE TODA A DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

### **9.4.1. REVISIÓNS PROGRAMADAS**

O Plan de Autoprotección terá vixencia indefinida; manterase axeitadamente actualizado, e revisarase, ao menos, cunha periodicidade non superior a 3 anos.

O presente Plan de Autoprotección manterá a súa vixencia sempre e cando o centro non sufra variacións substanciais nos elementos arquitectónicos, usos, dotación de medios (técnicos ou humanos) ou a aparición de elementos de riscos (externos ou internos) distintos ós considerados para a elaboración do mesmo. Polo tanto, ao obxecto de manter actualizado o Plan de Autoprotección, deberán realizarse as seguintes operacións sobre o mesmo:

- Revisión de factores de risco e reevaluación
- Actualización do inventario de medios
- Actualización de planos
- Revisión de procedementos de emerxencia
- Reciclaxe dos distintos Equipos e difusión de consignas
- Realización de simulacros

Para a actualización do Plan de Autoprotección poderanse establecer tres posibilidades segundo o grao complexidade de actualización que requira o Plan de Autoprotección:

- Se non existen cambios ou os que hai son pouco relevantes será o propio centro de traballo o que asuma a actualización, previa consulta ao servizo de prevención.
- Se a actualización do plan de autoprotección afecta a un capítulo por completo, ou ben son de pouca entidade pero nun número considerable, podería asumirse por parte do centro de traballo en colaboración cun consultor externo dita actualización.
- O centro de traballo, ben sexa estruturalmente ou ben organizativamente, se sufrira un profundo cambio, recoméndase que un consultor externo coordine a actualización do Plan.

#### **9.4.2. REVISIÓNS NO PROGRAMADAS**

Xorden sen atender a unha programación fixa, e sempre estará motivada por aspectos tales como:

- Modificación da lexislación vixente ou regulamentación de orde interno.
- Modificacións considerables, ben sexa por incorporación de novo persoal no mesmo, como por obras e/ou reformas que afecten a vías de evacuación, medios de protección, etc.
- Deficiencias observadas no Plan a partir da realización de simulacros ou ben con motivo de emerxencias reais.
- Aparición de novos riscos.
- Outras circunstancias que aconsellen dita revisión.

Dado que estas revisións atópanse fora das Revisións programadas, estarán motivadas por algunha das causas antes descritas, polo que enténdese que o centro de traballo requirirá de axuda e asesoramento para a actualización do plan de autoprotección por parte dunha empresa especializada.

#### **9.4.3. ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

Enténdese por actualización o conxunto de actuacións destinadas a garantir o seu bo funcionamento, tanto no que se refire ós procedementos de actuacións como á posta ao día da formación dos integrantes e a eficacia dos medios de protección, en suma, trátase de manter a vixencia e asegurar en todo momento a operatividade do Plan de Autoprotección

Os puntos a contemplar son:

- Mantemento do inventario e descrición das medidas e medios de autoprotección, actualizando os datos do capítulo 4 de medios e recursos que acompañan ao plan.
- Mantemento do inventario, análise e avaliación de riscos, actualizando os datos do capítulo 3 no que respecta a:
  - As instalacións e procesos de produción propios que poidan incidir de maneira desfavorable no desenvolvemento da emerxencia.
  - Riscos propios da actividade e dos riscos externos que puideran afectarlle.
  - Tipoloxía das persoas, tanto do centro como alleas ao mesmo, que poidan verse afectadas.

- Reciclaxe da formación, atendendo as necesidades formativas que vaian xurdindo os equipos de emerxencia, tanto pola incorporación de novo persoal como polas posibles modificacións que houbera no propio plan.
- Realización periódica de exercicios e simulacros segundo as directrices previamente establecidas e cuxas conclusións deberán incorporarse na seguinte revisión do Plan.

O rexistro das actualizacións do Plan realízase conforme ao seguinte cadro:

| <b>CONTROL DE REVISIÓN</b> |             |                 |                         |                           |
|----------------------------|-------------|-----------------|-------------------------|---------------------------|
| <b>Revisión</b>            | <b>Data</b> | <b>Motivo</b>   | <b>Follas revisadas</b> | <b>VºBº Director Plan</b> |
| 0                          | Xuño 2014   | EDICIÓN INICIAL |                         |                           |
| 1                          | Marzo 2019  | REVISIÓN        | TODAS                   |                           |
| 2                          | Abril 2024  | REVISIÓN        | TODAS                   |                           |
|                            |             |                 |                         |                           |
|                            |             |                 |                         |                           |
|                            |             |                 |                         |                           |
|                            |             |                 |                         |                           |
|                            |             |                 |                         |                           |
|                            |             |                 |                         |                           |

### **9.5. PROGRAMA DE AUDITORÍAS E INSPECCIÓN**

O obxectivo de establecer un programa de auditorías e inspeccións é ditar as pautas de cómo levar a cabo a avaliación da eficacia das medidas, procedementos e equipos de protección, co fin de identificar e emendar calquera fallo ou funcionamento defectuoso dos mesmos.

